**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 13 de decembro de 2022. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade**, **D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo e D.ª Susana Soneira Lema**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA TRECE DE DICIEMBRE DE DOS MIL VEINTIDÓS***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 13 de diciembre de 2022. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles* ***D. José Manuel Lage Tuñas, D.ª Eudoxia María Neira Fernández, D. Francisco Dinís Díaz Gallego, D.ª Eva Martínez Acón, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.ª María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.ª Diana María Sobral Cabanas, D. Miguel Lorenzo Torres, D.ª Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.ª Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D. Roberto García Fernández, D.ª María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D.ª María García Gómez, D.ª Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.ª Avia Veira González, D.ª Mónica Martínez Lema, D.ª Isabel Faraldo Calvo y D.ª Susana Soneira Lema*** *se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

*Da fe del acto el infrascrito* ***secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez****, hallándose además presente el* ***interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se*

pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi bo día a todos e a todas. Benvidos e benvidas a esta sesión ordinaria do Pleno municipal. Saudamos a todos os membros da Corporación, señor Secretario, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas acreditados e hoxe quero enviar un saúdo especial porque na tribuna de convidados están os alumnos e as alumnas do ciclo de Xestión e Administración da Grande Obra de Atocha, que veñen facer unha clase práctica e ver como se desenvolve o pleno, así que, no meu nome como presidenta da Corporación e dos meus compañeiros e compañeiras vos damos a benvida así que espero que iso supoña un plus de presión sobre os concelleiros e concelleiras para dar hoxe un exemplo de como nos axustamos aos tempos, xa lles expliquei que hai unhas pantallas cos tempos e estou segura de que o imos facer todos fenomenal porque temos un público entregado e esixente, así que, que teñades boa sesión plenaria.

*Muy buenos días a todos y a todas. Bienvenidos y bienvenidas a esta sesión ordinaria del Pleno municipal. Saludamos a todos los miembros de la Corporación, señor Secretario, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas acreditados y hoy quiero enviar un saludo especial porque en la tribuna de invitados están los alumnos y las alumnas del ciclo de Gestión y Administración de la Grande Obra de Atocha, que vienen a hacer una clase práctica y ver cómo se desarrolla el pleno, así que, en mi nombre como presidenta de la Corporación y de mis compañeros y compañeras os damos la bienvenida así que espero que eso suponga un plus de presión sobre los concejales y concejalas para dar hoy un ejemplo de cómo nos ajustamos a los tiempos, ya les expliqué que hay unas pantallas con los tiempos y estoy segura de que lo vamos a hacer todos fenomenal porque tenemos un público entregado y exigente, así que, que tengáis buena sesión plenaria.*

Comezamos coa parte resolutiva.

*Comenzamos con la parte resolutiva.*

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

***COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA***

**184.- Comunicado da Alcaldía sobre a violencia machista.**

***184.- Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia machista.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Como saben, no Pleno do pasado 14 de

*Como saben, en el Pleno del pasado 14 de*

setembro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero e, dentro dela e dos compromisos adquiridos, se instaba ao Goberno local a iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

*septiembre de 2015 se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género y, dentro de ella y de los compromisos adquiridos, se instaba al Gobierno local a iniciar cada Pleno ordinario esperando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.*

Hai que sinalar que o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascende a 40 no ano 2022 e a 1.173 desde o 1 de xaneiro de 2003, o número de menores asasinados e asasinadas ascende a 2 no ano 2022 e a 48 desde o 1 de xaneiro do ano 2013, quedando 363 menores orfos e orfas desde 2013 e 26 no ano 2022.

*Hay que señalar que el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España asciende a 40 en el año 2022 y a 1.173 desde el 1 de enero de 2003, el número de menores asesinados y asesinadas asciende a 2 en el año 2022 y a 48 desde el 1 de enero del año 2013, quedando 363 menores huérfanos y huérfanas desde 2013 y 26 en el año 2022.*

Desde o Pleno pasado de 10 de novembro ata o día de hoxe confirmáronse 2 mulleres asasinadas por violencia de xénero. O 4 de decembro de 2022, unha muller de identidade descoñecida de 56 anos en Murcia, e o mesmo día, o 4 de decembro, unha muller de 67 anos de identidade descoñecida en Madrid. Polo tanto. Solicito a todos os presentes que nos poñamos en pé para gardar 2 minutos de silencio.

*Desde el Pleno pasado de 10 de noviembre hasta el día de hoy se confirmaron 2 mujeres asesinadas por violencia de género. El 4 de diciembre de 2022, una mujer de identidad desconocida de 56 años en Murcia, y el mismo día, el 4 de diciembre, una mujer de 67 años de identidad desconocida en Madrid. Por lo tanto. Solicito a todos los presentes que nos pongamos en pie para guardar 2 minutos de silencio.*

**(Gárdanse dous minutos de silencio).**

***(Se guardan dos minutos de silencio).***

**185.- Aprobación de actas.**

***185.- Aprobación de actas.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi ben, moitas grazas.

*Muy bien, muchas gracias.*

No asunto número 1 tamén está a aprobación dos borradores das actas da sesión plenaria correspondente á sesión ordinaria do 13 de outubro de 2022, á que non constan alegacións e, polo tanto, entendemos aprobada.

*En el asunto número 1 también está la aprobación de los borradores de las actas de la sesión plenaria correspondiente a la sesión ordinaria de 13 de octubre de 2022, a la que no constan alegaciones y, por lo tanto, entendemos aprobada.*

**ASUNTO 2**

***ASUNTO 2***

**ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

***ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR***

**Innovación e desenvolvemento tecnolóxico**

***Innovación y desarrollo tecnológico***

**186. Tomar coñecemento do "Informe anual de Suxestións e Reclamacións 2021".**

***186. Tomar conocimiento del "Informe anual de Sugerencias y Reclamaciones 2021".***

**Presidencia**

Pasamos xa ao asunto número dous, señor Secretario.

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número dos, señor Secretario.*

**Señor Secretario**

Toma de coñecemento do Informe anual de Suxestións e Reclamacións 2021.

***Señor Secretario***

*Toma de conocimiento del Informe anual de Sugerencias y Reclamaciones 2021.*

**Presidencia**

Ben, neste punto terá a palabra en primeiro lugar para expoñer o asunto o voceiro do Goberno municipal, o señor Lage Tuñas, e a continuación haberá unha única quenda por grupo ou concelleira de 3 minutos.

Señor Lage, ten a palabra.

***Presidencia***

*Bien, en este punto tendrá la palabra en primer lugar para exponer el asunto el portavoz del Gobierno Municipal, el señor Lage Tuñas, y a continuación habrá un único turno por grupo o concejala de 3 minutos.*

*Señor Lage, tiene la palabra.*

**Señor Lage Tuñas**

Bo día a todas e a todos. Grazas, señora alcaldesa.

Neste primeiro punto cómpre dar conta do Informe anual de Suxestións e Reclamacións correspondente ao ano 2021. Cumprimos hoxe, como cada ano, o trámite preciso de dar conta neste pleno do Informe anual de Suxestións e Reclamacións, SeR, informe que, como saben, recolle os principais indicadores de atención cidadá durante o anterior exercicio, computando tanto as comunicacións totais recibidas como aquelas que cumpren os requisitos

***Señor Lage Tuñas***

*Buenos días a todas y a todos. Gracias, señora alcaldesa.*

*En este primer punto hace falta dar cuenta del Informe anual de Sugerencias y Reclamaciones correspondiente al año 2021. Cumplimos hoy, como cada año, el trámite preciso de dar cuenta en este pleno del Informe anual de Sugerencias y Reclamaciones, SyR, informe que, como saben, recoge los principales indicadores de atención ciudadana durante el anterior ejercicio, computando tanto las comunicaciones totales recibidas como aquellas que cumplen los requisitos*

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



precisos para ser consideradas suxestións ou reclamacións. Un total de comunicacións recibidas no 2021 que foi de máis de 17.000, concretamente 17.747, unha cifra que, como poden ver no histórico estatístico, apenas rexistra variacións nos últimos 5 anos.

Existe unha parte notable das comunicacións recibidas que non cumpren os requisitos para ser denominadas suxestións ou reclamacións por moi variados motivos, entre eles o de non figurar as solicitudes dentro do ámbito competencial dos concellos, é dicir, son reclamacións ou suxestións que fan os cidadáns pero sobre os cales o Concello non ten competencias para poder actuar, operar sobre as mesmas. Por poñer un exemplo, cando un cidadán se queixa de que leva tendo en varias ocasións 13 días para que o atendan en Atención Primaria, é dicir, non médico ou médica de familia no seu centro de saúde, o Concello recibe a reclamación, porque é unha reclamación cidadá, pero de quen é responsabilidade, loxicamente, é de quen ten as competencias en materia de sanidade que, neste caso, é a Xunta de Galicia. É dicir, as listas de espera para que che atenda o médico, o Concello toma nota delas pero non ten competencias para resolvelo porque é doutra administración. Creo que cun exemplo deste tipo enténdese bastante ben. No caso no que si temos competencia, diríamos que, se temos en conta só aquelas reclamacións ou suxestións que cumpren regulamentariamente, é dicir, que coinciden con competencias municipais, podemos ver unha redución das consideradas propias. Suxestións ou reclamacións que, en 2021, serían de 11.830, é dicir, comunicacións que fan os cidadáns sobre asuntos ou materias de competencia municipal. Hoxe, por poñer un exemplo, temos case 2.500 suxestións

*precisos para ser consideradas sugerencias o reclamaciones. Un total de comunicaciones recibidas en el 2021 que fue de más de 17.000, concretamente 17.747, una cifra que, como pueden ver en el histórico estadístico, apenas registra variaciones en los últimos 5 años.*

*Existe una parte notable de las comunicaciones recibidas que no cumplen los requisitos para ser denominadas sugerencias o reclamaciones por muy variados motivos, entre ellos el de no figurar las solicitudes dentro del ámbito competencial de los ayuntamientos, es decir, son reclamaciones o sugerencias que hacen los ciudadanos pero sobre los cuales el Ayuntamiento no tiene competencias para poder actuar, operar sobre las mismas. Por poner un ejemplo, cuando un ciudadano se queja de que lleva teniendo en varias ocasiones 13 días para que lo atiendan en Atención Primaria, es decir, en el médico o médica de familia en su centro de salud, el Ayuntamiento recibe la reclamación, porque es una reclamación ciudadana, pero de quien es responsabilidad, lógicamente, es de quien tiene las competencias en materia de sanidad que, en este caso, es la Xunta de Galicia. Es decir, las listas de espera para que te atienda el médico, el Ayuntamiento toma nota de ellas pero no tiene competencias para resolverlo porque es de otra administración. Creo que con un ejemplo de este tipo se entiende bastante bien. En el caso en el que sí tenemos competencia, diríamos que, si tenemos en cuenta solo aquellas reclamaciones o sugerencias que cumplen reglamentariamente, es decir, que coinciden con competencias municipales, podemos ver una reducción de las consideradas propias. Sugerencias o reclamaciones que, en 2021, serían de 11.830, es decir, comunicaciones que hacen los ciudadanos sobre asuntos o materias de competencia municipal. Hoy,*

e reclamacións menos que hai 5 anos. É, sen dúbida, un bo sinal, non para caer na autocomplacencia, non para pensar que está todo resolto, pero si para ver que hai unha boa evolución en torno ao nivel de reclamacións ou de suxestións.

*por poner un ejemplo, tenemos casi 2.500 sugerencias y reclamaciones menos que hace 5 años. Es, sin duda, una buena señal, no para caer en la autocomplacencia, no para pensar que está todo resuelto, pero sí para ver que hay una buena evolución en torno al nivel de reclamaciones o de sugerencias.*

Mais é certo que queda moita marxe de mellora na atención cidadá e sobre todo hai unha necesidade de maior axilidade na solución dos problemas que detectan os veciños e veciñas. Hai que ser capaces de ter capacidade autocrítica e de ter espírito de superación. Este goberno o ten e eu creo que, como conxunto da Corporación, deberíamos telo todos e todas máis alá das diferencias partidarias, da cor política de cadaquén. Creo que é importante recoñecer este problema, non é un problema novo, que se arrastra, ademais, dende hai moitos anos no Concello e hai que ver de atoparlle solución. Un problema que, sen dúbida, detectamos neste mandato, non só detectamos senón que traballamos para cambiar o sistema de suxestións e de reclamacións, porque o maior problema que pode atoparse hoxe un cidadán é non recibir resposta sobre unha reclamación que poida estar facendo. A solución pasa polo desenvolvemento dunha ferramenta de participación.

*Pero es cierto que queda mucho margen de mejora en la atención ciudadana y sobre todo hay una necesidad de mayor agilidad en la solución de los problemas que detectan los vecinos y vecinas. Hay que ser capaces de tener capacidad autocrítica y de tener espíritu de superación. Este gobierno lo tiene y yo creo que, como conjunto de la Corporación, deberíamos tenerlo todos y todas más allá de las diferencias partidarias, del color político de cada quien. Creo que es importante reconocer este problema, no es un problema nuevo, que se arrastra, además, desde hace muchos años en el Ayuntamiento y hay que ver de encontrarle solución. Un problema que, sin duda, detectamos en este mandato, no solo detectamos sino que trabajamos para cambiar el sistema de sugerencias y de reclamaciones, porque el mayor problema que puede encontrarse hoy un ciudadano es no recibir respuesta sobre una reclamación que pueda estar haciendo. La solución pasa por el desarrollo de una herramienta de participación.*

Cando falamos do SyR, que é a ferramenta que está a disposición hoxe dos cidadáns, estamos a falar dunha ferramenta que xa quedou obsoleta, por iso hoxe compráceme anunciarlles unha nova ferramenta que vai a revolucionar e a cambiar, sen dúbida ningunha, a comunicación entre os cidadáns e o Concello. Chamarase IRIS porque é unha ferramenta que xa existe e que vai aumentar a interlocución coa cidadanía e que vai permitir dirixir directamente as

*Cuando hablamos del SyR, que es la herramienta que está a disposición hoy de los ciudadanos, estamos hablando de una herramienta que ya quedó obsoleta, por eso hoy me complace anunciarles una nueva herramienta que va a revolucionar y a cambiar, sin duda alguna, la comunicación entre los ciudadanos y el Ayuntamiento. Se llamará IRIS porque es una herramienta que ya existe y que va a aumentar la interlocución con la ciudadanía y que va a permitir dirigir*

suxestións e as reclamacións recibidas aos servizos, as áreas, aos departamentos con capacidade para darlles solución, incluso, directamente, ás propias concesionarias municipais, evitando trámites previos como acontecía ata o de agora, é dicir, simplificando toda a burocracia que existe a día de hoxe. A vía máis utilizada para tal fin sabemos todos que era o 010, incluso se chegaba a un nivel de saturación nalgún momento. Un servizo, sen dúbida, exemplar, ben valorado polos coruñeses e polas coruñesas pero que acumulaba moitas máis competencias e trámites dos que lle correspondían e lle corresponden. É máis, tiña que distribuír as solicitudes entre os diferentes departamentos.

Grazas ao convenio asinado co Concello de Barcelona, poderemos facer uso da aplicación IRIS, por iso dicía que a aplicación xa existía, e vimos a poder facer uso da aplicación IRIS de maneira gratuíta porque estamos a falar de software libre e, polo tanto, o que estamos é traballando para adaptar esta ferramenta ao funcionamento da organización interna do Concello da Coruña. Polo tanto, onde tiñamos un servizo obsoleto que, desde logo, ten moitas carencias e o temos visto ao longo dos últimos anos creo que todos os gobernos municipais, non creo que aquí haxa ninguén que non recoñeza que a ferramenta é e era moi mellorable, agora damos un paso máis, fixemos un diagnóstico, constatamos as dificultades e non damos unha nova resposta para que haxa menos reclamacións, somos conscientes que diante dunha nova ferramenta que permita unha comunicación directa, seguramente incluso se poida incrementar ese nivel de comunicacións, que ao final é o que recolle este informe anual. Pero do que se trata non é de que haxa menos comunicacións, do que se trata é de que haxa unha mellor relación

*directamente las sugerencias y las reclamaciones recibidas a los servicios, las áreas, a los departamentos con capacidad para darles solución, incluso, directamente, a las propias concesionarias municipales, evitando trámites previos como sucedía hasta ahora, es decir, simplificando toda la burocracia que existe a día de hoy. La vía más utilizada para tal fin sabemos todos que era el 010, incluso se llegaba a un nivel de saturación en algún momento. Un servicio, sin duda, ejemplar, bien valorado por los coruñeses y por las coruñesas pero que acumulaba muchas más competencias y trámites de los que le correspondían y le corresponden. Es más, tenía que distribuir las solicitudes entre los diferentes departamentos.*

*Gracias al convenio firmado con el Ayuntamiento de Barcelona, podremos hacer uso de la aplicación IRIS, por eso decía que la aplicación ya existía, y vamos a poder hacer uso de la aplicación IRIS de manera gratuita porque estamos hablando de software libre y, por lo tanto, lo que estamos es trabajando para adaptar esta herramienta al funcionamiento de la organización interna del Ayuntamiento de A Coruña. Por lo tanto, donde teníamos un servicio obsoleto que, desde luego, tiene muchas carencias y lo hemos visto a lo largo de los últimos años creo que todos los gobiernos municipales, no creo que aquí haya nadie que no reconozca que la herramienta es y era muy mejorable, ahora damos un paso más, hicimos un diagnóstico, constatamos las dificultades y no damos una nueva respuesta para que haya menos reclamaciones, somos conscientes de que ante de una nueva herramienta que permita una comunicación directa, seguramente incluso se pueda incrementar ese nivel de comunicaciones, que al final es lo que recoge este informe anual. Pero de lo que se trata no es de que haya menos comunicaciones, de lo que se trata es de*

na prestación dos servizos e tamén unha maior calidade na relación entre o cidadán e a administración. Isto vai permitir unha notable mellora e, sen dúbida, unha maior axilidade na xestión interna das suxestións e reclamacións. Deberá crearse un novo sistema interno onde terá que haber responsables nas diferentes áreas e servizos deste sistema, desta plataforma IRIS e, polo tanto, tamén aquelas persoas que se responsabilicen da mesma teñen que facer posible a comunicación cos cidadáns.

Esta plataforma vaise instrumentar desde unha aplicación móbil, o que vai facilitar que os cidadáns poidan enviar as súas reclamacións mesmo con imaxes a través dos seus teléfonos, nin máis nin menos, intentando facilitar a información coa maior precisión posible. IRIS será a nova ferramenta que teña o Concello da Coruña para facilitar unha mellor comunicación entre os cidadáns e a administración local e espero que sexa posible alá por San José, que saben todos que é o 19 de marzo, é dicir, no primeiro trimestre do ano o Concello da Coruña terá un novo sistema de resposta ás suxestións e ás reclamacións. Creo que é un avance importante, é unha aplicación que está xa na súa última fase de desenvolvemento. Quero, ademais, agradecer a todo o Servizo de Innovación Tecnolóxica o traballo que está a facer, sempre de forma eficiente e, como dicía antes, no primeiro trimestre do ano, alá para San José, espero que poidamos xa poñer a disposición de tódolos cidadáns esta nova ferramenta. Calquera veciño ou veciña poderá poñerse en contacto con este concello mediante formularios claros e sinxelos para poder presentar calquera reclamación, suxestión, advertencia e mesmo agradecementos, aínda que, sinceramente, o fundamental sempre é

*que haya una mejor relación en la prestación de los servicios y también una mayor calidad en la relación entre el ciudadano y la administración. Esto va a permitir una notable mejora y, sin duda, una mayor agilidad en la gestión interna de las sugerencias y reclamaciones. Deberá crearse un nuevo sistema interno donde tendrá que haber responsables en las diferentes áreas y servicios de este sistema, de esta plataforma IRIS y, por lo tanto, también aquellas personas que se responsabilicen de la misma tienen que hacer posible la comunicación con los ciudadanos.*

*Esta plataforma se va instrumentar desde una aplicación móvil, lo que va a facilitar que los ciudadanos puedan enviar sus reclamaciones incluso con imágenes a través de sus teléfonos, nada más y nada menos, intentando facilitar la información con la mayor precisión posible. IRIS será la nueva herramienta que tenga el Ayuntamiento de A Coruña para facilitar una mejor comunicación entre los ciudadanos y la administración local y espero que sea posible allá por San José, que saben todos que es el 19 de marzo, es decir, en el primer trimestre del año el Ayuntamiento de A Coruña tendrá un nuevo sistema de respuesta a las sugerencias y a las reclamaciones. Creo que es un avance importante, es una aplicación que está ya en su última fase de desarrollo. Quiero, además, agradecer a todo el Servicio de Innovación Tecnológica el trabajo que está haciendo, siempre de forma eficiente y, como decía antes, en el primer trimestre del año, allá para San José, espero que podamos ya poner a disposición de todos los ciudadanos esta nueva herramienta. Cualquier vecino o vecina podrá ponerse en contacto con este ayuntamiento mediante formularios claros y sencillos para poder presentar cualquier reclamación, sugerencia, advertencia e incluso agradecimientos, aunque,*

recoller as críticas, as propostas e as suxestións, porque aquí non estamos para os agradecementos senón para servir aos cidadáns. Tamén os hai, por certo, nas comunicacións, tamén hai agradecementos, tamén hai que dicilo, aínda que non elaboremos un informe sobre os agradecementos, elaboramos un informe sobre as críticas porque iso é o que debemos de facer.

*sinceramente, lo fundamental siempre es recoger las críticas, las propuestas y las sugerencias, porque aquí no estamos para los agradecimientos sino para servir a los ciudadanos. También los hay, por cierto, en las comunicaciones, también hay agradecimientos, también hay que decirlo, aunque no elaboremos un informe sobre los agradecimientos, elaboramos un informe sobre las críticas porque eso es lo que debemos de hacer.*

O novo sistema, ademais, vai permitir a cada usuario coñecer o estado de tramitación das súas reclamacións, o cal me parece do máis relevante do novo sistema, que un usuario coñeza o estado de tramitación das súas reclamacións asignándolle un código a cada unha delas para facilitar o seu seguimento. Non é un avance menor senón que será unha gran mellora. Seguramente, nos vindeiros anos, o número total de suxestións e reclamacións aumente grazas a esta nova ferramenta. Do que se trata non é de reducir, sen máis, as comunicacións, senón de dotar aos veciños e veciñas dun novo medio de comunicación co Concello que contribúa a solucionar os seus problemas, e iso é precisamente o que estamos a facer coa nova aplicación que, insisto, entrará en funcionamento no primeiro trimestre do 2023, e á que tamén, por certo, se irán incorporando todos e cada un dos servizos municipais así como as concesionarias que prestan servizos ao Concello de maneira recurrente, o que tamén nos vai a permitir ser máis eficientes acurtando prazos de resolución das demandas de servizo.

*El nuevo sistema, además, va a permitir a cada usuario conocer el estado de tramitación de sus reclamaciones, lo cual me parece de lo más relevante del nuevo sistema, que un usuario conozca el estado de tramitación de sus reclamaciones asignándole un código a cada una de ellas para facilitar su seguimiento. No es un avance menor sino que será una gran mejora. Seguramente, en los próximos años, el número total de sugerencias y reclamaciones aumente gracias a esta nueva herramienta. De lo que se trata no es de reducir, sin más, las comunicaciones, sino de dotar a los vecinos y vecinas de un nuevo medio de comunicación con el Ayuntamiento que contribuya a solucionar sus problemas, y eso es precisamente lo que estamos haciendo con la nueva aplicación que, insisto, entrará en funcionamiento en el primer trimestre del 2023, y a la que también, por cierto, se irán incorporando todos y cada uno de los servicios municipales así como las concesionarias que prestan servicios al Ayuntamiento de manera recurrente, lo que también nos va a permitir ser más eficientes acortando plazos de resolución de las demandas de servicio.*

Pódese ver a botella medio chea ou medio baleira, pero máis alá do diagnóstico e das críticas que é razoable que se fagan tamén hai que dar solucións. Pasaron moitos anos e houbo moitas promesas e moitos compromisos. Hoxe o que

*Se puede ver la botella medio llena o medio vacía, pero más allá del diagnóstico y de las críticas que es razonable que se hagan también hay que dar soluciones. Pasaron muchos años y hubo muchas promesas y muchos compromisos. Hoy lo que estamos*

estamos é na recta final dunha proposta e dunha solución informática que vai a mellorar, sen dúbida ningunha, a relación do cidadán coa administración local. Seguro que se pode facer mellor, seguro, agora, o que non cabe ningunha dúbida é que baixo o mandato de Inés Rey como alcaldesa resólvese un dos grandes problemas que tiñamos na relación directa cos cidadáns, que era ter un sistema eficiente de comunicación. E xa digo, é unha ferramenta do ano 2006 e pasaron case 17 anos, bueno, pois neste tempo coincidiremos todos que evolucionou tecnoloxicamente moitísimo tódalas ferramentas que temos para comunicarnos no noso ámbito privado, o lóxico é que, desde o ámbito público, teñamos a capacidade de poñer ao servizo dos cidadáns ferramentas que fagan máis fácil esa comunicación. Seguramente non estamos a facer nada extraordinario, pero estamos a facer aquelo que ninguén fixo antes, que tampouco é menor.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos a quenda de debate. Ten a palabra en primeiro lugar a señora Soneira.

**Señora Soneira Lema**

Bos días a todos e a todas e tamén ás persoas que nos están escoitando vía *streaming*. Moitas grazas, señora alcaldesa.

Rexistrar, analizar e solucionar as queixas dos veciños así como estudar as suxestións que propoñen, considero que é un proceso absolutamente necesario para lograr a mellora continua da xestión municipal diante dos cidadáns. Pero

*es en la recta final de una propuesta y de una solución informática que va a mejorar, sin duda alguna, la relación del ciudadano con la administración local. Seguro que se puede hacer mejor, seguro, ahora, lo que no cabe ninguna duda es que bajo el mandato de Inés Rey como alcaldesa se resuelve uno de los grandes problemas que teníamos en la relación directa con los ciudadanos, que era tener un sistema eficiente de comunicación. Y ya digo, es una herramienta del año 2006 y pasaron casi 17 años, bueno, pues en este tiempo coincidiremos todos que evolucionó tecnológicamente muchísimo todas las herramientas que tenemos para comunicarnos en nuestro ámbito privado, lo lógico es que, desde el ámbito público, tengamos la capacidad de poner al servicio de los ciudadanos herramientas que hagan más fácil esa comunicación. Seguramente no estamos haciendo nada extraordinario, pero estamos haciendo aquello que nadie hizo antes, que tampoco es menor.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Iniciamos el turno de debate. Tiene la palabra en primer lugar la señora Soneira.*

***Señora Soneira Lema***

*Buenos días a todos y a todas y también a las personas que nos están escuchando vía retransmisión en directo. Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Registrar, analizar y solucionar las quejas de los vecinos así como estudiar las sugerencias que proponen, considero que es un proceso absolutamente necesario para lograr la mejora continua de la gestión municipal ante los ciudadanos.*

despois de ler o Informe anual de Suxestións e Reclamacións do ano 2021, sorpréndeme ver que non se lle está sacando case ningún proveito pois se rexistra e se analizan suxestións e reclamacións, todo xunto, sen diferenciar entre os dous conceptos: as suxestións son propostas para mellorar, mentres que as reclamacións son fallos, ben da realización dos servizos ou doutras actuacións de responsabilidade da administración local. Os dous conceptos son indicadores da participación cidadá, pero as reclamacións son, ademais, un indicador da satisfacción dos cidadáns ante a xestión do Goberno local e, como tal, fallo ou erro que se deben corrixir de inmediato, establecer as accións necesarias para que non se repitan.

*Pero después de leer el Informe anual de Sugerencias y Reclamaciones del año 2021, me sorprende ver que no se le está sacando casi ningún provecho pues se registran y se analizan sugerencias y reclamaciones, todo junto, sin diferenciar entre los dos conceptos: las sugerencias son propuestas para mejorar, mientras que las reclamaciones son fallos, bien de la realización de los servicios o de otras actuaciones de responsabilidad de la administración local. Los dos conceptos son indicadores de la participación ciudadana, pero las reclamaciones son, además, un indicador de la satisfacción de los ciudadanos ante la gestión del Gobierno local y, como tal, fallo o error que se deben corregir de inmediato, establecer las acciones necesarias para que no se repitan.*

De todas as suxestións e reclamacións recibidas, tanto no ano 2021 como nos anteriores, case un 70 % están pendentes de resolver e fóra de prazo. Congratúlame saber que parece que este ano se reduciron unha porcentaxe mínima pero sempre se agradece, sobre todo o agradecemos os cidadáns da cidade.

*De todas las sugerencias y reclamaciones recibidas, tanto en el año 2021 como en los anteriores, casi un 70 % están pendientes de resolver y fuera de plazo. Me congratula saber que parece que este año se redujeron un porcentaje mínimo pero siempre se agradece, sobre todo lo agradecemos los ciudadanos de la ciudad.*

A única conclusión que saco despois de ler o informe é que se está traballando ata agora en balde con esta ferramenta. Tal como está plantexada, serve para moi pouco. Por todo iso, considero que se debe modificar o Regulamento da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións para separar suxestións e reclamacións e instalar un sistema informático para usar as tecnoloxías actuais. O obxectivo debe ser a utilización das suxestións e reclamacións para mellorar os servizos municipais e que as reclamacións sexan un indicador da xestión municipal. A máis reclamacións, peor xestión, en caso contrario, mellor xestión. Por tanto, o meu voto vai ser favorable para a

*La única conclusión que saco después de leer el informe es que se está trabajando hasta ahora en vano con esta herramienta. Tal como está planteada, sirve para muy poco. Por todo ello, considero que se debe modificar el Reglamento de la Comisión Especial de Sugerencias y Reclamaciones para separar sugerencias y reclamaciones e instalar un sistema informático para usar las tecnologías actuales. El objetivo debe ser la utilización de las sugerencias y reclamaciones para mejorar los servicios municipales y que las reclamaciones sean un indicador de la gestión municipal. A más reclamaciones, peor gestión, en caso contrario, mejor gestión. Por tanto, mi voto va a ser favorable para la instalación de esta herramienta nueva.*

instalación desta ferramenta nova.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

**Señora Faraldo Calvo**

Bo día, alcaldesa, concelleiros, concelleiras, persoal do Concello, prensa autorizada e veciñanza presente ou por *streaming*, especialmente hoxe ao alumnado presente que, esperamos, teña unha boa experiencia, unha experiencia enriquecedora.

A menos que xurda un pleno extraordinario a galope deses que vivimos ao longo deste ano, case seguro que estamos no derradeiro pleno do 2022 sen noticia da ferramenta máis importante dun concello: os orzamentos municipais. Nin o Goberno nin as súas alianzas, elixira cales elixira, foron quen de acadar que comecemos o 2023 sabendo os proxectos que ten plantexados este goberno municipal para xestionar e investir o diñeiro público. E así as cousas nos atopamos con dous asuntos básicos neste pleno de obvia aprobación. No primeiro deles, o que agora atendemos, xa adiantamos o noso voto favorable, pero cabe subliñar pola nosa parte, por parte de Unidas Podemos, dúas cuestións: a primeira, a pouca idoneidade de mesturar reclamacións, que son queixas veciñais, con suxestións, que son aportacións que fai a veciñanza. Esta mezcolanza confunde, ralentiza e non dá o pulso real da participación da veciñanza nas cuestións municipais. A segunda é o alto volume de queixas sen respostar que, aínda que non sexan de competencia do Concello, a resposta si. E na meirande parte, ademais, provoca descoñecemento

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Turno para la señora Faraldo.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Buenos días, alcaldesa, concejales, concejalas, personal del Ayuntamiento, prensa autorizada y vecindario presente o por retransmisión en directo, especialmente hoy al alumnado presente que, esperamos, tenga una buena experiencia, una experiencia enriquecedora.*

*A menos que surja un pleno extraordinario a galope de esos que vivimos a lo largo de este año, casi seguro que estamos en el último pleno del 2022 sin noticia de la herramienta más importante de un ayuntamiento: los presupuestos municipales. Ni el Gobierno ni sus alianzas, eligiese cuales eligiese, fueron capaces de conseguir que comencemos el 2023 sabiendo los proyectos que tiene planteados este gobierno municipal para gestionar e invertir el dinero público. Y así las cosas nos encontramos con dos asuntos básicos en este pleno de obvia aprobación. En el primero de ellos, el que ahora atendemos, ya adelantamos nuestro voto favorable, pero cabe subrayar por nuestra parte, por parte de Unidas Podemos, dos cuestiones: la primera, la poca idoneidad de mezclar reclamaciones, que son quejas vecinales, con sugerencias, que son aportaciones que hace la vecindad. Esta mezcolanza confunde, ralentiza y no da el pulso real de la participación de la vecindad en las cuestiones municipales. La segunda es el alto volumen de quejas sin responder que, aunque no sean de competencia del Ayuntamiento, la respuesta sí. Y en la mayor parte, además,*

por parte das persoas afectadas sobre o interese e a actuación do Concello na súa demanda, aínda que sexa para redirixilos onde corresponda, co cal, ademais dun sentimento de indiferenza que pode deixar na veciñanza, crea unha desafección con respecto á participación nos asuntos municipais, máis cando as queixas se centran en asuntos nos que o Concello está amosando moita debilidade nas súas actuacións, como son medio ambiente, infraestruturas e mobilidade, que tamén son as que centran a maior parte das demandas da oposición neste pleno. Poñer sen rubor nun documento que o 75 % das queixas non se pecharon en prazo cumprindo como cumprían os requisitos é unha alerta que esixe rigor á hora de buscar solucións a este problema. Estase a falar de que a ferramenta utilizada é débil na actualidade e causante das deficiencias, e que se terán que facer maiores esforzos tanto no tecnolóxico como na cuestión de seguridade e estabilidade. Parece que se está por adaptar a usada no Concello de Barcelona, benvida. Sexan cales sexan as posibles solucións, esixe por todas as partes en aquelo que nos corresponde que colaboremos para acadar unha mellor ferramenta, unha mellor resposta e un mellor trato á cidadanía nas súas demandas e na súa participación. Escoitar ao concelleiro que xa está en pé a implantación de IRIS, pois nos alegra. Estaremos pendentes. Grazas.

*provoca desconocimiento por parte de las personas afectadas sobre el interés y la actuación del Ayuntamiento en su demanda, aunque sea para redirigirlos donde corresponda, con lo cual, además de un sentimiento de indiferencia que puede dejar en la vecindad, crea una desafección con respecto a la participación en los asuntos municipales, más cuando las quejas se centran en asuntos en los que el Ayuntamiento está mostrando mucha debilidad en sus actuaciones, como son medio ambiente, infraestructuras y movilidad, que también son las que centran la mayor parte de las demandas de la oposición en este pleno. Poner sin rubor en un documento que el 75 % de las quejas no se cerraron en plazo cumpliendo como cumplían los requisitos es una alerta que exige rigor a la hora de buscar soluciones a este problema. Se está hablando de que la herramienta utilizada es débil en la actualidad y causante de las deficiencias, y que se tendrán que hacer mayores esfuerzos tanto en lo tecnológico como en la cuestión de seguridad y estabilidad. Parece que se está por adaptar la usada en el Ayuntamiento de Barcelona, bienvenida. Sean cuales sean las posibles soluciones, exige por doquier en aquello que nos corresponde que colaboremos para alcanzar una mejor herramienta, una mejor respuesta y un mejor trato a la ciudadanía en sus demandas y en su participación. Escuchar al concejal que ya está en pie la implantación de IRIS, pues nos alegra. Estaremos pendientes. Gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas, señora alcaldesa.

Permítanme, en primeiro lugar, como é habitual na primeira intervención, que comece saudando ao público que está seguindo este pleno vía *streaming* ou de xeito presencial e, en particular, aos alumnos da Grande Obra de Atocha, ao persoal do Concello, aos traballadores e traballadoras da prensa e aos membros da Corporación. E dado que nos estamos achegando ás datas de Nadal, permítanme que aproveite tamén para desexarlles a todos e a todas boas festas e sorte, sorte non porque se achegue tamén o sorteo do Gordo nin porque non ano que entra haxa eleccións municipais, sorte, aínda que non son supersticioso, porque hoxe é martes e 13.

Tamén é habitual que na primeira intervención as voceiras e voceiros aproveitemos para facer unha serie de consideracións sobre a marcha do Concello, que excede moitas veces do asunto concreto a tratar. Pero se mo permiten, vouna reservar para o segundo punto no que disporemos de algo máis de tempo.

Centrándome no Informe anual sobre as suxestións e reclamacións correspondente a 2021, este informe é unha ferramenta moi útil por varios motivos. Primeiro, para coñecer as queixas e preocupacións dos cidadáns no que ten a ver co Concello. Nese sentido é significativo que a inmensa maioría das comunicacións cursadas se refiran a cuestións que afectan a medio ambiente, infraestruturas e mobilidade. Acaparan nada máis e nada menos que o 83 % do total, mentres que, por exemplo, as referidas á seguridade cidadá non chegan ao 9 % das comunicacións. E en segundo lugar, tamén é unha ferramenta útil para coñecer a dilixencia do Concello á hora

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Permítanme, en primer lugar, como es habitual en la primera intervención, que comience saludando al público que está siguiendo este pleno vía retransmisión en directo o de manera presencial y, en particular, a los alumnos de la Grande Obra de Atocha, al personal del Ayuntamiento, a los trabajadores y trabajadoras de la prensa y a los miembros de la Corporación. Y dado que nos estamos acercando a las fechas de Navidad, permítanme que aproveche también para desearles a todos y a todas buenas fiestas y suerte, suerte no porque se acerque también el sorteo del Gordo ni porque en el año que entra haya elecciones municipales, suerte, aunque no soy supersticioso, porque hoy es martes y 13.*

*También es habitual que en la primera intervención las y los portavoces aprovechemos para hacer una serie de consideraciones sobre la marcha del Ayuntamiento, que excede muchas veces del asunto concreto a tratar. Pero si me lo permiten, la voy a reservar para el segundo punto en el que dispondremos de algo más de tiempo.*

*Centrándome en el Informe anual sobre las sugerencias y reclamaciones correspondiente a 2021, este informe es una herramienta muy útil por varios motivos. Primero, para conocer las quejas y preocupaciones de los ciudadanos en lo que tiene que ver con el Ayuntamiento. En ese sentido es significativo que la inmensa mayoría de las comunicaciones cursadas se refieran a cuestiones que afectan a medio ambiente, infraestructuras y movilidad. Acaparan nada más y nada menos que el 83 % del total, mientras que, por ejemplo, las referidas a la seguridad ciudadana no llegan al 9 % de las comunicaciones. Y en segundo lugar, también es una herramienta útil para*

de dar resposta ás suxestións e reclamacións da cidadanía. Nese sentido parécenos preocupante que se reducisen as SeR regulamentariamente solucionadas en prazo e tamén as resoltas fóra de prazo e que, en consecuencia, aumentasen o número de SeR pendentes de pechar unha vez transcorrido o prazo establecido no regulamento. No que atinxe a resolucións, só se finalizaron o 33,07 %, o 30,8 se incorporamos as que se arrastran de anos anteriores, e só se cumpriu o prazo establecido no 22,22 %. Unha tendencia negativa que, ademais, se acentúa exercicio tras exercicio. Por exemplo, en 2020 as pechadas en prazo foron o 27,1 e en 2021 só, como dixen, o 22,22 %. Non negamos que, entre as causas destes datos tan negativos, estean tamén a escaseza de recursos e a complexidade do proceso de resolución das suxestións e reclamacións. Por iso, dado que en virtude dun convenio subscrito co Concello de Barcelona, este puxo á disposición do Concello da Coruña unha ferramenta máis áxil e versátil para atender con máis eficacia as suxestións e queixas dos cidadáns, estamos de acordo, tal e como se formulou na Comisión, con propoñer á Xunta de Goberno a adopción dos acordos oportunos para proceder ao cambio de ferramenta informática e implementar a nova ferramenta, e nese sentido congratulámonos da vontade manifestada nese sentido polo voceiro do Goberno na súa primeira intervención. Do mesmo xeito que sería recomendábel iniciar o traballo de avaliar que adaptación sería recomendábel facer no Regulamento orgánico de suxestións e reclamacións.

Pola nosa banda, nada máis. Moitas grazas.

**Presidencia**

*conocer la diligencia del Ayuntamiento a la hora de dar respuesta a las sugerencias y reclamaciones de la ciudadanía. En ese sentido nos parece preocupante que se redujeran las SyR reglamentariamente solucionadas en plazo y también las resueltas fuera de plazo y que, en consecuencia, aumentaran el número de SyR pendientes de cerrar una vez transcurrido el plazo establecido en el reglamento. En lo que atañe a resoluciones, solo se finalizaron el 33,07 %, el 30,8 si incorporamos las que se arrastran de años anteriores, y solo se cumplió el plazo establecido en el 22,22 %. Una tendencia negativa que, además, se acentúa ejercicio tras ejercicio. Por ejemplo, en 2020 las cerradas en plazo fueron el 27,1 y en 2021 solo, como dije, el 22,22 %. No negamos que, entre las causas de estos datos tan negativos, estén también la escasez de recursos y la complejidad del proceso de resolución de las sugerencias y reclamaciones. Por eso, dado que en virtud de un convenio suscrito con el Ayuntamiento de Barcelona, este puso a disposición del Ayuntamiento de A Coruña una herramienta más ágil y versátil para atender con más eficacia las sugerencias y quejas de los ciudadanos, estamos de acuerdo, tal y como se formuló en la Comisión, con proponer a la Xunta de Gobierno la adopción de los acuerdos oportunos para proceder al cambio de herramienta informática e implementar la nueva herramienta, y en ese sentido nos congratulamos de la voluntad manifestada en ese sentido por el portavoz del Gobierno en su primera intervención. Al igual que sería recomendable iniciar el trabajo de evaluar qué adaptación sería recomendable hacer en el Reglamento orgánico de sugerencias y reclamaciones.*

*Por nuestra parte, nada más. Muchas gracias.*

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a Marea Atlántica, señor Lema.

**<u>Señor Lema Suárez</u>**

Bo día. Moitas grazas, alcaldesa. Un saúdo para a rapazada que hoxe nos acompaña, espero que lles sexa de utilidade, edificante, o que hoxe aquí se vai debater.

Ben, nós non imos manifestar o noso voto favorable ou contrario a este informe porque se trata dunha toma de coñecemento, entendo, que non é necesario votala.

Por empezar polo final eu creo que é necesario ter, cando menos, certo recoñecemento ao traballo que fixo quen nos precede. Esta ferramenta da que hoxe se fala aquí, o IRIS que, efectivamente, vai axudar a modernizar o sistema de canalización de suxestións e reclamacións do Concello, foi iniciada a súa implantación, moi complexa, por certo, pola compañeira Claudia Delso durante o goberno anterior. Eu creo que iso é necesario, eu creo que son operacións de mera hixiene, xa non digo de nobreza, digo de mero recoñecemento do traballo que vén de antes e que un ten a sorte de poder culminar, entón quero deixar iso claro. Paréceme moi ben que este goberno non descartase ese traballo, que lle dese continuidade e que no futuro teñamos unha mellor ferramenta de xestión informática de suxestións e reclamacións pero recoñezamos que as cousas veñen de onde veñen, dun acordo entre o Goberno da Marea Atlántica e o Concello de Barcelona para implementar aquí esta ferramenta, por certo, gratuíta, en código aberto.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la Marea Atlántica, señor Lema.*

***<u>Señor Lema Suárez</u>***

*Buenos días. Muchas gracias, alcaldesa. Un saludo para la juventud que hoy nos acompaña, espero que les sea de utilidad, edificante, lo que hoy aquí se va a debatir.*

*Bien, nosotros no vamos a manifestar nuestro voto favorable o contrario a este informe porque se trata de una toma de conocimiento, entiendo, que no es necesario votarla.*

*Por empezar por el final yo creo que es necesario tener, cuando menos, cierto reconocimiento al trabajo que hizo quien nos precede. Esta herramienta de la que hoy se habla aquí, el IRIS que, efectivamente, va a ayudar a modernizar el sistema de canalización de sugerencias y reclamaciones del Ayuntamiento, fue iniciada su implantación, muy compleja, por cierto, por la compañera Claudia Delso durante el gobierno anterior. Yo creo que eso es necesario, yo creo que son operaciones de mera higiene, ya no digo de nobleza, digo de mero reconocimiento del trabajo que viene de antes y que uno tiene la suerte de poder culminar, entonces quiero dejar eso claro. Me parece muy bien que este gobierno no descartara ese trabajo, que le diera continuidad y que en el futuro tengamos una mejor herramienta de gestión informática de sugerencias y reclamaciones pero reconozcamos que las cosas vienen de donde vienen, de un acuerdo entre el Gobierno de la Marea Atlántica y el Ayuntamiento de Barcelona para implementar aquí esta herramienta, por cierto, gratuita, en código abierto.*

Sinalaba antes o compañeiro do BNG, Paco Jorquera, que, como tamén sinalou o propio Secretario durante as deliberacións habidas nesta Comisión, que algún dos aspectos pode conlevar algún tipo de modificación do Regulamento orgánico municipal, co cal haberá, tamén, que estar atento ás posibles consecuencias que teña esta ferramenta nalgo que pensamos que tamén, non sen tempo, esixe ou reclama unha actualización como ese ROM.

*Señalaba antes el compañero del BNG, Paco Jorquera, que, como también señaló el propio Secretario durante las deliberaciones habidas en esta Comisión, que alguno de los aspectos puede conllevar algún tipo de modificación del Reglamento Orgánico Municipal, con lo cual habrá, también, que estar atento a las posibles consecuencias que tenga esta herramienta en algo que pensamos que también, no sin tiempo, exige o reclama una actualización como ese ROM.*

O que nos di, basicamente, este informe é que existen máis reclamacións e que se resolven en menos tempo. Eu creo que é difícil estar satisfeito ou presumir dunha mellora en ningún dos aspectos relacionados coas suxestións e reclamacións. Nunca foi, penso, un índice no que o Concello da Coruña, os sucesivos gobernos tivesen uns resultados excelentes pero o que amosa, francamente, é que se empeoran eses índices que xa non eran bos, tanto no número de suxestións e reclamacións como no prazo da súa resolución, co cal, creo que realmente non hai demasiado que celebrar neste punto para o Goberno. Tamén, tampouco é novidade que as áreas clásicas nas que a cidadanía centra as súas queixas son a de limpeza, a de mobilidade e infraestruturas, creo que iso tampouco é algo que deba chamarnos a atención, penso que a axenda real da cidadanía son esas cuestións que teñen que ver co seu entorno inmediato e con aqueles servizos que presta o Concello que, basicamente, son os que máis precisa e o que, insisto, si nos chama atención e creo que é relevante é que se empeora o prazo de resolucións destas suxestións e reclamacións.

*Lo que nos dice, básicamente, este informe es que existen más reclamaciones y que se resuelven en menos tiempo. Yo creo que es difícil estar satisfecho o presumir de una mejora en ninguno de los aspectos relacionados con las sugerencias y reclamaciones. Nunca fue, pienso, un índice en el que el Ayuntamiento de A Coruña, los sucesivos gobiernos tuvieran unos resultados excelentes pero lo que muestra, francamente, es que se empeoran esos índices que ya no eran buenos, tanto en el número de sugerencias y reclamaciones como en el plazo de su resolución, con lo cual, creo que realmente no hay demasiado que celebrar en este punto para el Gobierno. También, tampoco es novedad que las áreas clásicas en las que la ciudadanía centra sus quejas son la de limpieza, la de movilidad e infraestructuras, creo que eso tampoco es algo que deba llamarnos la atención, pienso que la agenda real de la ciudadanía son esas cuestiones que tienen que ver con su entorno inmediato y con aquellos servicios que presta el Ayuntamiento que, básicamente, son los que más precisa y lo que, insisto, sí nos llama atención y creo que es relevante es que se empeora el plazo de resoluciones de estas sugerencias y reclamaciones.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Lema.

Turno para o Partido Popular, señor Coira.

***<u>Señor Coira Andrade</u>***

*Bo día aos traballadores dos medios de comunicación que realizan o seguimento deste pleno, aos membros da Corporación, aos empregados municipais que fan posible o desenvolvemento do mesmo, aos alumnos da Grande Obra de Atocha que nos acompañan, esperamos estar á altura das circunstancias e das expectativas que tedes sobre os representantes da vosa cidade neste concello, e a todos os que nos seguen en liña onde queira que estean.*

*Aproveitando, por se non teño ocasión máis adiante, como dicía o compañeiro Jorquera, desexarvos a todos un bo Nadal, felicitarnos tamén, que parece que xa pasa todo moi rápido nesta época da intelixencia artificial, pois felicitarnos por conseguir todos nunha actitude de colaboración interadministrativa para a cidade a sede da Axencia de Intelixencia Artificial. Creo que é un éxito para a cidade e para Galicia e deberemos felicitarnos por iso porque, insisto, os cidadáns o que desexan é que os políticos sexan capaces de, coordinadamente, apostar por accións que melloren a calidade de vida de todos os cidadáns. Creo que, insisto, debemos felicitarnos por iso.*

*Con respecto ao que é o pleno de hoxe, pois lamentar unha vez máis que poucos asuntos teñamos na parte resolutiva, que por primeira vez eu creo no que lembro da miña vida de concelleiro, pois unha toma de coñecemento imos debatela, que está moi ben que debatamos unha toma*

*Muchas gracias, señor Lema.*

*Turno para el Partido Popular, señor Coira.*

**<u>Señor Coira Andrade</u>**

Buenos días a los trabajadores de los medios de comunicación que realizan el seguimiento de este pleno, a los miembros de la Corporación, a los empleados municipales que hacen posible el desarrollo del mismo, a los alumnos de la Grande Obra de Atocha que nos acompañan, esperamos estar a la altura de las circunstancias y de las expectativas que tenéis sobre los representantes de vuestra ciudad en este ayuntamiento, y a todos los que nos siguen por *streaming* donde quiera que estén.

Aprovechando, por si no tengo ocasión más adelante, como decía el compañero Jorquera, desearos a todos una feliz Navidad, felicitarnos también, que parece que ya pasa todo muy rápido en esta época de la inteligencia artificial, pues felicitarnos por haber conseguido todos en una actitud de colaboración interadministrativa para la ciudad la sede de la Agencia de Inteligencia Artificial. Creo que es un éxito para la ciudad y para Galicia y deberemos felicitarnos por ello porque, insisto, los ciudadanos lo que desean es que los políticos sean capaces de, coordinadamente, apostar por acciones que mejoren la calidad de vida de todos los ciudadanos. Creo que, insisto, debemos felicitarnos por ello.

Con respecto a lo que es el pleno de hoy, pues lamentar una vez más que pocos asuntos tengamos en la parte resolutiva, que por primera vez yo creo en lo que recuerdo de mi vida de concejal, pues una toma de conocimiento vamos a debatirla, que está muy bien que debatamos una toma

*de coñecemento, pero que ben, eu creo que iso reflicte que non hai propostas do Concello, o Goberno non ten propostas, deberiamos estar a aprobar definitivamente un orzamento para o próximo ano que, polo visto, onte anunciou a señora alcaldesa que si iamos ter, pero chegará tarde, mal e a rastro, creo que a señora Rey e os seus compañeiros de viaxe, ao non ser capaces de presentar un orzamento para a cidade en tempo e forma para o 2023, están a bloquear o desenvolvemento e o crecemento da cidade, creo que é un erro. Creo que é tamén un erro non levalo en tempo e forma e dicir que si imos ter orzamento porque se imos aos resultados de execución do Orzamento do 2002, ao 16 de novembro do 2002, o cadro de execución do Orzamento presentábanos un capítulo VI con 77 millóns de investimento que non tiñamos nin iniciado o procedemento de gasto, o expediente de gasto, 77 millóns. Partiamos dun orzamento inicial do 2002 aprobado en febreiro ou marzo definitivamente de 57-58 millóns, se non me equivoco, incrementamos e modificamos o orzamento de investimentos e chegamos aos 91-92 e temos 77 millóns sen executar, cando iso sería moito emprego para a cidade e moito investimento e moito diñeiro que os representantes públicos temos obrigación de reverter á cidade a través de investimentos e prestación de servizos. Os cidadáns cumpren, pagan os seus impostos e nós o que temos é que cumprir, e se non somos capaces de cumprir e sóbrannos tantos recursos, se cadra, o que tamén podemos propoñer é unha baixada de impostos en tempos difíciles como os que estamos a pasar agora todos.* ***(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).***

*Sobre o Informe de Suxestións e*

de conocimiento, pero que bueno, yo creo que eso refleja que no hay propuestas del Ayuntamiento, el Gobierno no tiene propuestas, deberíamos estar aprobando definitivamente un presupuesto para el próximo año que, por lo visto, ayer anunció la señora alcaldesa que sí íbamos a tener, pero llegará tarde, mal y a rastras, creo que la señora Rey y sus compañeros de viaje, al no ser capaces de presentar un presupuesto para la ciudad en tiempo y forma para el 2023, están bloqueando el desarrollo y el crecimiento de la ciudad, creo que es un error. Creo que es también un error no llevarlo en tiempo y forma y decir que sí vamos a tener presupuesto porque si vamos a los resultados de ejecución del Presupuesto del 2002, a 16 de noviembre del 2002, el cuadro de ejecución del Presupuesto nos presentaba un capítulo VI con 77 millones de inversión que no habíamos ni iniciado el procedimiento de gasto, el expediente de gasto, 77 millones. Partíamos de un presupuesto inicial del 2002 aprobado en febrero o marzo definitivamente de 57-58 millones, si no me equivoco, hemos incrementado y modificado el presupuesto de inversiones y hemos llegado a los 91-92 y tenemos 77 millones sin ejecutar, cuando eso sería mucho empleo para la ciudad y mucha inversión y mucho dinero que los representantes públicos tenemos obligación de revertir a la ciudad a través de inversiones y prestación de servicios. Los ciudadanos cumplen, pagan sus impuestos y nosotros lo que tenemos es que cumplir, y si no somos capaces de cumplir y nos sobran tantos recursos, a lo mejor, lo que también podemos plantear es una bajada de impuestos en tiempos difíciles como los que estamos pasando ahora todos. **(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).**

Sobre el Informe de Sugerencias y

*Reclamacións, agradecer a todos os coruñeses, 17.500 persoas que se molestaron en comunicar diferentes problemas de todo tipo aos coruñeses. Aquí teño unha folla do informe de 500 folios. Todo isto que está marcado en verde é pendente. Non somos capaces como concello de responder a cousas moi básicas e moi sinxelas de resolver.*

*E con respecto a unha cuestión que me chamou moito a atención dun veciño, que ás veces facemos cousas sen pensar que esas cousas teñen consecuencias. José Luis chamou un 23 de maio e dixo: bo día, o noso edificio non ten estacionamento, é imposible estacionar. Nós compramos con todo o sacrificio para ter unha vida mellor un piso. Están a facer as cousas ao revés.*

*Señores, cando vostedes tomen decisións, esas decisións afectan ás persoas e hai que facelas adecuadamente. Non se poden tomar decisións radicalmente que prexudiquen a vida das persoas.*

*E con respecto á ferramenta, señor Lage, isto non é unha rolda de prensa para anunciar cousas. Isto é a toma de coñecemento dun informe. O IRIS está o 28 de novembro de 2018 aprobado nun informe técnico propoñendo a este concello que se adopte esa ferramenta, desde o 2018. Tardou vostede os anos e os meses que van do 28 de novembro de 2018, do 2018 a hoxe, ben, a hoxe non, ao día do pai do 2023. Nada máis e moitas grazas.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Coira.

Señora Gallego, apuntou? 2,05 máis, digo, para..., levan o excel dos aparcamentos e o dos tempos. Este, non a vin co móbil, vina despistada. 2,05 de

Reclamaciones, agradecer a todos los coruñeses, 17.500 personas que se han molestado en comunicar diferentes problemas de todo tipo a los coruñeses. Aquí tengo una hoja del informe de 500 folios. Todo esto que está marcado en verde es pendiente. No somos capaces como ayuntamiento de responder a cosas muy básicas y muy sencillas de resolver.

Y con respecto a una cuestión que me llamó mucho la atención de un vecino, que a veces hacemos cosas sin pensar que esas cosas tienen consecuencias. José Luis llamó un 23 de mayo y dijo: buenos días, nuestro edificio no tiene estacionamiento, es imposible estacionar. Nosotros compramos con todo el sacrificio para tener una vida mejor un piso. Están haciendo las cosas al revés.

Señores, cuando ustedes tomen decisiones, esas decisiones afectan a las personas y hay que hacerlas adecuadamente. No se pueden tomar decisiones radicalmente que perjudiquen la vida de las personas.

Y con respecto a la herramienta, señor Lage, esto no es una rueda de prensa para anunciar cosas. Esto es la toma de conocimiento de un informe. El IRIS está el 28 de noviembre de 2018 aprobado en un informe técnico proponiendo a este ayuntamiento que se adopte esa herramienta, desde el 2018. Tardó usted los años y los meses que van del 28 de noviembre de 2018, del 2018 a hoy, bueno, a hoy no, al día del padre del 2023. Nada más y muchas gracias.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Coira.*

*Señora Gallego, ¿apuntó? 2,05 más, digo, para..., llevan la hoja de cálculo de los aparcamientos y el de los tiempos. Este, no la vi con el móvil, la vi despistada. 2,05 de*

máis.

Señor Lage, ten a palabra. Xa apunto eu, eh?

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa.

Bueno, é de agradecer tódalas aportacións que teñen feito os concelleiros e concelleiras. Eu non quixen interrompelo, señor Coira, porque estaban os seus compañeiros intentando traelo na máquina do tempo ao 2022 e vostede empeñábase en falar do 2002 e eles estaban preocupados por, a ver como llo explicaban. Bueno, xa llo explican despois. Quede tranquilo.

Señor Coira, isto non é unha rolda de prensa, pero isto é o máximo órgano que ten o Concello da Coruña, que é o Pleno da Corporación. Supoño que non lle parecerá mal que poñamos en marcha o IRIS, unha ferramenta que vai a cambiar a forma de relacionarse entre os cidadáns e a Administración. Vostede foi concelleiro de goberno entre o 2001 e o 2015, non había reclamacións? Unhas cantas, non? Unhas cantas. Se quere doulle o dato pero supoño que, como o sabe, tampouco fai falta que llo recorde. En fin, que lle diría? Que ás veces, cando damos pasos todos xuntos, ten que notársenos menos algunhas cousas, señor Coira. Se vostede ve que avanzamos e o Partido Popular ve que avanzamos e que vostedes, cando gobernaron, non o fixeron, polo menos un pouquiño de humildade, recoñecemento, recoñecemento, non digo medallas pero polo menos recoñecemento. Bueno, parécelle tarde o día do pai, o 19 de marzo, San José, non sei, aquí parece ás veces que é o mundo ao revés. Quito eu o santoral, a vostedes parece que non lles gusta que faga referencias ao calendario,

*más.*

*Señor Lage, tiene la palabra. Ya apunto yo, ¿eh?*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Bueno, es de agradecer todas las aportaciones que han hecho los concejales y concejalas. Yo no quise interrumpirlo, señor Coira, porque estaban sus compañeros intentando traerlo en la máquina del tiempo al 2022 y usted se empeñaba en hablar del 2002 y ellos estaban preocupados por, a ver cómo se lo explicaban. Bueno, ya se lo explican después. Quédese tranquilo.*

*Señor Coira, esto no es una rueda de prensa, pero esto es el máximo órgano que tiene el Ayuntamiento de A Coruña, que es el Pleno de la Corporación. Supongo que no le parecerá mal que pongamos en marcha el IRIS, una herramienta que va a cambiar la forma de relacionarse entre los ciudadanos y la Administración. Usted fue concejal de gobierno entre el 2001 y el 2015, ¿no había reclamaciones? Unas cuantas, ¿no? Unas cuantas. Si quiere le doy el dato pero supongo que, como lo sabe, tampoco hace falta que se lo recuerde. En fin, ¿qué le diría? Que a veces, cuando damos pasos todos juntos, tienen que notársenos menos algunas cosas, señor Coira. Si usted ve que avanzamos y el Partido Popular ve que avanzamos y que ustedes, cuando gobernaron, no lo hicieron, por lo menos un poquito de humildad, reconocimiento, reconocimiento, no digo medallas pero por lo menos reconocimiento. Bueno, le parece tarde el día del padre, el 19 de marzo, San José, no sé, aquí parece a veces que es el mundo al revés. Saco yo el santoral, a ustedes parece que no les gusta que haga referencias al calendario, pues señor*

pois señor Coira, hai que gobernar para todos, non sei se é que vostede se sinte incómodo coa referencia a San José. En calquera caso, o relevante é que o Concello da Coruña vai dar un paso que non dou antes, que non o dou porque, claro, a ver, eu creo que é moi importante algo, aquí fálase moito do que se fixo pero a realidade é que o goberno que toma decisións e cambia o sistema é o goberno que preside Inés Rey.

*Coira, hay que gobernar para todos, no sé si es que usted se siente incómodo con la referencia a San José. En cualquier caso, lo relevante es que el Ayuntamiento de A Coruña va a dar un paso que no dio antes, que no lo dio porque, claro, a ver, yo creo que es muy importante algo, aquí se habla mucho de lo que se hizo pero la realidad es que el gobierno que toma decisiones y cambia el sistema es el gobierno que preside Inés Rey.*

Señor Lema, todo o que fixeran e teña axudado, marabilloso, pero mire, por ser rigorosos, sabe cando se asinou o convenio co Concello de Barcelona? Dígoo para poñer todo sobre a mesa con rigor. O 20 de agosto de 2021, baixo o mandato de Inés Rey. O resto é literatura. Evidentemente, todo o mundo axuda todo o que pode e a realidade é esta.

*Señor Lema, todo lo que hubieran hecho y haya ayudado, maravilloso, pero mire, por ser rigurosos, ¿sabe cuándo se firmó el convenio con el Ayuntamiento de Barcelona? Lo digo para poner todo sobre la mesa con rigor. El 20 de agosto de 2021, bajo el mandato de Inés Rey. El resto es literatura. Evidentemente, todo el mundo ayuda todo lo que puede y la realidad es esta.*

Mire, señor Coira, non é unha rolda de prensa, pero eu creo que darlles conta aos 27 concelleiros e concelleiras das decisións que toma este goberno e facelo no Pleno da Corporación creo que é un sinal de transparencia claro e, por certo, vostede gobernou, a señora Gallego gobernou, o señor Lorenzo gobernou, foron parte do goberno municipal do ano 2011 a 2015 e algunha cousa boa farían, digo eu. A min non se me acorda agora mesmo, pero seguro que fixeron algunha cousa boa. Non llo digo por mal, dígoo porque non se me acorda, co cal, incluso para ter razón nas críticas hai que ter un certo equilibrio.

*Mire, señor Coira, no es una rueda de prensa, pero yo creo que darles cuenta a los 27 concejales y concejalas de las decisiones que toma este gobierno y hacerlo en el Pleno de la Corporación creo que es una señal de transparencia clara y, por cierto, usted gobernó, la señora Gallego gobernó, el señor Lorenzo gobernó, fueron parte del gobierno municipal del año 2011 a 2015 y alguna cosa buena harían, digo yo. Yo no me acuerdo ahora mismo, pero seguro que hicieron alguna cosa buena. No se lo digo por mal, lo digo porque no me acuerdo, con lo cual, incluso para tener razón en las críticas hay que tener un cierto equilibrio.*

Voulle anunciar outra decisión que me parece importante **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —xa remato, señora alcaldesa—, este goberno municipal atopouse á chegada en 2019 con que non existía un rexistro de contratos e eu comprometín que antes de

*Le voy a anunciar otra decisión que me parece importante **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —ya finalizo, señora alcaldesa—, este gobierno municipal se encontró a la llegada en 2019 con que no existía un registro de contratos y yo me comprometí a que antes de que*

que rematara o ano se faría un rexistro de contratos público, con transparencia. Xa lle adianto e xa lle anuncio que, antes de que remate este mes, presentaremos o rexistro de contratos do Concello da Coruña, no cal, con absoluta transparencia, van a poder dispor de toda a información da prestación de servizos e dos contratos que asina este concello. Entre a propaganda e os feitos hai unha diferencia, falar pódese falar moito porque falar non ten cancelas, pero a realidade é moi tozuda e a realidade di que contan os feitos e os feitos son que este concello vai a ter un rexistro de contratos porque non o tivo nunca. Seguro, seguro que vostedes eran boísimos pero non o fixeron, e agora, con absoluta transparencia imos a dispor dunha ferramenta **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** …e transparencia e unha mellora na relación entre o cidadán e a Administración local. Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Remata aquí o debate deste punto que, como é unha toma de coñecemento, non se somete á votación do Pleno.

**ASUNTO 3**

**Facenda**

**187. Expte. 360/2022/225**
**Aprobación da declaración de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego, das actividades náuticas realizadas nun ben inmoble de características especiais, previa á concesión do beneficio fiscal correspondente sobre o Imposto de**

*finalizase el año se haría un registro de contratos público, con transparencia. Ya le adelanto y ya le anuncio que, antes de que finalice este mes, presentaremos el registro de contratos del Ayuntamiento de A Coruña, en el cual, con absoluta transparencia, van a poder disponer de toda la información de la prestación de servicios y de los contratos que firma este ayuntamiento. Entre la propaganda y los hechos hay una diferencia, hablar se puede hablar mucho porque hablar no tiene cancelas, pero la realidad es muy tozuda y la realidad dice que cuentan los hechos y los hechos son que este ayuntamiento va a tener un registro de contratos porque no lo tuvo nunca. Seguro, seguro que ustedes eran buenísimos pero no lo hicieron, y ahora, con absoluta transparencia vamos a disponer de una herramienta* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *…y transparencia y una mejora en la relación entre el ciudadano y la Administración local. Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Finaliza aquí el debate de este punto que, como es una toma de conocimiento, no se somete a la votación del Pleno.*

***ASUNTO 3***

***Hacienda***

***187. Expte. 360/2022/225***
***Aprobación de la declaración de especial interés o utilidad municipal, por concurrir circunstancias sociales y de fomento del empleo, de las actividades náuticas realizadas en un bien inmueble de características especiales, previa a la concesión del beneficio fiscal correspondiente sobre el Impuesto de***

**Bens Inmobles (IBI).**

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda e Administración celebrada o día 5 de decembro de 2022, co voto a favor do Grupo Municipal do Partido Socialista e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego e das concelleiras non adscritas dona Isabel Faraldo Calvo e dona Susana Soneira Lema, propoñendo ao Pleno a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** Declarar de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego, as actividades náuticas, realizadas pola empresa Figrupo Marinas S.L., no bens inmobles de características especiais de referencias catastrais 9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ, e que constitúen as actividades principais da empresa.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Dirección de área de Economía, Facenda e Réxime Interior aos efectos de tramitación do expediente de concesión de beneficio fiscal ao seguinte obrigado tributario:

**Nome:** FIGRUPO MARINAS, S.L.

**NIF:** B15997794

**Referencia catastral:**
9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ

**Duración do beneficio fiscal:** Exercicio 2023

**TERCEIRO.-** Do presente acordo darase

***Bienes Inmuebles (IBI).***

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa de Hacienda y Administración el día 5 de diciembre de 2022, con el voto a favor del Grupo Municipal del Partido Socialista y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, Bloque Nacionalista Galego y de las concejalas no adscritas doña Isabel Faraldo Calvo y doña Susana Soneira Lema, proponiendo al Pleno la adopción de los siguientes acuerdos:*

***PRIMERO.-** Declarar de especial interés o utilidad municipal, por concurrir circunstancias sociales y de fomento del empleo, las actividades náuticas, realizadas por la empresa Figrupo Marinas S.L en los bienes inmuebles de características especiales 9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ, y que constituyen las actividades principales de la empresa.*

***SEGUNDO.-** Dar traslado del presente acuerdo a la Dirección de área de Economía, Hacienda y Régimen Interior a los efectos de tramitación del expediente de concesión de beneficio fiscal al siguiente obligado tributario:*

***Nome:** FIGRUPO MARINAS, S.L.*

***NIF:** B15997794*

***Referencia catastral:***
*9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE y 9012702NJ4091S0103UZ*

***Duración do beneficio fiscal:** Ejercicio 2023*

***TERCERO.-** Del presente acuerdo se dará*

traslado aos interesados para os efectos oportunos.

*traslado a los interesados a los efectos oportunos.*

**Presidencia**

Pasamos xa ao asunto número 3. Señor Secretario.

*Pasamos ya al asunto número 3. Señor Secretario.*

**Señor Secretario**

Facenda. Aprobación da declaración de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego, das actividades náuticas realizadas nun ben inmoble de características especiais, previa á concesión do beneficio fiscal correspondente sobre o Imposto de Bens Inmobles (IBI).

*Hacienda. Aprobación de la declaración de especial interés o utilidad municipal, por concurrir circunstancias sociales y de fomento del empleo, de las actividades náuticas realizadas en un bien inmueble de características especiales, previa a la concesión del beneficio fiscal correspondiente sobre el Impuesto de Bienes Inmuebles (IBI).*

**Presidencia**

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Neste punto ten a palabra o voceiro do Goberno para expoñer o asunto e a continuación haberá unha única quenda de 5 minutos por cada un dos grupos ou concelleiras non adscritas. Desta vez si se procederá á votación.

*En este punto tiene la palabra el portavoz del Gobierno para exponer el asunto y a continuación habrá un único turno de 5 minutos por cada uno de los grupos o concejalas no adscritas. De esta vez sí se procederá a la votación.*

Señor Lage, ten a palabra.

*Señor Lage, tiene la palabra.*

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Estamos diante do punto para a declaración de especial interese e utilidade municipal das instalacións náuticas de Frigrupo Marinas SL para a bonificación do IBI do exercicio 2023. Como saben, entre as bonificacións que recolle o artigo 5.8 da nosa ordenanza fiscal número 51, a que regula o imposto de bens inmobles, figura unha redución da cota do 50 % para aqueles bens de características especiais que pertenzan ao

*Estamos ante el punto para la declaración de especial interés y utilidad municipal de las instalaciones náuticas de Frigrupo Marinas SL para la bonificación del IBI del ejercicio 2023. Como saben, entre las bonificaciones que recoge el artículo 5.8 de nuestra ordenanza fiscal número 51, la que regula el impuesto de bienes inmuebles, figura una reducción de la cuota del 50 % para aquellos bienes de características especiales que pertenezcan*

grupo de bens de aeroportos e portos comerciais nos que se desenvolven actividades económicas de especial interese por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego. A dita bonificación é rogada e debe ser solicitada polo interesado, neste caso a compañía Frigrupo Marinas SL, que foi a que tramitou unha solicitude destas características. A compañía, tal e como e consta na documentación á que tiveron acceso todos os grupos na comisión correspondente, aporta certificacións de que a súa actividade náutica representa o 86,45 % da súa facturación total, cumprindo todos os parámetros esixidos na nosa ordenanza, a xuízo do servizo correspondente e cos informes oportunos, para optar á bonificación fiscal prevista para eses casos que, en definitiva, suporá unha redución no imposto, unha bonificación de 43.507 € polas 3 parcelas das que a empresa é concesionaria.

*al grupo de bienes de aeropuertos y puertos comerciales en los que se desarrollan actividades económicas de especial interés por concurrir circunstancias sociales y de fomento del empleo. Dicha bonificación es rogada y debe ser solicitada por el interesado, en este caso la compañía Frigrupo Marinas SL, que fue la que tramitó una solicitud de estas características. La compañía, tal y como y consta en la documentación a la que tuvieron acceso todos los grupos en la comisión correspondiente, aporta certificaciones de que su actividad náutica representa el 86,45 % de su facturación total, cumpliendo todos los parámetros exigidos en nuestra ordenanza, a juicio del servicio correspondiente y con los informes oportunos, para optar a la bonificación fiscal prevista para esos casos que, en definitiva, supondrá una reducción en el impuesto, una bonificación de 43.507 € por las 3 parcelas de las que la empresa es concesionaria.*

Este trámite plenario é preciso para que a entidade dispoña da citada bonificación no vindeiro exercicio 2023, unha bonificación á que ten dereito por axustarse ao disposto na normativa municipal que regula esa materia. A bonificación é unha máis das que figura na nosa normativa que, como saben, son moitas máis. Só no actual mandato o goberno que preside Inés Rey aprobou ata 28 bonificacións sumando taxas, impostos e prezos públicos, bonificacións que este goberno ten aprobadas nun importante exercicio de redistribución das cargas fiscais e que teñen como fin a aplicación dunha política fiscal máis xusta. Por certo, teno aprobado este goberno co apoio moi maioritario do Pleno desta corporación. Coido que non é preciso gran debate sobre este asunto pero, en calquera caso, é posible debater disto e de calquera outro asunto ao redor desta bonificación. Sei que, seguramente,

*Este trámite plenario es preciso para que la entidad disponga de la citada bonificación en el próximo ejercicio 2023, una bonificación a la que tiene derecho por ajustarse a lo dispuesto en la normativa municipal que regula esa materia. La bonificación es una más de las que figura en nuestra normativa que, como saben, son muchas más. Solo en el actual mandato el gobierno que preside Inés Rey aprobó hasta 28 bonificaciones sumando tasas, impuestos y precios públicos, bonificaciones que este gobierno tiene aprobadas en un importante ejercicio de redistribución de las cargas fiscales y que tienen como fin la aplicación de una política fiscal más justa. Por cierto, lo ha aprobado este gobierno con el apoyo muy mayoritario del Pleno de esta corporación. Entiendo que no es preciso gran debate sobre este asunto pero, en cualquier caso, es posible debatir de esto y de cualquier otro asunto alrededor de esta bonificación.*

este asunto lles pode dar pé a algúns a volver a falar de rebaixas de impostos, esa eterna letanía de rebaixas indiscriminadas de impostos, pero só quero recordarlles, antes de que pidan por enésima vez a baixada do IBI, que foi o Partido Popular o único grupo político que os subiu, e que o primeiro imposto que baixou a Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular non foi ningún que afectase ao conxunto dos cidadáns, senón o que grava as grandes fortunas, que viron como o señor Rueda, tan pronto como chegou a ser presidente reducía nun 50 % o imposto do patrimonio para os millonarios ao tempo que propoñían subir taxas como as de saneamento ou as correspondentes ao servizo de Sogama para o resto da cidadanía. Polo tanto, estamos diante, nin máis nin menos, que de un trámite ao cal lle temos que dar, loxicamente, a réplica plenaria despois de que teña pasado os trámites anteriores administrativos, como non pode ser doutro xeito, pero en calquera caso, como manifestaron interese en formular un debate —digo esto porque pediron dispor de 5 minutos e xa intúo, dígoo dende o mellor espírito navideño, pero, dende logo, dispor de 5 minutos para falar da bonificación a esta sociedade que pide algo que forma parte da normativa, parece que é para falar doutras cousas— veremos o debate en torno á bonificación que traen hoxe aquí. Si darlles as grazas a todos polo trámite na comisión. Nada máis, inicialmente.

*Sé que, seguramente, este asunto les puede dar pie a algunos a volver a hablar de rebajas de impuestos, esa eterna letanía de rebajas indiscriminadas de impuestos, pero solo quiero recordarles, antes de que pidan por enésima vez la bajada del IBI, que fue el Partido Popular el único grupo político que los subió, y que el primer impuesto que bajó la Xunta de Galicia gobernada por el Partido Popular no fue ninguno que afectase al conjunto de los ciudadanos, sino el que graba las grandes fortunas, que vieron como el señor Rueda, tan pronto como llegó a ser presidente reducía en un 50 % el impuesto del patrimonio para los millonarios al tiempo que proponían subir tasas como las de saneamiento o las correspondientes al servicio de Sogama para el resto de la ciudadanía. Por lo tanto, estamos ante, nada más y nada menos, un trámite al cual le tenemos que dar, lógicamente, la réplica plenaria después de que haya pasado los trámites anteriores administrativos, como no puede ser de otro modo, pero en cualquier caso, como manifestaron interés en formular un debate —digo esto porque pidieron disponer de 5 minutos y ya intuyo, lo digo desde el mejor espíritu navideño, pero, desde luego, disponer de 5 minutos para hablar de la bonificación a esta sociedad que pide algo que forma parte de la normativa, parece que es para hablar de otras cosas— veremos el debate en torno a la bonificación que traen hoy aquí. Sí darles las gracias a todos por el trámite en la comisión. Nada más, inicialmente.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Lage.

Iniciamos a quenda de debate. Señora Soneira, ten a palabra.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Iniciamos el turno de debate. Señora Soneira, tiene la palabra.*

**<u>Señora Soneira Lema</u>**

Grazas, señora alcaldesa.

***<u>Señora Soneira Lema</u>***

*Gracias, señora alcaldesa.*

Antes de facer a miña exposición con respecto a este asunto quería felicitar, porque me olvidei —cuestión dos nervios, estou empezando nisto, xa vexo que aquí hai... os concelleiros e concelleiras son persoas moi bregadas nestes asuntos— e entón non quero quedar de maleducada, porque evidentemente é o último pleno e, loxicamente, quero felicitar a todos e a todas e aos que están por *streaming*, o Nadal. E tamén quero —que tamén me olvidei— evidentemente, darlle a noraboa á señora alcaldesa e ao equipo por haber conseguido un logro tremendo, e é traer a Axencia Española de Intelixencia Artificial á cidade da Coruña, que creo que vamos a ter moitísimos logros con ela, por tanto, como concelleira non adscrita me parece que o logro é importante e, evidentemente, quería poñelo de manifesto.

*Antes de hacer mi exposición con respecto a este asunto quería felicitar, porque me olvidé —cuestión de los nervios, estoy empezando en esto, ya veo que aquí hay... los concejales y concejalas son personas muy bregadas en estos asuntos— y entonces no quiero quedar de maleducada, porque28videnteemente es el último pleno y, lógicamente, quiero felicitar a todos y a todas y a los que están en línea, la Navidad. Y también quiero —que también me olvidé— evidentemente, darle la enhorabuena a la señora alcaldesa y al equipo por haber conseguido un logro tremendo, y es traer la Agencia Española de Inteligencia Artificial a la ciudad de A Coruña, que creo que vamos a tener muchísimos logros con ella, por tanto, como concejala no adscrita me parece que el logro es importante y, evidentemente, quería ponerlo de manifiesto.*

Volvendo ao tema, porque me perdín un pouco co señor Laxe, me perdín un pouco, quero dicir que estou de acordo coa bonificación porque, evidentemente, vendo todos os requisitos que se solicitan, o solicitante cumpre todos e cada un deles da Ordenanza municipal, pero creo sinceramente que esta ordenanza debería ser un pouco máis esixente para a concesión desta bonificación, requerindo, dependendo do tipo de empresa, un incremento efectivo do emprego. Deste xeito, considero que o Concello consigue un obxectivo claro, que a cantidade bonificada non sexa a fondo perdido pola obriga de contratación de persoal, conseguindo deste xeito fomentar o emprego na cidade, que é un dos obxectivos principales que ten que ter todo goberno municipal.

*Volviendo al tema, porque me perdí un poco con el señor Lage, me perdí un poco, quiero decir que estoy de acuerdo con la bonificación porque, evidentemente, viendo todos los requisitos que se solicitan, el solicitante cumple todos y cada uno de ellos de la Ordenanza municipal, pero creo sinceramente que esta ordenanza debería ser un poco más exigente para la concesión de esta bonificación, requiriendo, dependiendo del tipo de empresa, un incremento efectivo del empleo. De este modo, considero que el Ayuntamiento consigue un objetivo claro, que la cantidad bonificada no sea a fondo perdido por el deber de contratación de personal, consiguiendo de este modo fomentar el empleo en la ciudad, que es uno de los objetivos principales que tiene que tener todo gobierno municipal.*

Polo tanto, o meu voto vai a ser favorable.

*Por lo tanto, mi voto va a ser favorable.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira, tamén polas súas felicitacións navideñas e intelixentes.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego. Ai!, perdón, señora Faraldo, o seu turno.

**Señora Faraldo Calvo**

Entendo que tanta concelleira non adscrita crea un pouco de revuelo.

**Ás dez horas e cincuenta e oito minutos saen do Salón de Sesións o señor Lema Suárez e a señora Cameán Calvete.**

Outro asunto no que a obviedade adianta a súa aprobación e que vén ao Pleno pola esixencia regulamentaria incluída na propia ordenanza fiscal. Non é un asunto menor para a empresa solicitante e, por iso, non imos a menguar a súa importancia facendo como fai uso dun dereito económico recoñecido na Ordenanza reguladora do IBI. A empresa solicitante, segundo se nos informa desde a Concellaría de Facenda e segundo expuxo aquí o propio concelleiro, cumpre todos os requisitos por concorrer as circunstancias sociais e de fomento de emprego na súa actividade náutica, polo que é máis que evidente o noso voto favorable para declarala de especial interese ou utilidade municipal, tal e como consta tamén non informe.

Non podemos, sen embargo, deixar de amosar o noso asombro de que estes dous asuntos —xa o dixen no primeiro tamén— sexan todos os asuntos elevados ao Pleno cos que o Goberno local parece que vai a pechar o ano. En todo caso, insistir no voto favorable.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira, también por sus felicitaciones navideñas e inteligentes.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego. Ay!, perdón, señora Faraldo, su turno.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Entiendo que tanta concejala no adscrita crea un poco de revuelo.*

***A las diez horas y cincuenta y ocho minutos salen del Salón de Sesiones el señor Lema Suárez y la señora Cameán Calvete.***

*Otro asunto en el que la obviedad adelanta su aprobación y que viene al Pleno por la exigencia reglamentaria incluida en la propia ordenanza fiscal. No es un asunto menor para la empresa solicitante y, por eso, no vamos a menguar su importancia haciendo como hace uso de un derecho económico reconocido en la Ordenanza reguladora del IBI. La empresa solicitante, según se nos informa desde la Concejalía de Hacienda y según expuso aquí el propio concejal, cumple todos los requisitos por concurrir las circunstancias sociales y de fomento de empleo en su actividad náutica, por lo que es más que evidente nuestro voto favorable para declararla de especial interés o utilidad municipal, tal y como consta también en el informe.*

*No podemos, sin embargo, dejar de mostrar nuestro asombro de que estos dos asuntos —ya lo dije en el primero también— sean todos los asuntos elevados al Pleno con los que el Gobierno local parece que va a cerrar el año. En todo caso, insistir en el voto favorable.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas e desculpe, señora Faraldo.

*Muchas gracias y disculpe, señora Faraldo.*

Turno, agora si, para o Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

*Turno, ahora sí, para el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

"Con pólvora e magnolias" é un grande poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín, que á súa vez dá título a unha coñecida sección dun xornal de Santiago de Compostela, por iso pido que me permitan que aproveite esta intervención para repartir pólvora e magnolias.

*"Con pólvora y magnolias" es un gran poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín, que a su vez da título a una conocida sección de un periódico de Santiago de Compostela, por eso pido que me permitan que aproveche esta intervención para repartir pólvora y magnolias.*

Magnolias, tamén o quero expresar en nome do BNG, porque A Coruña foi escollida sede da AESIA. Doulle os parabéns á UDC, promotora da candidatura, doullo tamén ao Goberno municipal porque creo que é xusto, ser críticos non é incompatible con saber recoñecer os méritos, e creo que tamén debemos parabenizarnos todos e todas polo consenso ao que chegamos todas as forzas políticas e axentes sociais para dotar de máis forza a candidatura. Agardo, iso si, que todos comprendamos que ser sede da AESIA non é un fin en si mesmo. Moito máis importante que A Coruña acolla a sede física da axencia é aproveitar esta oportunidade para establecer sinerxias que permitan impulsar con máis forza o proxecto da Cidade das TIC e desenvolver todo o potencial da área da Coruña no eido das novas tecnoloxías.

*Magnolias, también lo quiero expresar en nombre del BNG, porque A Coruña fue escogida sede de la AESIA. Le doy la enhorabuena a la UDC, promotora de la candidatura, se la doy también al Gobierno municipal porque creo que es justo, ser críticos no es incompatible con saber reconocer los méritos, y creo que también debemos felicitarnos todos y todas por el consenso al que llegamos todas las fuerzas políticas y agentes sociales para dotar de más fuerza a la candidatura. Espero, eso sí, que todos comprendamos que ser sede de la AESIA no es un fin en sí mismo. Mucho más importante que A Coruña acoja la sede física de la agencia es aprovechar esta oportunidad para establecer sinergias que permitan impulsar con más fuerza el proyecto de la Ciudad de las TIC y desarrollar todo el potencial del área de A Coruña en el campo de las nuevas tecnologías.*

Mais tamén ten que haber un lugar para a pólvora porque este é o último pleno ordinario do ano, os orzamentos nin están

*Pero también tiene que haber un lugar para la pólvora porque este es el último pleno ordinario del año, los presupuestos*

nin se lles espera e o único asunto de carácter resolutivo que traslada a Pleno o Goberno é un asunto menor. O BNG non se vai opoñer á aprobación da declaración de especial interese ou utilidade municipal. É un requisito previo tras a solicitude da bonificación para a concesión dunha bonificación fiscal do 50 % da cota íntegra do IBI. Estamos ante un proceso regrado. A Ordenanza fiscal número 51, como xa se explicou, establece que gozarán dunha bonificación da cota íntegra do IBI os bens inmóbeis de características especiais que pertenzan ao grupo de bens de aeroportos e portos comerciais nos que se desenvolvan actividades económicas que se declaren de especial interese ou utilidade municipal por concorrer en circunstancias sociais e de fomento do emprego. E a estes efectos considérase que concorren ditas circunstancias cando no ben inmóbel se desenvolvan, entre outras, actividades náuticas que deben constituír a actividade principal do negocio. E a empresa solicitante cumpre estes requisitos tanto no obxecto social da mesma como no peso que representa a actividade náutica na súa facturación. Por tanto, se nos opuxésemos, estaríamos actuando con criterios totalmente discrecionais nun asunto que está normativizado. Iso si, esta é a terceira solicitude de concesión deste beneficio fiscal, non parece que o establecemento desta bonificación nos casos nos que concorren circunstancias sociais e de fomento do emprego estea tendo unha grande acollida, mais en calquera caso, polas razóns expresadas, porque se non o fixéramos así estaríamos introducindo criterios totalmente discrecionais nun procedemento que está regrado, o BNG vai votar a favor, pero iso si, volvemos reiterar, cremos que hoxe, en materia fiscal, este pleno o que tiña era que estar debatendo un proxecto de orzamentos e as modificacións nas ordenanzas fiscais,

*ni están ni se les espera y el único asunto de carácter resolutivo que traslada a Pleno el Gobierno es un asunto menor. El BNG no se va a oponer a la aprobación de la declaración de especial interés o utilidad municipal. Es un requisito previo tras la solicitud de la bonificación para la concesión de una bonificación fiscal del 50 % de la cuota íntegra del IBI. Estamos ante un proceso reglado. La Ordenanza fiscal número 51, como ya se explicó, establece que disfrutarán de una bonificación de la cuota íntegra del IBI los bienes inmuebles de características especiales que pertenezcan al grupo de bienes de aeropuertos y puertos comerciales en los que se desarrollen actividades económicas que se declaren de especial interés o utilidad municipal por concurrir en circunstancias sociales y de fomento del empleo. Y a estos efectos se considera que concurren dichas circunstancias cuando en el bien inmueble se desarrollen, entre otras, actividades náuticas que deben constituir la actividad principal del negocio. Y la empresa solicitante cumple estos requisitos tanto en el objeto social de la misma como en el peso que representa la actividad náutica en su facturación. Por tanto, si nos opusiéramos, estaríamos actuando con criterios totalmente discrecionales en un asunto que está normativizado. Eso sí, esta es la tercera solicitud de concesión de este beneficio fiscal, no parece que el establecimiento de esta bonificación en los casos en los que concurren circunstancias sociales y de fomento del empleo esté teniendo una gran acogida, pero en cualquier caso, por las razones expresadas, porque si no lo hiciéramos así estaríamos introduciendo criterios totalmente discrecionales en un procedimiento que está reglado, el BNG va a votar a favor, pero eso sí, volvemos a reiterar, creemos que hoy, en materia fiscal, este pleno lo que tenía era que estar debatiendo un proyecto de presupuestos y las modificaciones en las ordenanzas*

non un asunto fiscal obxectivamente menor.

*fiscales, no un asunto fiscal objetivamente menor.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera, tamén polas súas felicitacións.

*Muchas gracias, señor Jorquera, también por sus felicitaciones.*

Poden pasar os concelleiros e concelleira da Marea, pode saír, señor Deus.

*Pueden pasar los concejales y concejala de la Marea, puede salir, señor Deus.*

**Ás once horas e tres minutos entran no Salón de Sesións o señor Lema Suárez e a señora Cameán Calvete e sae o señor Deus Álvarez.**

***A las once horas y tres minutos entran en el Salón de Sesiones el señor Lema Suárez y la señora Cameán Calvete y sale el señor Deus Álvarez.***

Turno para a Marea Atlántica, señora García.

*Turno para la Marea Atlántica, señora García.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si, grazas.

*Sí, gracias.*

Moi bos días a todas as persoas que van seguindo este pleno, ao alumnado que nos acompaña dende a tribuna, compañeiros e compañeiras de Corporación, funcionariado, medios de comunicación.

*Muy buenos días a todas las personas que van siguiendo este pleno, al alumnado que nos acompaña desde la tribuna, compañeros y compañeras de Corporación, funcionariado, medios de comunicación.*

Último pleno do ano, estamos a 13 de decembro e é un pleno baleiro de contido, tan baleiro de contido que, por primeira vez neste mandato, se debate unha toma de coñecemento. Nós tomamos nota, señora Rey, para o futuro de que agora se poden debater tomas de coñecemento. Este é o único asunto da parte resolutiva que imos votar o resto dos grupos municipais e unha declaración de especial interese de utilidade municipal para unha actividade para recibir unha bonificación do 50 % da cota do IBI. A Marea Atlántica vai votar a favor. É unha reforma introducida pola Marea Atlántica en 2015, un ano no que, ademais desta

*Último pleno del año, estamos a 13 de diciembre y es un pleno vacío de contenido, tan vacío de contenido que, por primera vez en este mandato, se debate una toma de conocimiento. Nosotros tomamos nota, señora Rey, para el futuro de que ahora se pueden debatir tomas de conocimiento. Este es el único asunto de la parte resolutiva que vamos a votar el resto de los grupos municipales y una declaración de especial interés de utilidad municipal para una actividad para recibir una bonificación del 50 % de la cuota del IBI. La Marea Atlántica va a votar a favor. Es una reforma introducida por la Marea Atlántica en 2015, un año en el que,*

medida e este tipo de bonificacións que estaban pensadas fundamentalmente, xa non só para actividades náuticas, senón para o sector pesqueiro, a lonxa, pois ademais deste tipo de reformas se estableceron outras que era interesantes como foi o dereito universal á auga, a cota cero no recibo da auga, o gravame ás vivendas baleiras, o gravame no IBI, unha reforma que nunca se puido aplicar porque nin a Xunta nin o Estado fixeron os deberes definindo o que se consideraba unha vivenda baleira; tamén se estableceron medidas para fomentar as vivendas de protección oficial e, ademais, en 2015 se utilizou a política fiscal para fomentar a protección do medio ambiente, para establecer novos colectivos destinatarios de bonificacións para aliviar a súa carga como foron as familias monoparentais o ano pasado, e dende Marea Atlántica entendemos que a política fiscal sirve para iso, sirve para recadar máis de quen se pode permitir pagar máis, sirve para aliviar a quen sufre unha carga excesiva en función da súa renda, serve para redistribuír a riqueza, serve para facer política medioambiental, política social, e non estou falando ao aire, xa temos proposto aquí, por exemplo, a eliminación do copagamento no servizo de axuda no fogar ou a correlación da taxa de recollida de lixo á colaboración cidadá e a separación en orixe. Que o Goberno teña anunciado unha conxelación de impostos e de taxas non é unha boa noticia. Significa que se renuncia a todo iso, se renuncia a recadar máis, se renuncia a aliviar máis a quen o necesita, se renuncia a facer política social e política fiscal a través dos impostos e das taxas. E moito nos tememos dende Marea Atlántica que isto non sexa unha decisión activa. Non é que o Goberno decida activamente conxelar impostos e taxas, senón que, simplemente, lles pillou o touro. Chegamos ao mes de novembro, ao mes

*además de esta medida y este tipo de bonificaciones que estaban pensadas fundamentalmente, ya no solo para actividades náuticas, sino para el sector pesquero, la lonja, pues además de este tipo de reformas se establecieron otras que era interesantes como fue el derecho universal al agua, la cuota cero en el recibo del agua, el gravamen a las viviendas vacías, el gravamen en el IBI, una reforma que nunca se pudo aplicar porque ni la Xunta ni el Estado hicieron los deberes definiendo lo que se consideraba una vivienda vacía; también se establecieron medidas para fomentar las viviendas de protección oficial y, además, en 2015 se utilizó la política fiscal para fomentar la protección del medio ambiente, para establecer nuevos colectivos destinatarios de bonificaciones para aliviar su carga como fueron las familias monoparentales el año pasado, y desde Marea Atlántica entendemos que la política fiscal sirve para eso, sirve para recaudar más de quien se puede permitir pagar más, sirve para aliviar a quien sufre una carga excesiva en función de su renta, sirve para redistribuir la riqueza, sirve para hacer política medioambiental, política social, y no estoy hablando al aire, ya hemos propuesto aquí, por ejemplo, la eliminación del copago en el servicio de ayuda en el hogar o la correlación de la tasa de recogida de basura a la colaboración ciudadana y la separación en origen. Que el Gobierno haya anunciado una congelación de impuestos y de tasas no es una buena noticia. Significa que se renuncia a todo eso, se renuncia a recaudar más, se renuncia a aliviar más a quien lo necesita, se renuncia a hacer política social y política fiscal a través de los impuestos y de las tasas. Y mucho nos tememos desde Marea Atlántica que esto no sea una decisión activa. No es que el Gobierno decida activamente congelar impuestos y tasas, sino que, simplemente, les pilló el toro. Llegamos al mes de*

de decembro e non tiñan unha proposta fiscal para o 2023. É unha cuestión de que o Goberno renuncia a gobernar e isto hai que dicilo, pois, con todas as letras.

*noviembre, al mes de diciembre y no tenían una propuesta fiscal para el 2023. Es una cuestión de que el Gobierno renuncia a gobernar y esto hay que decirlo, pues, con todas las letras.*

Por suposto que tamén saudamos e felicitamos a consecución da sede da AESIA para A Coruña, pero non pode significar unha amnesia do que un goberno local ten que facer, e ten que presentar un proxecto de orzamentos, ten que presentar un proxecto de ordenanzas fiscais, ten que, polo menos, elaborar unha proposta de anexo de convenios para que as entidades non sufran esta demora ou este desleixo, e ten que executar os orzamentos en vigor. Dende ese punto de vista, señora Rey, queremos lembrar que estamos a 12 de decembro, que estamos no último pleno ordinario do ano e que ten a súa casa sen varrer, e hai que dicilo así. De tódolos xeitos, dende Marea Atlántica agradecemos o interese de todos os grupos nas propostas orzamentarias da Marea Atlántica e convidámoslles, incluso, a que nos voten nas eleccións municipais de 2023. Moitas grazas.

*Por supuesto que también saludamos y felicitamos la consecución de la sede de la AESIA para Coruña, pero no puede significar una amnesia de lo que un gobierno local tiene que hacer, y tiene que presentar un proyecto de presupuestos, tiene que presentar un proyecto de ordenanzas fiscales, tiene que, por lo menos, elaborar una propuesta de anexo de convenios para que las entidades no sufran esta demora o esta dejadez, y tiene que ejecutar los presupuestos en vigor. Desde ese punto de vista, señora Rey, queremos recordar que estamos a 12 de diciembre, que estamos en el último pleno ordinario del año y que tiene su casa sin barrer, y hay que decirlo así. De todas las maneras, desde Marea Atlántica agradecemos el interés de todos los grupos en las propuestas presupuestarias de la Marea Atlántica y les invitamos, incluso, a que nos voten en las elecciones municipales de 2023. Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora García. Queda aí a suxerencia, creo que aínda non se pode pedir o voto segundo a LOREG, pero bueno, imos facer así, pasar polo aire.

*Muchas gracias, señora García. Queda ahí la sugerencia, creo que aún no se puede pedir el voto según la LOREG, pero bueno, vamos a hacer así, pasar por lo alto.*

Pode pasar, señor Deus.

*Puede pasar, señor Deus.*

Turno para o Partido Popular, señora Gallego.

*Turno para el Partido Popular, señora Gallego.*

**Ás once horas e sete minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

***A las once horas y siete minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

***Señora Gallego Neira***

**Señora Gallego Neira**

*Si, moitas grazas.*

*Bo día aos compañeiros de Corporación, aos funcionarios municipais, medios de comunicación e a quen segue este pleno, especialmente aos alumnos que nos acompañan.*

*Eu aproveito para felicitar o Nadal a todos pero supoño que no aninovo teremos ocasión, porque terá que haber un pleno para aprobar a conta xeral do ano pasado antes de que remate o ano, porque xa vai fóra de prazo.*

*Traen a Pleno hoxe, 13 de decembro, 18 días faltan para que termine o ano, un único asunto para a súa aprobación. O anterior era unha simple toma de coñecemento e quero lembrarlle ao señor Lage, que di que pedimos 5 minutos para falar dun asunto que se vota, que é o normal, debater un asunto que se vai a votar, o anormal ou non normal é debater un asunto que non se vai a votar porque as tomas de coñecemento, e así se acordou na Xunta de Portavoces, denegóuselle á Marea Atlántica varias veces, non se debaten, pero claro, 20 minutos falando de IRIS e de non sei que e facendo anuncios, pois é ao que nos referiamos co da rolda de prensa.*

*O único asunto que traen a Pleno é a declaración de especial interese ou utilidade pública das actividades náuticas realizadas por unha empresa en bens inmobles para a concesión da bonificación do IBI correspondente. Ao límite tráeno, porque se lle ten que aplicar o ano que vén e a solicitude presentárona o día 10 de maio. Do que nada se sabe é do orzamento municipal para o próximo ano, ben, si se sabe, sábese que o ano que vén vai empezar sen orzamento novo, hoxe confírmase que o 2023 imos ter o orzamento de 2022 prorrogado, levarano nos próximos días*

Sí, muchas gracias.

Buenos días a los compañeros de Corporación, a los funcionarios municipales, medios de comunicación y a quienes siguen este pleno, especialmente a los alumnos que nos acompañan.

Yo aprovecho para felicitar la Navidad a todos pero supongo que en el año nuevo tendremos ocasión, porque tendrá que haber un pleno para aprobar la cuenta general del año pasado antes de que termine el año, porque ya va fuera de plazo.

Traen a Pleno hoy, 13 de diciembre, 18 días faltan para que termine el año, un único asunto para su aprobación. El anterior era una simple toma de conocimiento y quiero recordarle al señor Lage, que dice que pedimos 5 minutos para hablar de un asunto que se vota, que es lo normal, debatir un asunto que se va a votar, lo anormal o no normal es debatir un asunto que no se va a votar porque las tomas de conocimiento, y así se acordó en la Junta de Portavoces, se le denegó a la Marea Atlántica varias veces, no se debaten, pero claro, 20 minutos hablando de IRIS y de no sé qué y haciendo anuncios, pues es a lo que nos referíamos con lo de la rueda de prensa.

El único asunto que traen a Pleno es la declaración de especial interés o utilidad pública de las actividades náuticas realizadas por una empresa en bienes inmuebles para la concesión de la bonificación del IBI correspondiente. Al límite lo traen, porque se le tiene que aplicar el año que viene y la solicitud la presentaron el día 10 de mayo. De lo que nada se sabe es del presupuesto municipal para el próximo año, bueno, sí se sabe, se sabe que el año que viene va a empezar sin presupuesto nuevo, hoy se confirma que el 2023 vamos a tener el presupuesto de 2022 prorrogado, lo llevarán en los próximos

*a prórroga a Xunta de Goberno, oxalá estivese tan segura do número do gordo de Nadal. De aquí ás eleccións igual haberá IRIS pero orzamento, como moito un borrador.*

*No asunto que debatemos gustaríame facer memoria e lembrar que en 2015 Marea e PSOE puxéronse de acordo para subir o IBI ao Porto para 2016 e así segue ata hoxe, nun momento no que se podía baixar o IBI, o IBI que si, que efectivamente subira o Partido Popular porque Zapatero deixou o país en quebra, ao bordo da quebra, ao bordo do rescate, decidiron conxelalo mentres en Santiago e Ferrol baixaron o IBI nese ano. Non contentos con iso, subiron o IBI ás empresas portuarias máis do dobre, e tampouco contentos con iso, en 2019, señor Lage, subiron o IBI, nada máis chegar Inés Rey á Alcaldía vía catastrazo, un 3 %. A Marea e o PSOE aprobaron en 2016 incrementar o IBI ás empresas portuarias o 1,3, máis do dobre do que existía nese momento que era o 0,6. Este incremento do IBI supuxo un aumento da recadación de 1 millón de euros ao ano, é dicir, un incremento medio de 18.000 € anuais a cada empresa non pesqueira, mesmo ás pesqueiras que non soliciten a bonificación. E que fixeron estes anos con ese diñeiro? 7 millóns, son 7 anos Marea e PSOE. Pois nada porque non executan os orzamentos. Agora mesmo, ben, o mes pasado, tiñan 77 millóns de investimentos nos barrios sen gastar.*

*Señora Rey, están a tempo de destinar ese diñeiro que recadaron de máis estes anos para o convenio do Porto, por exemplo, do que seguimos sen saber nada. A ordenanza que aprobaron Marea e PSOE en 2015 segue vixente hoxe e recoñece, efectivamente, unha bonificación do 50 % da cota íntegra para empresas pesqueiras que non é automática senón*

días la prórroga a Junta de Gobierno, ojalá estuviera tan segura del número del gordo de Navidad. De aquí a las elecciones igual habrá IRIS pero presupuesto, como mucho un borrador.

En el asunto que debatimos me gustaría hacer memoria y recordar que en 2015 Marea y PSOE se pusieron de acuerdo para subir el IBI al Puerto para 2016 y así sigue hasta hoy, en un momento en el que se podía bajar el IBI, el IBI que sí, que efectivamente había subido el Partido Popular porque Zapatero dejó el país en quiebra, al borde de la quiebra, al borde del rescate, decidieron congelarlo mientras en Santiago y Ferrol bajaron el IBI en ese año. No contentos con eso, subieron el IBI a las empresas portuarias más del doble, y tampoco contentos con eso, en 2019, señor Lage, subieron el IBI, nada más llegar Inés Rey a la Alcaldía vía catastrazo, un 3 %. La Marea y el PSOE aprobaron en 2016 incrementar el IBI a las empresas portuarias el 1,3, más del doble del que existía en ese momento que era el 0,6. Este incremento del IBI supuso un aumento de la recaudación de 1 millón de euros al año, es decir, un incremento medio de 18.000 € anuales a cada empresa no pesquera, incluso a las pesqueras que no soliciten la bonificación. ¿Y qué hicieron estos años con ese dinero? 7 millones, son 7 años Marea y PSOE. Pues nada porque non ejecutan los presupuestos. Ahora mismo, bueno, el mes pasado, tenían 77 millones de inversiones en los barrios sin gastar.

Señora Rey, están a tiempo de destinar ese dinero que recaudaron de más estos años para el convenio del Puerto, por ejemplo, del que seguimos sin saber nada. La ordenanza que aprobaron Marea y PSOE en 2015 sigue vigente hoy y reconoce, efectivamente, una bonificación del 50 % de la cuota íntegra para empresas pesqueras que no es automática sino que hay que

*que hai que solicitala individualmente e traer a Pleno para aprobar ou non o interese xeral ou utilidade pública de cada unha das solicitudes no caso de que se cumpran as condicións esixidas, bonificación que, aínda no caso de que sexa concedida, é superior un incremento sobre a cota que tiñan anteriormente. É un simple cálculo matemático dun neno de primaria. E niso estamos hoxe. Esa empresa solicita esa declaración de especial interese ou utilidade pública para 2023 porque a súa principal actividade é náutica, que é un dos supostos polos que se concede. Ata a data, soamente a Lonxa e outra empresa máis pediron esta declaración para que se lles aplique a bonificación, é dicir, non todas as empresas pesqueiras da cidade acórdanse de solicitar a súa caridade fiscal ou non todas saben que poden solicitala, e está claro porque, por exemplo, a empresa que hoxe o solicita leva 7 anos sen pedilo, e o Concello cobrou o 100 % cando tiña dereito a esta bonificación. E como esta outras tantas.*

*Obviamente, o Grupo do Partido Popular vai ser favorable, non polo diálogo —que logo presumen de que aproban non sei cantos asuntos que traen ao Pleno e apróbanse todos— senón porque ten dereito, non se lle pode denegar, esta empresa ten dereito e así o din os informes, pero cremos que deberían rectificar e volver aplicar o tipo impositivo do 0,6 %, rectificando así unha subida de impostos inxustificada a un sector moi importante na xeración de emprego e riqueza na cidade. Toca baixar impostos, señor Lage, eu repítoo unha vez máis e seguirémolo repetindo. Conxelalos co IPC en máximos históricos ou a cesta da compra disparada, cos recibos da luz, gas, combustibles e produtos básicos polas nubes é como subilos porque non permite ter máis diñeiro no peto. Si permite ao Concello*

solicitarla individualmente y traer a Pleno para aprobar o no el interés general o utilidad pública de cada una de las solicitudes en caso de que se cumplan las condiciones exigidas, bonificación que, aún en el caso de que sea concedida, es superior un incremento sobre la cuota que tenían anteriormente. Es un simple cálculo matemático de un niño de primaria. Y en eso estamos hoy. Esa empresa solicita esa declaración de especial interés o utilidad pública para 2023 porque su principal actividad es náutica, que es uno de los supuestos por los que se concede. Hasta la fecha, solamente la Lonja y otra empresa más han pedido esta declaración para que se les aplique la bonificación, es decir, no todas las empresas pesqueras de la ciudad se acuerdan de solicitar su caridad fiscal o no todas saben que pueden solicitarla, y está claro porque, por ejemplo, la empresa que hoy lo solicita lleva 7 años sin pedirlo, y el Ayuntamiento ha cobrado el 100 % cuando tenía derecho a esta bonificación. Y como esta otras tantas.

Obviamente, el Grupo del Partido Popular va a ser favorable, no por el diálogo —que luego presumen de que aprueban no sé cuántos asuntos que traen al Pleno y se aprueban todos— sino porque tiene derecho, no se le puede denegar, esta empresa tiene derecho y así lo dicen los informes, pero creemos que deberían rectificar y volver a aplicar el tipo impositivo del 0,6 %, rectificando así una subida de impuestos injustificada a un sector muy importante en la generación de empleo y riqueza en la ciudad. Toca bajar impuestos, señor Lage, yo lo repito una vez más y lo seguiremos repitiendo. Congelarlos con el IPC en máximos históricos o la cesta de la compra disparada, con los recibos de la luz, gas, combustibles y productos básicos por las nubes es como subirlos porque no permite tener más dinero en el bolsillo. Sí permite

*recadar máis, toca baixar os impostos para axudar ás familias, autónomos e pemes.*

*Nada máis e moitas grazas.*

al Ayuntamiento recaudar más, toca bajar los impuestos para ayudar a las familias, autónomos y pymes.

Nada más y muchas gracias.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Gallego. Grazas ao Partido Popular.

Turno para o grupo de Goberno, señor Lage.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Gallego. Gracias al Partido Popular.*

*Turno para el grupo de Gobierno, señor Lage.*

**Señor Lage Tuñas**

Xa a botaba de menos, señora Gallego. A verdade é que é un pracer debater con vostede, a pesar de que recurre aos clásicos: falar de Zapatero, en fin, un desastre, aínda está o país de pé. Fíxese vostede que anunciou o novo xefe de filas do Partido Popular, o señor Feijóo, tamén a apocalipse en xaneiro, e bueno, parece que non. Xa a anunciou previamente en setembro, e parece que non, parece que non, que se ía acabar o mundo pero non acabou. Tódolos males antes eran Zapatero, agora é o señor Sánchez. A vostede só lle faltou dicir o que dixo Cristóbal Montoro cando se lle pediu ao Partido Popular que axudara, non sei se o recorda: *se España cae que caia que xa a levantaremos.* Ese é o patriotismo, pero patriotismo de *lata*, que ten o Partido Popular. Vostede volve aos clásicos, *o catastrazo.*

Di que non executamos o orzamento. Señora Gallego, pero se non hai máis que queixas porque está a cidade chea de obras. Hai que poñerse de acordo, ten que poñerse de acordo co seu compañeiro da bancada traseira, basicamente, polo menos para que algún día digan o mesmo. Hai obras ou non hai obras? Voulle dar eu o dato. Neste momento, na cidade hai 67 obras en execución. Supoño, supoño, non

***Señor Lage Tuñas***

*Ya la echaba de menos, señora Gallego. La verdad es que es un placer debatir con usted, a pesar de que recurre a los clásicos: hablar de Zapatero, en fin, un desastre, aún está el país de pie. Fíjese usted que anunció el nuevo jefe de filas del Partido Popular, el señor Feijóo, también el apocalipsis en enero, y bueno, parece que no. Ya lo anunció previamente en septiembre, y parece que no, parece que no, que se iba a acabar el mundo pero no acabó. Todos los males antes eran Zapatero, ahora es el señor Sánchez. A usted solo le faltó decir lo que dijo Cristóbal Montoro cuando se le pidió al Partido Popular que ayudase, no sé si lo recuerda*: si España cae que caiga que ya la levantaremos. *Ese es el patriotismo, pero patriotismo de hojalata, que tiene el Partido Popular. Usted vuelve a los clásicos, el catastrazo.*

*Dice que no ejecutamos el presupuesto. Señora Gallego, pero si no hay más que quejas porque está la ciudad llena de obras. Hay que ponerse de acuerdo, tiene que ponerse de acuerdo con su compañero de la bancada trasera, básicamente, por lo menos para que algún día digan lo mismo. ¿Hay obras o no hay obras? Le voy a dar yo el dato. En este momento, en la ciudad hay 67 obras en ejecución. Supongo,*

sei, creo que o señor Lorenzo quería falar, teñen que poñerse de acordo para ver quen fala porque agora o señor Lorenzo quere falar. A ver, 67 obras, 67 obras. Agora para vostede tamén teño, señor Lorenzo, quédese tranquilo que agora lle vou a contar unhas cantas. 67 obras. Iso quere dicir que se está executando o orzamento, salvo que vostedes pensen que vén alguén polas noites e se pon a facer as obras sen recursos, sen contrato, etc. Pode ser.

*supongo, no sé, creo que el señor Lorenzo quería hablar, tienen que ponerse de acuerdo para ver quien habla porque ahora el señor Lorenzo quiere hablar. A ver, 67 obras, 67 obras. Ahora para usted también tengo, señor Lorenzo, quédese tranquilo que ahora le voy a contar unas cuantas. 67 obras. Eso quiere decir que se está ejecutando el presupuesto, salvo que ustedes piensen que viene alguien por las noches y se pone a hacer las obras sin recursos, sin contrato, etc. Puede ser.*

Admítolle unha crítica, señora Gallego, admítolle unha crítica, porque a ponderación e o equilibrio tamén están en ser capaces de recoñecer algunhas cousas, e eu recoñézolle que, ao mellor, non publicitamos o suficiente as bonificacións, pode ter razón. Só ten un matiz: agora hai 28 bonificacións ao longo deste mandato con Inés Rey como alcaldesa. Cando vostede era concelleira de Facenda e o señor Lorenzo concelleiro de Servizos Sociais, sabe cantas bonificacións había pensando nas empresas, nos emprendedores, nas persoas que peor o pasan? Mire para min, que eu sei que lle gusta, mire: cero, cero. Esas eran as bonificacións que había cando vostedes gobernaban. Agora temos que mellorar, e eu recoñézolle, vamos a facer a publicidade suficiente sobre esas bonificacións. Despois non me veñan con queixas de que facemos moita publicidade, eu só advirto.

*Le admito una crítica, señora Gallego, le admito una crítica, porque la ponderación y el equilibrio también están en ser capaces de reconocer algunas cosas, y yo le reconozco que, a lo mejor, no publicitamos lo suficiente las bonificaciones, puede tener razón. Solo tiene un matiz: ahora hay 28 bonificaciones a lo largo de este mandato con Inés Rey como alcaldesa. Cuando usted era concejala de Hacienda y el señor Lorenzo concejal de Servicios Sociales, ¿sabe cuántas bonificaciones había pensando en las empresas, en los emprendedores, en las personas que peor lo pasan? Míreme, que yo sé que le gusta, mire: cero, cero. Esas eran las bonificaciones que había cuando ustedes gobernaban. Ahora tenemos que mejorar, y yo le reconozco, vamos a hacer la publicidad suficiente sobre esas bonificaciones. Después no me vengan con quejas de que hacemos mucha publicidad, yo solo advierto.*

Quero rematar, primeiro, agradecendo o apoio favorable, como non pode ser doutro xeito, pero quero rematar, como non pode ser tamén doutra maneira, dado que me deron a oportunidade de falar do acontecemento máis importante que tivo esta cidade seguramente nos últimos 15 anos, agradecendo á señora Soneira as súas palabras, ao señor Jorquera e á señora García porque foron capaces de

*Quiero finalizar, primero, agradeciendo el apoyo favorable, como no puede ser de otro modo, pero quiero finalizar, como no puede ser también de otra manera, dado que me dieron la oportunidad de hablar del acontecimiento más importante que tuvo esta ciudad seguramente en los últimos 15 años, agradeciendo a la señora Soneira sus palabras, al señor Jorquera y a la señora García porque fueron capaces de*

recoñecer o liderazgo da nosa alcaldesa, de Inés Rey conseguindo que a Axencia de Supervisión da Intelixencia Artificial teña a súa sede na Coruña. Se algo queda claro é que esta cidade ten liderazgo e o liderazgo ten nomes e apelidos, que é Inés Rey García, pero o señor Lorenzo, a verdade é que pide por elas, mire que estaba aí, quería falar... Quero, señor Lorenzo, quero recordar hoxe, que é un día magnífico, a verdade é que tiveron a oportunidade, sempre deixan pasar as oportunidades para recoñecer o bo traballo da nosa alcaldesa e deste goberno que, ao mellor non fai actos moi pomposos, vostede falaba de que quería actos pomposos, parecíalle que eran así un pouco sosos, non sei se o recorda, señor Lorenzo. Voulle ler eu algo a ver se refrescamos a memoria: *outras cidades lévannos vantaxe e vemos con preocupación que o Goberno municipal está a outras cosas como regalarlle a cidade a Sánchez para unhas fotos pero sen ningún logro para os veciños.* Pero hai máis: *de nada servirá que todos deamos o noso apoio se o Goberno municipal non fai os deberes e non prepara e non defende a proposta coruñesa como debe. Aquí non se fixo nada, o único que sabemos é unha nova dunha reunión de dous alcaldes...* Menudas coñitas con iso, non eran só súas, canta xente o pasou mal o luns día 5. *O voceiro popular lamenta a inacción municipal en asuntos como a petición da Axencia. Non vale enganar dese xeito aos coruñeses. A alcaldesa tiña que ter presentado e encabezado un proxecto tal e como fixeron outras cidades, e non o fixo,* dicía o señor Lorenzo. *Noutras cidades presentáronse proxectos sólidos pilotados polos seus alcaldes, que se acompañaron de empresas, colectivos e institucións para ir todos a unha. Aquí non se fixo nada.*

Son palabras súas, señor Lorenzo. Eu non

*reconocer el liderazgo de nuestra alcaldesa, de Inés Rey consiguiendo que la Agencia de Supervisión de la Inteligencia Artificial tenga su sede en A Coruña. Si algo queda claro es que esta ciudad tiene liderazgo y el liderazgo tiene nombres y apellidos, que es Inés Rey García, pero el señor Lorenzo, la verdad es que pide por ellas, mire que estaba ahí, quería hablar... Quiero, señor Lorenzo, quiero recordar hoy, que es un día magnífico, la verdad es que tuvieron la oportunidad, siempre dejan pasar las oportunidades para reconocer el buen trabajo de nuestra alcaldesa y de este gobierno que, a lo mejor no hace actos muy pomposos, usted hablaba de que quería actos pomposos, le parecía que eran así un poco sosos, no sé si lo recuerda, señor Lorenzo. Le voy a leer yo algo a ver si refrescamos la memoria*: otras ciudades nos llevan ventaja y vemos con preocupación que el Gobierno municipal está a otras cosas como regalarle la ciudad a Sánchez para unas fotos pero sin ningún logro para los vecinos. Pero hay más: de nada servirá que todos demos nuestro apoyo si el Gobierno municipal no hace los deberes y no prepara y no defiende la propuesta coruñesa como debe. Aquí no se hizo nada, lo único que sabemos es una noticia de una reunión de dos alcaldes... *Menudas coñitas con eso, no eran solo suyas, cuánta gente lo pasó mal el lunes día 5.* El portavoz popular lamenta la inacción municipal en asuntos como la petición de la Agencia. No vale engañar de esa manera a los coruñeses. La alcaldesa tenía que haber presentado y encabezado un proyecto tal y como hicieron otras ciudades, y no lo hizo, *decía el señor Lorenzo.* En otras ciudades se presentaron proyectos sólidos pilotados por sus alcaldes, que se acompañaron de empresas, colectivos e instituciones para ir todos a una. Aquí no se hizo nada.

*Son palabras suyas, señor Lorenzo. Yo no*

sei se o sabe pero eu recórdollo. *Non sei por que Inés Rey non quere que esta iniciativa saia adiante e logo bótalles a culpa aos outros.* E logo falamos da película de Amenábar. Vostede falaba de *todos os demais. É como a estudante que non compra o libro, non toma apuntes e, nin sequera se matricula da materia e logo, cando a suspenden, bótalle a culpa ao profesor. Estou preocupado. Se ves outras cidades dáste conta de que imos por tras.*

Señor Lorenzo, espero que acerte moito máis noutras cousas. Vostede cre que despois de todo o que botou pola súa boquiña non sería un exercicio de humildade que lle daría máis credibilidade recoñecer o papel da nosa alcaldesa, de Inés Rey liderando esta cidade, con discreción, facendo o traballo onde había que facelo. E, por certo, o Goberno de Pedro Sánchez, señor Lorenzo, o Goberno de Pedro Sánchez que lle dou a esta cidade a AESIA, hai que recoñecelo e hai que ser capaces de ter un pouquiño máis de prudencia. Polo tanto, se quere intervir no Pleno dígalle á señora Gallego que lle deixe falar, pero cando un vén a buscalas, ás veces lévaas politicamente, porque, señor Lorenzo, o que sempre terá deste goberno e deste portavoz é o máximo respecto persoal, todo o respecto persoal. Politicamente, tódolos debates que fagan falta pero, persoalmente todo o respecto, non sei se me explico, pero espero que o entenda. O que si lle digo é que a crítica que fixeron, o que quedou en evidencia foi o luns 5 de decembro, o que esta cidade despois de moitos anos recuperaba un liderazgo a ollos de toda Galicia e de toda España e o facía da man de quen lidera o Goberno municipal e de quen lidera a cidade, que é Inés Rey. Eu xa sei que había moita xente esperando coa escopeta cargada. Teñen que gardala para outra ocasión. Por agora o que se fai é **(óese un sinal**

*sé si lo sabe pero yo se lo recuerdo.* No sé por qué Inés Rey no quiere que esta iniciativa salga adelante y luego les echa la culpa a los otros. *Y luego hablamos de la película de Amenábar. Usted hablaba de* todos los demás. Es como la estudiante que no compra el libro, no toma apuntes y, ni siquiera se matricula de la asignatura y luego, cuando le suspenden, le echa la culpa al profesor. Estoy preocupado. Si ves otras ciudades te das cuenta de que vamos por detrás.

*Señor Lorenzo, espero que acierte mucho más en otras cosas. Usted cree que después de todo lo que echó por su boquita no sería un ejercicio de humildad que le daría más credibilidad reconocer el papel de nuestra alcaldesa, de Inés Rey liderando esta ciudad, con discreción, haciendo el trabajo donde había que hacerlo. Y, por cierto, el Gobierno de Pedro Sánchez, señor Lorenzo, el Gobierno de Pedro Sánchez que le dio a esta ciudad la AESIA, hay que reconocerlo y hay que ser capaces de tener un poquito más de prudencia. Por lo tanto, si quiere intervenir en el Pleno dígale a la señora Gallego que le deje hablar, pero cuando uno viene a buscarlas, a veces las lleva políticamente, porque, señor Lorenzo, lo que siempre tendrá de este gobierno y de este portavoz es el máximo respeto personal, todo el respeto personal. Políticamente, todos los debates que hagan falta pero, personalmente todo el respeto, no sé si me explico, pero espero que lo entienda. Lo que sí le digo es que la crítica que hicieron, lo que quedó en evidencia fue el lunes 5 de diciembre, lo que esta ciudad después de muchos años recuperaba un liderazgo a ojos de toda Galicia y de toda España y lo hacía de la mano de quien lidera el Gobierno municipal y de quien lidera la ciudad, que es Inés Rey. Yo ya sé que había mucha gente esperando con la escopeta cargada. Tienen que guardarla para otra ocasión. Por ahora lo que se hace es* ***(se oye una señal acústica***

**acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** menos fuegos de artificio, menos descorchar champán pero moita máis eficacia, e eficacia chámase tren a Punta Langosteira, e chámase cumbre hispano-alemana e chámase sede da AESIA, e iso é o liderazgo da cidade. Despois o resto literatura. Nada máis.

***indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *menos fuegos de artificio, menos descorchar champán pero mucha más eficacia, y eficacia se llama tren a Punta Langosteira, y se llama cumbre hispano-alemana y se llama sede de la AESIA, y eso es el liderazgo de la ciudad. Después el resto literatura. Nada más.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Remata o debate e pasamos xa á votación deste punto.

**Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

**Presidencia**

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Finaliza el debate y pasamos ya a la votación de este punto.*

***Votación del asunto número tres***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PsdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

***Presidencia***

Moitas grazas. Queda aprobado por unanimidade.

*Muchas gracias. Queda aprobado por unanimidad.*

## Acordo

**PRIMEIRO.-** Declarar de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego, as actividades naúticas, realizadas pola empresa Figrupo Marinas S.L., no bens inmobles de características especiais de referencias catastrais 9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ, e que constitúen as actividades principais da empresa.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Dirección de área de Economía, Facenda e Réxime Interior aos efectos de tramitación do expediente de concesión de beneficio fiscal ao seguinte obrigado tributario:

**Nome:** FIGRUPO MARINAS, S.L.

**NIF:** B15997794

**Referencia catastral:**
9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ

**Duración do beneficio fiscal:** Exercicio 2023

**TERCEIRO.-** Do presente acordo darase traslado aos interesados para os efectos oportunos.

## *Acuerdo*

***PRIMERO.-*** *Declarar de especial interés o utilidad municipal, por concurrir circunstancias sociales y de fomento del empleo, las actividades naúticas, realizadas por la empresa Figrupo Marinas S.L en los bienes inmuebles de características especiales 9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE e 9012702NJ4091S0103UZ, y que constituyen las actividades principales de la empresa.*

***SEGUNDO.-*** *Dar traslado del presente acuerdo a la Dirección de área de Economía, Hacienda y Régimen Interior a los efectos de tramitación del expediente de concesión de beneficio fiscal al siguiente obligado tributario:*

***Nome:*** *FIGRUPO MARINAS, S.L.*

***NIF:*** *B15997794*

***Referencia catastral:***
*9012702NJ4091S0102YB, 9012702NJ4091S0111SE y 9012702NJ4091S0103UZ*

***Duración do beneficio fiscal:*** *Ejercicio 2023*

***TERCERO.-*** *Del presente acuerdo se dará traslado a los interesados a los efectos oportunos.*

## Intervencións

### Presidencia

Pasamos á parte non resolutiva de control e seguimento da xestión.

## Intervenciones

### *Presidencia*

*Pasamos a la parte no resolutiva de control y seguimiento de la gestión.*

Señor Secretario.

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

**1º. Ter coñecemento das resolucións por delegación da Xunta de Goberno Local e decretos da Alcaldía**

**<u>Señor Secretario</u>**

**188. Toma de coñecemento:**

-Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número vinte e tres mil cincocentos sesenta e sete (23.567) do sete de novembro do dous mil vinte e dous, á número vinte e seis mil doce (26.012), do tres de decembro de dous mil vinte e dous.

-E dos decretos da Alcaldía, desde o número oito mil douscentos vinte e un (8.221), do sete de novembro do dous mil vinte e dous, ao número nove mil cento setenta e sete (9.177), do tres de decembro do dous mil vinte e dous.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas. Pasamos ás mocións.

**<u>Señor Secretario</u>**

E rogos e preguntas a continuación.

**Ás once horas e vinte e seis minutos saen do Salón de Sesións os señores Jorquera Caselas, Lorenzo Torres e Martínez Durán, e a señora Gallego Neira.**

**<u>ÚNICA MOCION PRESENTADA POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA</u>**

*Señor Secretario.*

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

***1º. Tomar conocimiento de las resoluciones por delegación de la Junta de Gobierno Local y decretos de la Alcaldía***

***<u>Señor Secretario</u>***

***188. Toma de conocimiento:***

*-De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número veintitrés mil quinientos sesenta y siete (23.567), de siete de noviembre de dos mil veintidós, a la número veintiséis mil doce (26.012), de 3 de diciembre de dos mil veintidós.*

*-Y de los decretos de la Alcaldía, desde el número ocho mil doscientos veintiuno (8.221), de siete de noviembre de dos mil veintidós, al número nueve mil ciento setenta y siete (9.177), de tres de diciembre de dos mil veintidós.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias. Pasamos a las mociones.*

***<u>Señor Secretario</u>***

*Y ruegos y preguntas a continuación.*

***A las once horas y veintiséis minutos salen del Salón de Sesiones los señores Jorquera Caselas, Lorenzo Torres y Martínez Durán, y la señora Gallego Neira.***

***<u>ÚNICA MOCIÓN PRESENTADA POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA</u>***

**Única. Moción sobre as escaleiras da rúa Historiador Vedía.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular.**

**Presidencia**

Ben, primeira das mocións presentada pola concelleira non adscrita, dona Susana Soneira Lema sobre as escaleiras da rúa Historiador Vedía. Non constan emendas a esta moción e ten a palabra a propoñente, en primeiro lugar.

Señora Soneira, cando queira.

**Señora Soneira Lema**

Grazas alcaldesa.

A rúa Hisoriador Vedía comunica a rúa Cidade de Lugo coa rúa Maxistrado Manuel Artime, acortando a distancia peonil entre os barrios de Santa Margarida e o do ..., e de Xoán Flórez – San Pablo – Ensanche. Esta rúa é moi transitada dentro dunha zoa con moitas costas en ..., na que a alternativa supón desviarse moito se non se quere usar dita rúa.

Na rúa Historiador Vedía existen unhas escaleiras con 78 pasos que ocupan todo o ancho da calzada e supoñen unha clara dificultade para camiñar pola rúa. Sobre todo, ás persoas maiores ao ter que subir tantos pasos. É de destacar, que segundo as estadísticas do Padrón Continúo a fecha 1 de xaneiro de 2019 — publicado polo Instituto Nacional de Estadística—, a poboación do Ensanche ten un 38% de persoas maiores de 65 anos. Sendo este barrio un dos de poboación máis envellecido dos da Coruña capital. É sabido tamén, que A Coruña en distintas

***Única. Moción sobre las escaleras de la calle Historiador Vedía.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Popular.***

***Presidencia***

*Bien, primera de las mociones presentada por la concejala no adscrita, doña Susana Soneira Lema, sobre las escaleras de la calle Historiador Vedía. No constan enmiendas a esta moción y tiene la palabra la proponente, en primer lugar.*

*Señora Soneira, cuando quiera.*

***Señora Soneira Lema***

*Gracias alcaldesa.*

*La calle Hisoriador Vedía comunica la calle Ciudad de Lugo con la calle Magistrado Manuel Artime, acortando la distancia peatonal entre los barrios de Santa Margarita y el del ..., y de Juan Flórez – San Pablo – Ensanche. Esta calle es muy transitada dentro de una zona con muchas cuestas en…, en la que la alternativa supone desviarse mucho si no se quiere usar dicha calle.*

*En la calle Historiador Vedía existen unas escaleras con 78 pasos que ocupan todo el ancho de la calzada y suponen una clara dificultad para caminar por la calle. Sobre todo, a las personas mayores al tener que subir tantos pasos. Es de destacar, que según las estadísticas del Padrón Continuo a fecha 1 de enero de 2019 —publicado por el Instituto Nacional de Estadística—, la población del Ensanche tiene un 38% de personas mayores de 65 años. Siendo este barrio uno de los de población más envejecido de A Coruña capital. Es sabido también, que A Coruña en distintas áreas*

áreas doutros barrios conta con escaleiras mecánicas ou ascensores, uns xa implantados e outros en proxectos, para salvar desniveles similares ao que se encontra na rúa Historiador Vedía.

Ademais, en anos anteriores foi solicitada polos veciños, como é o caso da Asociación Xacarandaina, a montaxe dun ascensor nesta rúa. E mesmo, no ano 2015 foi anunciada a súa instalación polo entón alcalde, Carlos Negreira. Na actualidade a situación segue sendo a mesma, como se comproba na fotografía que axuntei a esta moción. Demandando a veciñanza, unha vez máis, que se mellore a mobilidade peonil nesa área, xa que transitan persoas con mobilidade reducida, familias con carros de nenos e moita xente que carga con bolsas.

E estando de acordo coa emenda, —bueno, con parte do contido da emenda do Grupo Popular— en que se leven a cabo todas as melloras de mobilidade peonil que se necesitan na nosa cidade, pero a moción que eu estou presentando refírese á urxencia que ten o caso das escaleiras de Historiador Vedía que, xa estaban en proxecto en 2015. Por tanto, para min, a solución non é retomar un plan de mellora de accesibilidade mediante elementos mecánicos ou o PEMUS, como di a emenda, que tamén estaban no 2015, e pasaron dúas lexislaturas sen facer absolutamente nada nesa rúa. Por tanto, non podo aceptar a emenda, porque só dilataría máis a mellora que considero necesaria para a veciñanza da zoa da rúa Historiador Vedía que é, como sabemos todos, unha das poboación máis envellecidas da nosa cidade.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

*de otros barrios cuenta con escaleras mecánicas o ascensores, nos ya implantados y otros en proyectos, para salvar desniveles similares al que se encuentra en la calle Historiador Vedía.*

*Además, en años anteriores fue solicitada por los vecinos, como es el caso de la Asociación Xacarandaina, el montaje de un ascensor en esta calle. E incluso, en el año 2015 fue anunciada su instalación por el entonces alcalde, Carlos Negreira. En la actualidad la situación sigue siendo la misma, como se comprueba en la fotografía que adjunté a esta moción. Demandando el vecindario, una vez más, que se mejore la movilidad peatonal en esa área, ya que transitan personas con movilidad reducida, familias con carros de niños y mucha gente que carga con bolsas.*

*Y estando de acuerdo con la enmienda, —bueno, con parte del contenido de la enmienda del Grupo Popular— en que se lleven a cabo todas las mejoras de movilidad peatonal que se necesitan en nuestra ciudad, pero la moción que yo estoy presentando se refiere a la urgencia que tiene el caso de las escaleras de Historiador Vedía que, ya estaban en proyecto en 2015. Por tanto, para mí, la solución no es retomar un plan de mejora de accesibilidad mediante elementos mecánicos o el PEMUS, como dice la enmienda, que también estaban en el 2015, y pasaron dos legislaturas sin hacer absolutamente nada en esa calle. Por tanto, no puedo aceptar la enmienda, porque solo dilataría más la mejora que considero necesaria para el vecindario de la zona de la calle Historiador Vedía que es, como sabemos todos, una de las poblaciones más envejecidas de nuestra ciudad.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

Turno para a señora Faraldo.

<u>**Señora Faraldo Calvo**</u>

Grazas, señora alcaldesa.

**Ás once horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

Efectivamente, unha das cousas que máis destaca da rúa Historiador Vedía é que é unha vía a dúas alturas. Comeza, como ben se di, a ras da praza San Pablo, pero enseguida unha barreira parte en dous o percorrido, unha escalinata de 78 peldaños, repartida en varios tramos que se fan interminables para quen a sube e dificultosas para transitar en circunstancias concretas: xente de idade, carritos infantís, mobilidade reducida ou continúa, temporal o continúa, ir con carga. No tramo final atópase ademais unha asociación sobranceira na nosa cidade, Xacarandaina, entidade social nada a finais dos anos 70 na terraza de Méndez Núñez, pero que moi pronto mudouse a este emprazamento. A Xacarandaina asociámola co baile e coa cultura galega, pero ademais, estamos a falar dun local que actúa como todo un centro cívico extraoficial do barrio. Leva traballando a prol da cultura tradicional dende 1978 e conta con máis de 1.000 socios e máis de 600 persoas que acoden semanalmente ás actividades. As persoas usuarias de Xacarandaina uníronse xa á veciñanza nunha reclamación.

Fai anos plantexouse, e prometeuse, instalar aquí un ascensor para salvar eses case 80 escalóns que dividen a rúa en dous. A proposta, ademais, foi declarada viable, segundo o informe técnico que acompañou a petición nos orzamentos participativos do 2019. Valorouse a

*Turno para la señora Faraldo.*

<u>***Señora Faraldo Calvo***</u>

Gracias, señora alcaldesa.

***A las once horas y veintinueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

*Efectivamente, una de las cosas que más destaca de la calle Historiador Vedía es que es una vía a dos alturas. Comienza, como bien se dice, a ras de la plaza San Pablo, pero enseguida una barrera parte en dos el recorrido, una escalinata de 78 peldaños, repartida en varios tramos que se hacen interminables para quien la sube y dificultosas para transitar en circunstancias concretas: gente de edad, carritos infantiles, movilidad reducida o continúa, temporal o continúa, ir con carga. En el tramo final se encuentra además una asociación singular en nuestra ciudad, Xacarandaina, entidad social nacida a finales de los años 70 en la terraza de Méndez Núñez, pero que muy pronto se mudó a este emplazamiento. A Xacarandaina la asociamos con el baile y con la cultura gallega, pero además, estamos hablando de un local que actúa como todo un centro cívico extraoficial del barrio. Lleva trabajando a favor de la cultura tradicional desde 1978 y cuenta con más de 1.000 socios y más de 600 personas que acuden semanalmente a las actividades. Las personas usuarias de Xacarandaina se unieron ya al vecindario en una reclamación.*

*Hace años se planteó, y se prometió, instalar aquí un ascensor para salvar esos casi 80 escalones que dividen la calle en dos. La propuesta, además, fue declarada viable, según el informe técnico que acompañó la petición en los presupuestos participativos del 2019. Se valoró la*

instalación dun ascensor vertical, demolendo a escaleira actual para executar unha nova configuración da escaleira ligada ao ascensor para dar acceso aos locais situados nos niveis intermedios. Esta intervención obrigará a urbanizar todo o tramo peonil da rúa situado no nivel inferior. Un coste valorado, naquel momento, no 2019, en uns 715.000 €.

En pro das correctas políticas en mobilidade e accesibilidade e facilitar á veciñanza imos a votar a favor.

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

**Señora Veira González**

Grazas, señora alcaldesa.

Ben, desde o BNG imos votar a favor desta proposta. Agradecemos, ademais, que non se concrete o modo en que se debe atallar esta barreira arquitectónica e que deixe aberta a cuestión a que se estude a mellor maneira.

A emenda do Partido Popular o que pretende é facernos crer que había un plan como tal, de mellora da accesibilidade mediante elementos mecánicos, cando o certo é que ese plan non o viu nunca ninguén.

Efectivamente, débense instalar elementos mecánicos cando só for necesario. Xa que estes implican un importante mantemento. Agora ben, cómpre lembrar que as escaleiras mecánicas non solucionan o problema de

*instalación de un ascensor vertical, demoliendo la escalera actual para ejecutar una nueva configuración de la escalera ligada al ascensor para dar acceso a los locales situados en los niveles intermedios. Esta intervención obligará a urbanizar todo el tramo peatonal de la calle situado en el nivel inferior. Un coste valorado, en aquel momento, en el 2019, en unos 715.000 €.*

*En pro de las correctas políticas en movilidad y accesibilidad y facilitar al vecindario vamos a votar a favor.*

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

O núcleo de San Vicente de Elviña é un dos núcleos históricos máis interesantes e menos potenciados da cidade, escenario da batalla do mesmo nome, ubicación do único castro da cidade e situación de parte principal do campus universitario. En calquera cidade sería un enclave coidado e mimado polas institucións, un conxunto histórico con outros potenciais, como serían sendas naturais de uso ciclista e para camiñantes que visitasen e descubrisen unha zona á que non parece que se lle dá a suficiente relevancia desde a cidade, ou como esa iniciativa que nunca chegou a bo porto, como era a Casa da Historia da Coruña, un proxecto gañador do arquitecto Manuel Gallego que nunca veu a luz.

Tras 20 anos para desenvolver o Plan Especial do Castro de Elviña, pouco máis do 20 %, insisto, veu tamén a luz, quedando na neveira, por exemplo, a citada Casa da Historia, o neocastro e o mirador comprometido. Máis alá das escavacións, todo o demais quedou no papel sen máis explicación. Precisaba o entorno de acometer unha serie de medidas de rehabilitación e recuperación e destacar algunha das xoias deste núcleo, como son os hórreos, o entorno da igrexa románica precedida dunha interesante escaleira, construcións rurais tradicionais e xa non dicir, do propio, insisto, Castro de Elviña.

Unha reurbanización que se supoñía ía ser unha mellora ambiental do entorno, a

*Muchas gracias.*

*Señora Faraldo tiene la palabra.*

***Señora Faraldo Calvo***

*Muchas gracias.*

*El núcleo de San Vicente de Elviña es uno de los núcleos históricos más interesantes y menos potenciados de la ciudad, escenario de la batalla del mismo nombre, ubicación del único castro de la ciudad y situación de parte principal del campus universitario. En cualquier ciudad sería un enclave cuidado y mimado por las instituciones, un conjunto histórico con otros potenciales, como serían sendas naturales de uso ciclista y para caminantes que visitasen y descubriesen una zona a la que no parece que se le da la suficiente relevancia desde la ciudad, o como esa iniciativa que nunca llegó a buen puerto, como era la Casa de la Historia de A Coruña, un proyecto ganador del arquitecto Manuel Gallego que nunca vio la luz.*

*Tras 20 años para desarrollar el Plan Especial del Castro de Elviña, poco más del 20 %, insisto, vio también la luz, quedando en la nevera, por ejemplo, la citada Casa de la Historia, el neocastro y el mirador comprometido. Más allá de las excavaciones, todo lo demás quedó en el papel sin más explicación. Precisaba el entorno de acometer una serie de medidas de rehabilitación y recuperación y destacar alguna de las joyas de este núcleo, como son los hórreos, el entorno de la iglesia románica precedida de una interesante escalera, construcciones rurales tradicionales y ya no decir, del propio, insisto, Castro de Elviña.*

*Una reurbanización que se suponía iba a ser una mejora ambiental del entorno, la*

recuperación da antiga fonte de San Vicente de Elviña e a eliminación de elementos disconformes do lavadeiro, ademais de conseguir unha mellora na mobilidade peonil e do paso e estancias de persoas no espazo público ao unificar a zona do lavadeiro cos aledaños do local social, pero vemos como as oportunidades de rexeneración son maltratadas, como nos vén a expoñer a moción que hoxe trae o BNG, que en lugar de facerse desde o máximo coidado de tesouros, como o cruceiro de Carracedo, fanse como se se tratase dunha peza máis do mobiliario urbano, sen respectar o seu valor histórico, nunha restauración moi por debaixo do que cabería esperar para o seu valor patrimonial. Ante todo esto, non é de estrañar que a veciñanza de San Vicente Elviña se sinta, xa non afastada de María Pita, senón non tratada á altura do que o barrio merece.

*recuperación de la antigua fuente de San Vicente de Elviña y la eliminación de elementos disconformes del lavadero, además de conseguir una mejora en la movilidad peatonal y del paso y estancias de personas en el espacio público al unificar la zona del lavadero con los aledaños del local social, pero vemos cómo las oportunidades de regeneración son maltratadas, como nos viene a exponer la moción que hoy trae el BNG, que en lugar de hacerse desde el máximo cuidado de tesoros, como el cruceiro de Carracedo, se hacen como si se tratara de una pieza más del mobiliario urbano, sin respetar su valor histórico, en una restauración muy por debajo de lo que cabría esperar para su valor patrimonial. Ante todo esto, no es de extrañar que el vecindario de San Vicente Elviña se sienta, ya no alejado de María Pita, sino no tratada a la altura de lo que el barrio merece.*

Por cuanto ás peticións que se elevan a través desta moción, parécenos non só acertadas, senón necesarias, imos votar a favor.

*En cuanto a las peticiones que se elevan a través de esta moción, nos parecen no solo acertadas, sino necesarias, vamos a votar a favor.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Turno agora para a Marea. Silvia Cameán, por favor.

*Turno ahora para la Marea. Silvia Cameán, por favor.*

**Señora Cameán Calvete**

***Señora Cameán Calvete***

Moitísimas grazas.

*Muchísimas gracias.*

Falamos desta moción de San Vicente de Elviña. Un núcleo histórico que está localizado entre a avenida de Alfonso Molina e a Universidade da Coruña. E está formado, basicamente, polo cruzamento de dous viarios históricos,

*Hablamos de esta moción de San Vicente de Elviña. Un núcleo histórico que está localizado entre la avenida de Alfonso Molina y la Universidade da Coruña. Y está formado, básicamente, por el cruce de dos viarios históricos, donde se localiza el*

onde se localiza o proxecto de rehabilitación urbana que é obxecto da presente moción.

*proyecto de rehabilitación urbana que es objeto de la presente moción.*

**Ás once horas e cincuenta e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora alcaldesa, D.ª Inés Rey García, que retoma a Presidencia da sesión, e a señora Neira Fernández e o señor Lage Tuñas.**

***A las once horas y cincuenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora alcaldesa, D.ª Inés Rey García, que retoma la Presidencia de la sesión, y la señora Neira Fernández y el señor Lage Tuñas.***

Ben. En abril de 2021 autorizouse o gasto de 239.999,75 € que supuxo a contratación da reurbanización do ámbito da contorna do lavadoiro e fonte en San Vicente de Elviña. Queremos recordar que este proxecto foi un proxecto que se vincula ao ARI de Elviña. Un proxecto que foi impulsado, esta Área de Rehabilitación Integral, durante o goberno de Xulio Ferreiro, xunto co proxecto de reurbanización do que hoxe aquí debatemos e no que nos queremos parar e profundizar para abordar en mellores termos o debate.

*Bien. En abril de 2021 se autorizó el gasto de 239.999,75 € que supuso la contratación de la reurbanización del ámbito del entorno del lavadero y fuente en San Vicente de Elviña. Queremos recordar que este proyecto fue un proyecto que se vincula al ARI de Elviña. Un proyecto que fue impulsado, esta área de Rehabilitación Integral, durante el gobierno de Xulio Ferreiro, junto con el proyecto de reurbanización del que hoy aquí debatimos y en el que nos queremos parar y profundizar para abordar en mejores términos el debate.*

Ben, este proxecto tiña e ten como finalidade a posta en valor do conxunto de San Vicente de Elviña e tamén do seu patrimonio cultural, da fonte, como xa se dixo, tamén do lavadoiro de Elviña, do cruceiro de Carracedo e tamén da consecución dun espazo público que permita a convivencia, non?, non unicamente a circulación de vehículos, de estacionamento tamén dos propios vehículos, senón que contemple, pois un espazo público para esa convivencia.

*Bien, este proyecto tenía y tiene como finalidad la puesta en valor del conjunto de San Vicente de Elviña y también de su patrimonio cultural, de la fuente, como ya se dijo, también del lavadero de Elviña, del cruceiro de Carracedo y también de la consecución de un espacio público que permita la convivencia, ¿no?, no únicamente la circulación de vehículos, de estacionamiento también de los propios vehículos, sino que contemple, pues un espacio público para esa convivencia.*

Tamén se contemplou neste proxecto a conexión entre os espazos de valor patrimonial e os da vida social, pois para que exista ese enriquecemento mutuo do que falaba, non? xunto tamén cunha mellora das condicións de accesibilidade dos espazos públicos, xunto coa ordenación da circulación rodada, xunto coa renovación de pavimentos, acabados

*También se contempló en este proyecto la conexión entre los espacios de valor patrimonial y los de la vida social, pues para que exista ese enriquecimiento mutuo del que hablaba, ¿no? junto también con una mejora de las condiciones de accesibilidad de los espacios públicos, junto con la ordenación de la circulación rodada, junto con la renovación de*

e mobiliario urbano, así como tamén a renovación e ordenación dos trazados dos servizos urbanos.

*pavimentos, acabados y mobiliario urbano, así como también la renovación y ordenación de los trazados de los servicios urbanos.*

Ben, por pararme un pouquiño máis neste programa e nos criterios de actuacións, propuxéronse distintas medidas, entre elas a mellora da calidade urbana do núcleo mediante intervencións de mellora funcional e ambiental do espazo público que contribuíse á revitalización social do mesmo. Propúxose tamén a reurbanización da zona do lavadoiro fonte que actualmente está dominada, como xa diciamos, pola presencia do coche e tamén de numerosos contedores de lixo, de maneira que se trataba de potenciar e recuperar o seu carácter de espazo social, non? Propúxose tamén actuar sobre a propia construción do lavadoiro que estaba en precario estado de conservación e de mantemento, sendo obxecto de traballos de reparación e mellora e podéndose barallar solucións de reinterpretación asociada á actuación do seu conxunto, non? así como tamén, pois os traballos de restauración da fonte existente. Por tanto, a intervención da que estamos a falar abarcaría polo menos até o xardín da praza Emilio Jaspe Deza, integrando ambos os espazos de maneira que quedase resolto tamén o espazo da parada e de espera do autobús urbano.

*Bien, por pararme un poquito más en este programa y en los criterios de actuaciones, se propusieron distintas medidas, entre ellas la mejora de la calidad urbana del núcleo mediante intervenciones de mejora funcional y ambiental del espacio público que contribuyera a la revitalización social del mismo. Se propuso también la reurbanización de la zona del lavadero fuente que actualmente está dominada, como ya decíamos, por la presencia del coche y también de numerosos contenedores de basura, de manera que se trataba de potenciar y recuperar su carácter de espacio social, ¿no? Se propuso también actuar sobre la propia construcción del lavadero que estaba en precario estado de conservación y de mantenimiento, siendo objeto de trabajos de reparación y mejora y pudiéndose barajar soluciones de reinterpretación asociada a la actuación de su conjunto, ¿no? así como también, pue, los trabajos de restauración de la fuente existente. Por tanto, la intervención de la que estamos hablando abarcaría por lo menos hasta el jardín de la plaza Emilio Jaspe Deza, integrando ambos espacios de manera que quedara resuelto también el espacio de la parada y de espera del autobús urbano.*

Tívose en conta, e isto tamén é relevante mencionalo, a posta en valor da relación do núcleo residencial coa auga presente no ámbito de actuación e tamén reflectido nas propostas de actuación ambiental, non? Iso é, potenciar as, digamos, as oportunidades que ofrecen a existencia de diversos cursos fluviais, zonas húmidas e fontes, tamén no ámbito de actuación ou na súa proximidade. Con isto, intentábase, digamos que renaturalizar no seu posible, pois esta zona e fomentar

*Se tuvo en cuenta, y esto también es relevante mencionarlo, la puesta en valor de la relación del núcleo residencial con el agua presente en el ámbito de actuación y también reflejado en las propuestas de actuación ambiental, ¿no? Eso es, potenciar las, digamos, las oportunidades que ofrecen la existencia de diversos cursos fluviales, zonas húmedas y fuentes, también en el ámbito de actuación o en su proximidad. Con esto, se intentaba, digamos que renaturalizar en lo posible,*

tamén, dígamos que, os índices de biodiversidade, non? Trátase, por tanto, —xa vou rematando— dunha actuación necesaria nun espazo sensible que recolle unha cultura que convén tratar co máximo coidado e tamén co respecto a través de solucións de detalle que poderiamos denominar non xenéricas.

*pues esta zona y fomentar también, digamos, los índices de biodiversidad, ¿no? Se trata, por tanto, —ya voy finalizando— de una actuación necesaria en un espacio sensible que recoge una cultura que conviene tratar con el máximo cuidado y también con el respeto a través de soluciones de detalle que podríamos denominar no genéricas.*

Como xa adiantei, o proxecto foi licitado e redactado durante o mandato de Xulio Ferreiro en base a todos estes criterios específicos que acabo de desenvolver, c Con informes favorables e de Patrimonio da Xunta de Galicia, e queriámolo recordar, non? A Marea Atlántica fixo, por tanto, o seu traballo e despois de case catro anos vemos que a obra que foi iniciada a finais do 2021 e con case cinco meses de execución, pois está a acumular importantes atrasos e tamén algunhas informalidades en relación a o adecuado cumprimento do proxecto.

*Como ya adelanté, el proyecto fue licitado y redactado durante el mandato de Xulio Ferreiro en base a todos estos criterios específicos que acabo de desarrollar, con informes favorables y de Patrimonio de la Xunta de Galicia, y lo queríamos recordar, ¿no? La Marea Atlántica hizo, por tanto, su trabajo y después de casi cuatro años vemos que la obra que fue iniciada a finales del 2021 y con casi cinco meses de ejecución, pues está acumulando importantes retrasos y también algunas informalidades en relación al adecuado cumplimiento del proyecto.*

Esperamos que estes problemas sexan resoltos o máis axiña posible e como xa adiantamos, imos votar a favor desta moción.

*Esperamos que estos problemas sean resueltos a la mayor brevedad y como ya adelantamos, vamos a votar a favor de esta moción.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señora Cameán.

*Muchas gracias, señora Cameán.*

Turno para o Partido Popular. Señora Peñalosa.

*Turno para el Partido Popular. Señora Peñalosa.*

***<u>Señora Peñalosa López Pin</u>***

**<u>Señora Peñalosa López Pin</u>**

*Bos días a todos os presentes e aos que nos seguen a través da retransmisión en directo.*

Buenos días a todos los presentes y a los que nos siguen a través de *streaming*.

*A ninguén lle debería sorprender oír conclusións como: a crecente desigualdade entre barrios, no centro*

A nadie le debería sorprender oír conclusiones como: la creciente desigualdad entre barrios, en el centro

*parece que chegou o Nadal, aquí non podemos preocuparnos polo mantemento das beirarrúas porque non temos, é imposible vivir no meu barrio porque non teño onde aparcar. Estas son as conversacións, importando as demandas que a maioría dos barrios a través dos seus veciños denuncian unha e outra vez.*

parece que ha llegado la Navidad, aquí no podemos preocuparnos por el mantenimiento de las aceras porque no tenemos, es imposible vivir en mi barrio porque no tengo donde aparcar. Estas son las conversaciones, importando las demandas que la mayoría de los barrios a través de sus vecinos denuncian una y otra vez.

**Ás once doce horas e un minuto entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

***A las doce horas y un minuto entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

*O noso grupo municipal trouxo aos plenos deste concello multitude de mocións nas que trasladabamos estas necesidades dos barrios, despois de visitalos e reunirnos cos veciños, comerciantes e asociacións veciñais. Tamén é verdade que a maioría destas mocións foron aprobadas por este pleno, o cal non é garantía de que sexan atendidas e cumpridas por este goberno de Inés Rey, máis ben, todo o contrario. Pero isto non é por falta de diñeiro —o goberno de Inés Rey ten máis de tres cuartas partes do orzamento de investimentos sen utilizar—, isto é, maioritariamente, porque non escoitan aos veciños.*

Nuestro grupo municipal ha traído a los plenos de este concello multitud de mociones en las que trasladábamos estas necesidades de los barrios, después de visitarlos y reunirnos con los vecinos, comerciantes y asociaciones vecinales. También es verdad que la mayoría de estas mociones fueron aprobadas por este pleno, lo cual no es garantía de que sean atendidas y cumplidas por este gobierno de Inés Rey, más bien, todo lo contrario. Pero esto no es por falta de dinero –el gobierno de Inés Rey tiene más de tres cuartas partes del presupuesto de inversiones sin utilizar–, esto es, mayoritariamente, porque no escuchan a los vecinos.

*A medida que pasan os meses deste mandato van en aumento as denuncias dos veciños dos barrios e cada vez fanse máis patentes as súas diferenzas co centro da cidade. A énfase ponse na calidade, o mantemento e a accesibilidade nos espazos públicos, no déficit de equipamento ou nos servizos municipais que se prestan.*

A medida que pasan los meses de este mandato van en aumento las denuncias de los vecinos de los barrios y cada vez se hacen más patentes sus diferencias con el centro de la ciudad. El énfasis se pone en la calidad, el mantenimiento y accesibilidad en los espacios públicos, en el déficit de equipamiento o en los servicios municipales que se prestan.

*Elviña ten un dos castros máis importantes do noroeste galego e o barrio que o arroupa nas portas desta cidade é para este goberno e o anterior un lugar inexistente. Non é cidade, non é parque, non é polígono industrial, é un*

Elviña tiene uno de los castros más importantes del noroeste gallego y el barrio que lo arropa en las puertas de esta ciudad es para este gobierno y el anterior un lugar inexistente. No es ciudad, no es parque, no es polígono industrial, es un barrio

*barrio abandonado por vostedes, de difícil acceso, tanto para os visitantes como para os residentes. O feito de que se estenda sobre unha superficie de 30 hectáreas de propiedade pública confírelle ademais unha especial relevancia á hora de proporcionarlle un uso social amplo. Con todo, a realidade é inapelable, esta é unha zona cun crecemento urbano caótico e desagregado que require un plan de reorganización importante. Actualmente sofre de innumerables carencias, xa trasladadas a este pleno polo Grupo Municipal Popular. Entre elas estaría: a enorme carencia de servizos e estruturas de apoio para os seus residentes, espazos comúns públicos de uso veciñal, parques infantís, rede de saneamento completa. A falta de recollida de augas pluviais nalgunhas zonas o que provoca son riada e fervenzas polas súas rúas cando chove. Rúas sen terminar de asfaltar e a isto hai que engadirlle a obra que hai uns días volveu a poñerse en marcha, unha obra, que como di a moción, debería ter terminado fai xa bastantes meses. Alegrámonos que a pa volva ao barrio, pero non é suficiente.*

*Trátase para os veciños de todos os barrios de establecer prioridades e dar respostas ás súas peticións en lugar de realizar obras que ninguén pide ou que non foron acordadas con eles.*

*Moitas grazas.*

abandonado por ustedes, de difícil acceso, tanto para los visitantes como para los residentes. El hecho de que se extienda sobre una superficie de 30 hectáreas de propiedad pública le confiere además una especial relevancia a la hora de proporcionarle un uso social amplio. Sin embargo, la realidad es inapelable, esta es una zona con un crecimiento urbano caótico y desagregado que requiere un plan de reorganización importante. Actualmente sufre de innumerables carencias, ya trasladadas a este pleno por el Grupo Municipal Popular. Entre ellas estaría: la enorme carencia de servicios y estructuras de apoyo para sus residentes, espacios comunes públicos de uso vecinal, parques infantiles, red de saneamiento completa. La falta de recogida de aguas pluviales en algunas zonas lo que provoca son riada y cascadas por sus calles cuando llueve. Calles sin terminar de asfaltar y a esto hay que añadirle la obra que hace unos días ha vuelto a ponerse en marcha, una obra, que como dice la moción, debería haberse terminado hace ya bastantes meses. Nos alegramos que la pala vuelva al barrio, pero no es suficiente.

Se trata para los vecinos de todos los barrios de establecer prioridades y dar respuestas a sus peticiones en lugar de realizar obras que nadie pide o que no han sido consensuadas con ellos.

Muchas gracias.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señora Peñalosa. Grazas ao Partido Popular.

Pecha o debate o señor Díaz Gallego por parte do Goberno.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señora Peñalosa. Gracias al Partido Popular.*

*Cierra el debate el señor Díaz Gallego por parte del Gobierno.*

**<u>Señor Díaz Gallego</u>**

***<u>Señor Díaz Gallego</u>***

Grazas, señora alcaldesa.

Anticipar o noso voto favorable á presente moción do Bloque Nacionalista Galego toda vez que as melloras propostas no barrio de San Vicente de Elviña son melloras coas que estamos de acordo e que ademais estamos a impulsar e a levar a cabo.

Dito esto, e tendo en conta a bola que está a facer o Bloque Nacionalista Galego, incluso chegando ao Parlamento de Galicia co tema desta obra, gustaríame facer unha serie de apuntamentos coa finalidade de esclarexar definitivamente unha suposta polémica que realmente non existe.

O proxecto conta —como non podía ser de outro xeito—, tamén o dicía a señora Cameán, con informes favorables da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. E digo informes porque a Dirección Xeral non só informou unha vez, senón que chegou a informar ata en tres ocasións, algo que nalgún momento chegou a estar posto en dúbida polo Grupo do BNG, non?, en sede parlamentaria e que eu pensei que non teriamos que chegar a explicar aquí. Ningún proxecto se pode aprobar ni licitar sen informes preceptivos sectoriais. Non poderiamos ter aprobado e licitado o proxecto de obra se non tivese informe favorable de Patrimonio. É absurdo preguntar a Patrimonio se informou, cando se non, non se podería licitar.

Como dicía a señora Cameán, o proxecto foi iniciado no mandato da Marea Atlántica. O primeiro informe se solicita a Patrimonio o 12 de febreiro de 2020, unha vez que está rematado a redacción do proxecto, ao que a Xunta responde o 17 de xuño cun informe favorable no que salienta, e vou ler textualmente: as obras de urbanización supoñen unha mellora de

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Anticipar nuestro voto favorable a la presente moción del Bloque Nacionalista Galego toda vez que las mejoras propuestas en el barrio de San Vicente de Elviña son mejoras con las que estamos de acuerdo y que además estamos impulsando y a llevar a cabo.*

*Dicho esto, y teniendo en cuenta la bola que está haciendo el Bloque Nacionalista Galego, incluso llegando al Parlamento de Galicia con el tema de esta obra, me gustaría hacer una serie de notas con la finalidad de esclarecer definitivamente una supuesta polémica que realmente no existe.*

*El proyecto cuenta —como no podía ser de otra manera—, también lo decía la señora Cameán, con informes favorables de la Dirección General de Patrimonio Cultural. Y digo informes porque la Dirección General no solo informó una vez, sino que llegó a informar hasta en tres ocasiones, algo que en algún momento llegó a estar puesto en entredicho por el Grupo del BNG, ¿no?, en sede parlamentaria y que yo pensé que no tendríamos que llegar a explicar aquí. Ningún proyecto se puede aprobar ni licitar sin informes preceptivos sectoriales. No podríamos haber aprobado y licitado el proyecto de obra si no tuviera informe favorable de Patrimonio. Es absurdo preguntar a Patrimonio si informó, cuando si no, no se podría licitar.*

*Como decía la señora Cameán, el proyecto fue iniciado en el mandato de la Marea Atlántica. El primer informe se solicita a Patrimonio el 12 de febrero de 2020, una vez que está finalizado la redacción del proyecto, al que la Xunta responde el 17 de junio con un informe favorable en el que destaca, y voy a leer textualmente: las obras de urbanización suponen una mejora*

calidade no entorno ao recuperar o espazo público para o uso e desfrute da xente, ordenar o tráfico e ocuparse do mantemento e ornato de construcións existentes. Os materiais empregados, formigón lavado, lousas, vexetación e madeira, son conformes cos bens. É importante resaltar a mención expresa do formigón porque aínda que semelle estraño estando no ano 2022, parece que hai que seguir explicando que o formigón é un material absolutamente compatible cun proxecto de restauración dun entorno histórico, dun proxecto de restauración patrimonial, entre outras cousas porque, posiblemente non, seguramente, é máis antigo o propio formigón que o cruceiro de Carracedo, co cal entendo, non entendo a polémica sobre o uso de formigón, que non asfalto, na contorna dun cruceiro, eh?

O propio informe tamén sinala que a proposta implica o traslado do cruceiro, Ben de Interese Cultural, a unha nova situación dentro do ámbito. Ao respecto, cómpre lembrar que este cruceiro non se atopaba na súa situación orixinal, posto que foi trasladado á súa posición actual dende o pequeno núcleo de Carracedo, desaparecido coa ampliación de Matogrande, e conclúe, acordando informar favorablemente as obras solicitadas, agás o traslado do cruceiro, ao que se deberá presentar un proxecto de desmontaxe e nova montaxe que deberá ser informado pola propia Consellería de Cultura.

O 22 de xuño presentamos, de xullo, presentamos ante esa Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o proxecto de restauración do cruceiro, proxecto elaborado por un técnico de conservación cultural do patrimonio pertencente a unha empresa experta neste tipo de restauración. O proxecto xa recollía que o cruceiro, e leo tamén textualmente:

*de calidad en el entorno al recuperar el espacio público para el uso y disfrute de la gente, ordenar el tráfico y ocuparse del mantenimiento y ornato de construcciones existentes. Los materiales empleados, hormigón lavado, losetas, vegetación y madera, son conformes con los bienes. Es importante resaltar la mención expresa del hormigón porque aunque parezca extraño estando en el año 2022, parece que hay que seguir explicando que el hormigón es un material absolutamente compatible con un proyecto de restauración de un entorno histórico, de un proyecto de restauración patrimonial, entre otras cosas porque, posiblemente no, seguramente, es más antiguo el propio hormigón que el cruceiro de Carracedo, con lo cual entiendo, no entiendo la polémica sobre el uso de hormigón, que no asfalto, en el entorno de un cruceiro, ¿eh?*

*El propio informe también señala que la propuesta implica el traslado del cruceiro, Bien de Interés Cultural, a una nueva situación dentro del ámbito. Al respecto, hace falta recordar que este cruceiro no se encontraba en su situación original, puesto que fue trasladado a su posición actual desde el pequeño núcleo de Carracedo, desaparecido con la ampliación de Matogrande y concluye acordando informar favorablemente las obras solicitadas, excepto el traslado del cruceiro, al que se deberá presentar un proyecto de desmontaje y nuevo montaje que deberá ser informado por la propia Consellería de Cultura.*

*El 22 de junio presentamos, de julio, presentamos ante esa Dirección General de Patrimonio Cultural el proyecto de restauración del cruceiro, proyecto elaborado por un técnico de conservación cultural del patrimonio perteneciente a una empresa experta en este tipo de restauración. El proyecto ya recogía que el cruceiro, y leo también textualmente:*

presenta unha rotura na parte alta do varal reintegrada con cemento. O cruceiro xa estaba en mal estado do traslado dende Carracedo a Elviña porque se fixo unha restauración absolutamente chapuceira, e hai que facer unha revisión da rotura do varal, co fin de verificar a posible existencia de vástagos de unión entre pezas de substitución do morteiro de cemento por morteiro de cal hidráulico. O proxecto, polo tanto, recolle tamén, de novamente, que o cruceiro vai estar elevado sobre unha nova plataforma de formigón para instalar dito cruceiro. A Xunta informa o 6 de outubro deste ano, do ano 2021, 2020 —perdón— que en relación co contido da proposta estimase que o proxecto se axusta aos criterios técnicos de intervención, que garanten o máximo respecto de bens que pertencen ao Patrimonio Cultural de Galicia. *Doutores ten a igrexa*, pero en todo caso entendo que temos claro que a quen lle corresponde, ditaminar e informar, é á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e non as opinións que teñamos cada un sobre se é mellor ou máis acaída, ou non, unha intervención de recuperación do patrimonio da cidade.

O 31 de xaneiro de 2022 o cruceiro amanece roto polos puntos onde se fixera a chapuceira restauración con cemento e ferro ao trasladalo de Carracedo a Matogrande. Foi un luns, co cal non foi nin por motivos da obra, nin se rompeu polo traslado do cruceiro. Rompeuse o luns, apareceu pola mañá cando chegaron os obreiros á obra, roto e tirado alí no espazo público. O cruceiro hoxe atópase, perfectamente restaurado seguindo criterios de intervención patrimonial, ao igual que os demais elementos etnolóxicos da zona. Nin está rodeado de asfalto, nin deixa moito que desexar a intervención, toda vez que foi realizada por expertos en conservación de patrimonio e informada pola consellería.

*presenta una rotura en la parte alta del varal reintegrada con cemento. El cruceiro ya estaba en mal estado del traslado desde Carracedo a Elviña porque se hizo una restauración absolutamente chapucera, y hay que hacer una revisión de la rotura del varal, con el fin de verificar la posible existencia de vástagos de unión entre piezas de sustitución del mortero de cemento por mortero de cal hidráulica. El proyecto, por lo tanto, recoge también, de nuevo, que el cruceiro va a estar elevado sobre una nueva plataforma de hormigón para instalar dicho cruceiro. La Xunta informa el 6 de octubre de este año, del año 2021, 2020 —perdón— que en relación con el contenido de la propuesta se estima que el proyecto se ajusta a los criterios técnicos de intervención, que garantizan el máximo respeto de bienes que pertenecen al Patrimonio Cultural de Galicia.* Doctores tiene la iglesia, *pero en todo caso entiendo que tenemos claro que a quién le corresponde, dictaminar e informar, es a la Dirección General de Patrimonio Cultural, y no las opiniones que tengamos cada uno sobre si es mejor o más apropiada, o no, una intervención de recuperación del patrimonio de la ciudad.*

*El 31 de enero de 2022 el cruceiro amanece roto por los puntos donde se había hecho la chapucera restauración con cemento y hierro al trasladarlo de Carracedo a Matogrande. Fue un lunes, con lo cual no fue ni por motivos de la obra, ni se rompió por el traslado del cruceiro. Se rompió el lunes, apareció por la mañana cuando llegaron los obreros a la obra, roto y tirado allí en el espacio público. El cruceiro hoy se encuentra, perfectamente restaurado siguiendo criterios de intervención patrimonial, al igual que los demás elementos etnológicos de la zona. Ni está rodeado de asfalto, ni deja mucho que desear la intervención, toda vez que fue realizada por expertos en conservación de patrimonio e informada*

Nin é algo negativo o feito de que os novos materiais sexan visibles na restauración. É propio dos criterios de restauración do século XXI, ao contrario do que se facía noutras épocas.

*por la consellería. Ni es algo negativo el hecho de que los nuevos materiales sean visibles en la restauración. Es propio de los criterios de restauración del siglo XXI, al contrario de lo que se hacía en otras épocas.*

O resto dos comentarios, relativos ao estado da zona, están motivados por unha razón moi simple, as obras non están terminadas. Están feitos os traballos de xardinería? Non, porque son os últimos que se fan nunha intervención e non están terminadas, e están a retomarse nestes días porque tivemos que paralizalas para coordinar coas empresas de liñas telefónicas e eléctricas o soterramento de todo o cableado no espazo, obras que, en todo caso, quero resaltar que foron presentadas á Asociación de Veciños en numerosas ocasións. A primeira, antes da aprobación do proxecto, coa finalidade de introducir as súas peticións no mesmo que foron tamén modificadas en execución, en base a peticións da propia Asociación do Resumeiros e que se mantivo numerosas reunións na propia obra coa asociación de veciños por parte dos técnicos, tanto do Concello como da propia empresa que está a executar as obras. Decisións, como a de trasladar o cruceiro **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** foron faladas e consensuadas cos veciños.

*El resto de los comentarios, relativos al estado de la zona, están motivados por una razón muy simple, las obras no están terminadas. ¿Están hechos los trabajos de jardinería? No, porque son los últimos que se hacen en una intervención y no están terminadas, y están retomándose en estos días porque tuvimos que paralizarlas para coordinar con las empresas de líneas telefónicas y eléctricas el soterramiento de todo el cableado en el espacio, obras que, en todo caso, quiero resaltar que fueron presentadas a la Asociación de Vecinos en numerosas ocasiones. La primera, antes de la aprobación del proyecto, con la finalidad de introducir sus peticiones en el mismo que fueron también modificadas en ejecución, en base a peticiones de la propia Asociación del Resumeiros y que se mantuvo numerosas reuniones en la propia obra con la asociación de vecinos por parte de los técnicos, tanto del Ayuntamiento como de la propia empresa que está ejecutando las obras. Decisiones, como la de trasladar el cruceiro* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *fueron habladas y consensuadas con los vecinos.*

En todo caso, bueno, da lectura da moción se entende que máis aló da súa actuación, o proxecto marca o camiño para a o resto da intervención no barrio. Estase a pedir que se fagan obras similares á que se está a facer no resto das rúas do barrio, barrio que ademais cómpre recordar que neste mandato se fixo esa, a propia intervención de 230.000 € nesta contorna, 30.000 € na mellora da pista deportiva, 160.000 € no novo

*En todo caso, bueno, de la lectura de la moción se entiende que más allá de su actuación, el proyecto marca el camino para el resto de la intervención en el barrio. Se está pidiendo que se hagan obras similares a la que se está haciendo en el resto de las calles del barrio, barrio que además hace falta recordar que en este mandato se hizo esa, la propia intervención de 230.000 € en este entorno, 30.000 € en la mejora de la pista deportiva,*

parque infantil de pista e zona biosaludable, ademais de sumar os 100.000 € de axudas de rehabilitación ARI, que se están a convocar, tanto no mandato anterior como neste mandato.

*160.000 € en el nuevo parque infantil de pista y zona biosaludable, además de sumar los 100.000 € de ayudas de rehabilitación ARI, que se están convocando, tanto en el mandato anterior como en este mandato.*

Non sei se sabe a señora Peñalosa, canto invertiu o Goberno do Partido Popular no barrio de San Vicente de Elviña, Goberno no que o señor Lorenzo era concelleiro? Cero euros, invertiúse cero euros no barrio nos catro anos do mandato popular. Creo que medio millón de euros é máis que cero euros, pero bueno, non sei se se me dan moito, moi ben as matemáticas. Debe de ser que San Vicente de Elviña tamén está no centro da cidade e por eso invertimos nel.

*No sé si sabe la señora Peñalosa, ¿cuánto invirtió el Gobierno del Partido Popular en el barrio de San Vicente de Elviña, Gobierno en el que el señor Lorenzo era concejal? Cero euros, se invirtió cero euros en el barrio en los cuatro años del mandato popular. Creo que medio millón de euros es más que cero euros, pero bueno, no sé si se me dan mucho, muy bien las matemáticas. Debe de ser qué San Vicente de Elviña también está en el centro de la ciudad y por eso invertimos en él.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Imos proceder á votación desta moción, á que non constan emendas.

*Vamos a proceder a la votación de esta moción, a la que no constan enmiendas.*

**Votación da primeira moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

***Votación de la primera moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego***

Seguidamente, por parte da Presidencia sométese a votación a primeira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre Elviña, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente, por parte de la Presidencia se somete a votación la primera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre Elviña, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (4 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (4 votos).*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).

*Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Susana Soneira Lema (1 voto).*

**Presidencia**

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

***Presidencia***

*Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

**190. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre Elviña.**

***190. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre Elviña.***

**Acordo**

Instar o Goberno local a:

1. Dialogar coa veciñanza de Elviña para retomar a obra cuns resultados satisfactorios e intervencións que supoñan unha verdadeira posta en valor do cruceiro de Carracedo, o lavadoiro e a fonte de Elviña.

2. Dar orde de executar a recollida da folla no espazo deportivo e no parque situados na praza das Rebandas xa que no estado actual son instalacións impracticábeis e perigosas.

3. Estudar o aumento do número de colectores no núcleo de Elviña sobre todo tendo en conta que é unha zona na que non hai recollida diaria de residuos.

4. Iniciar os trámites orzamentarios para dotar unha partida económica coa finalidade de estender a rede separativa

***Acuerdo***

*Instar al Gobierno local a:*

*1. Dialogar con el vecindario de Elviña para retomar la obra con unos resultados satisfactorios e intervenciones que supongan una verdadera puesta en valor del cruceiro de Carracedo, el lavadero y la fuente de Elviña.*

*2. Dar orden de ejecutar la recogida de la hoja en el espacio deportivo y en el parque situados en la plaza de las Rebandas ya que en el estado actual son instalaciones impracticables y peligrosas.*

*3. Estudiar el aumento del número de colectores en el núcleo de Elviña sobre todo toda vez que es una zona en la que no hay recogida diaria de residuos.*

*4. Iniciar los trámites presupuestarios para dotar una partida económica con la finalidad de extender la red separativa de*

de pluviais e fecais, introducir elementos para o calmado de tráfico no barrio, rebaixar a velocidade máxima e realizar unha nova pavimentación harmonizada coa da contorna do cruceiro, a fonte e o lavadoiro de xeito que as rúas do barrio se convertan en vías de plataforma única.

*pluviales y fecales, introducir elementos para el calmado de tráfico en el barrio, rebajar la velocidad máxima y realizar una nueva pavimentación armonizada con la del entorno del cruceiro, la fuente y el lavadero de manera que las calles del barrio se conviertan en vías de plataforma única.*

**Presidencia**

Sendo as doce e dez facemos unha pausa de quince minutos e retomamos a sesión ás doce e vinte e cinco. Grazas.

***Presidencia***

*Siendo las doce y diez hacemos una pausa de quince minutos y retomamos la sesión a las doce y veinticinco minutos. Gracias.*

**Ás doce horas e dez minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e corenta minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra a excepción dos señores Lorenzo Torres e Lema Suárez, que no se encontran presentes no Salón de Sesións.**

***A las doce horas y diez minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y cuarenta minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra a excepción de los señores Lorenzo Torres y Lema Suárez, que no se encuentran presentes den el Salón de Sesiones.***

**Presidencia**

Retomamos a sesión do Pleno coa segunda das mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego sobre a situación das oficinas de Correos na Cidade da Coruña á que consta unha emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica.

Ten a palabra o señor Jorquera.

***Presidencia***

*Retomamos la sesión del Pleno con la segunda de las mociones presentadas por el Bloque Nacionalista Galego sobre la situación de las oficinas de Correos en la Ciudad de A Coruña a la que consta una enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica.*

*Tiene la palabra el señor Jorquera.*

**Segunda. Moción sobre a situación das oficinas de Correos na cidade da Coruña.**

***Segunda. Moción sobre la situación de las oficinas de Correos en la ciudad de A Coruña.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica.***

**Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas.

***Señor Jorquera Caselas***

*Muchas gracias.*

En primeiro lugar, quero trasladar un saúdo aos representantes sindicais dos traballadores de Correos presentes na tribuna.

*En primer lugar, quiero trasladar un saludo a los representantes sindicales de los trabajadores de Correos presentes en la tribuna.*

A Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos é a principal empresa pública estatal, tanto pola dimensión da súa rede, como polo número de persoas empregadas. Correos é unha das poucas empresas públicas que sobreviviron á vaga privatizadora iniciada na década dos oitenta e completada na década dos noventa polos sucesivos gobernos centrais, mais as distintas reestruturacións do grupo parecen ir anunciando o camiño cara unha denominada liberalización do servizo postal que pon en risco a prestación dun servizo universal e de calidade. Esta é, precisamente, a razón de ser desta moción.

*La Sociedad Estatal de Correos y Telégrafos es la principal empresa pública estatal, tanto por la dimensión de su red, como por el número de personas empleadas. Correos es una de las pocas empresas públicas que sobrevivieron a la ola privatizadora iniciada en la década de los ochenta y completada en la década de los noventa por los sucesivos gobiernos centrales, pero las distintas reestructuraciones del grupo parecen ir anunciando el camino hacia una denominada liberalización del servicio postal que pone en riesgo la prestación de un servicio universal y de calidad. Esta es, precisamente, la razón de ser de esta moción.*

Na Coruña Correos conta cunha rede composta de distintas oficinas e equipamentos. Á oficina principal, sita na rúa do Alcalde Manuel Casás, na Mariña, súmanse outras oito oficinas repartidas polos barrios. Esta rede de oficinas respondeu en grande medida á reivindicación veciñal de contar cun servizo postal, non só de calidade, senón tamén de proximidade. Grazas a esa reivindicación naceu, por exemplo, a comezos deste século, a oficina de correos de Labañou, emprazada inicialmente no Centro Comercial Los Rosales e agora na avenida de Gran Canaria, e con motivo do traslado Correos pretendeu reducir o horario de atención ao público ao horario de mañá. Afortunadamente, as protestas veciñais acompañadas de iniciativas políticas, coma a que o BNG trasladou ao Congreso de Deputados, fixeron que a dirección de Correos reconsiderara os seus plans e que a oficina continúe aberta en horario de tarde, algo que, porén, non acontece con

*En A Coruña Correos cuenta con una red compuesta de distintas oficinas y equipamientos. A la oficina principal, sita en la calle Alcalde Manuel Casás, en la Marina, se suman otras ocho oficinas repartidas por los barrios. Esta red de oficinas respondió en gran medida a la reivindicación vecinal de contar con un servicio postal, no solo de calidad, sino también de proximidad. Gracias a esa reivindicación nació, por ejemplo, a comienzos de este siglo, la oficina de correos de Labañou, emplazada inicialmente en el Centro Comercial Los Rosales y ahora en la avenida de Gran Canaria, y con motivo del traslado Correos pretendió reducir el horario de atención al público al horario de mañana. Afortunadamente, las protestas vecinales acompañadas de iniciativas políticas, como la que el BNG trasladó al Congreso de Diputados, hicieron que la dirección de Correos reconsiderara sus planes y que la oficina continúe abierta en horario de tarde, algo que, sin embargo, no sucede*

outras oficinas. Ese é o caso de Novo Mesoiro, barrio que conta cunha sucursal auxiliar atendida por unha soa persoa e aberta unicamente en horario de nove e media a trece y treinta e de luns a venres. Novo Mesoiro, cómpre lembralo, é un barrio moi populoso alonxado do casco urbano consolidado da cidade. Isto provoca unha necesidade de servizos superior á doutros barrios. Por iso a veciñanza reclama a ampliación do horario de oficina coa apertura tamén en horario de tarde, o cal exixe, loxicamente, unha maior dotación de persoal.

*con otras oficinas. Ese es el caso de Novo Mesoiro, barrio que cuenta con una sucursal auxiliar atendida por una sola persona y abierta únicamente en horario de nueve y media a trece treinta y de lunes a viernes. Novo Mesoiro, hace falta recordarlo, es un barrio muy populoso alejado del casco urbano consolidado de la ciudad. Esto provoca una necesidad de servicios superior a la de otros barrios. Por eso el vecindario reclama la ampliación del horario de oficina con la apertura también en horario de tarde, lo cual exige, lógicamente, una mayor dotación de personal.*

Doutra banda, varias das oficinas da Coruña non contan con persoal suficiente, xa que non se está a cubrir postos vacantes por baixas, vacacións ou outras baixas xustificadas. É habitual que semana tras semana, por estes motivos, a sucursal do Monte das Moas teña dúas persoas menos das que ten asignadas e que son necesarias para a correcta prestación do servizo. Acostuma acontecer o mesmo na sucursal da Sardiñeira e é habitual tamén que polos mesmos motivos haxa unha persoa menos das asignadas na sucursal de El Corte Inglés, e moitas veces, todas estas baixas sen cubrir afectan ás distintas sucursais de xeito simultáneo. Estas ausencias de persoal, xunto con continuos problemas informáticos, de falta de materiais e problemas doutra índole redundan nun peor servizo e nunhas peores condicións laborais para o persoal de Correos.

*Por otro lado, varias de las oficinas de A Coruña no cuentan con personal suficiente, ya que no se están cubriendo puestos vacantes por bajas, vacaciones u otras bajas justificadas. Es habitual que semana tras semana, por estos motivos, la sucursal del Monte das Moas tenga dos personas menos de las que tiene asignadas y que son necesarias para la correcta prestación del servicio. Suele suceder lo mismo en la sucursal de A Sardiñeira y es habitual también que por los mismos motivos haya una persona menos de las asignadas en la sucursal de El Corte Inglés, y muchas veces, todas estas bajas sin cubrir afectan a las distintas sucursales de manera simultánea. Estas ausencias de personal, junto con continuos problemas informáticos, de falta de materiales y problemas de otra índole redundan en un peor servicio y en unas peores condiciones laborales para el personal de Correos.*

Por iso, nesta moción propoñemos instar o Goberno municipal a trasladar ás traballadoras e traballadores de Correos o apoio do Concello ás súas demandas, en concreto, demandando da Dirección de Correos e Telégrafos a dotación de todos os recursos necesarios, humanos e materiais, para garantir a prestación dun servizo postal universal, público e de

*Por eso, en esta moción proponemos instar al Gobierno municipal a trasladar a las trabajadoras y trabajadores de Correos el apoyo del Ayuntamiento a sus demandas, en concreto, demandando de la Dirección de Correos y Telégrafos la dotación de todos los recursos necesarios, humanos y materiales, para garantizar la prestación de un servicio postal universal, público y*

calidade en toda a cidade da Coruña, consolidando a rede existente, mesmo ampliándoa, en función das necesidades de poboación, e manifestar o apoio a que Correos siga operando como servizo público universal de carácter público fronte a calquera tentación privatizadora presente ou futura.

ordinarios ata as vindeiras eleccións, entón é lóxico que a Marea Atlántica non se conforme con boas palabras. Nesta mesma sesión plenaria trouxemos a aprobación dúas mocións que instan o Goberno local a executar os acordos pendentes, concretamente en materia de vivenda, en materia de enerxía. Mocións que foron aprobadas pola maioría da Corporación, e iso o que quere dicir é que máis alá de ser un acordo con nós, pois, son medidas que se consideran positivas para a cidade. Pero, a cinco meses de rematar o seu mandato, propostas tan importantes como os acordos de vivenda —de dereito á vivenda— nunha cidade que está sufrindo, pois, un incremento dos prezos desorbitado ou as medidas en materia de enerxía, xa por non falar dos equipamentos pendentes nos barrios, pois, seguen sen executarse.

*hasta las próximas elecciones, entonces es lógico que la Marea Atlántica no se conforme con buenas palabras. En esta misma sesión plenaria trajimos a aprobación dos mociones que instan al gobierno local a ejecutar los acuerdos pendientes, concretamente en materia de vivienda, en materia de energía. Mociones que fueron aprobadas por la mayoría de la Corporación, y eso lo que quiere decir es que más allá de ser un acuerdo con nosotros, pues, son medidas que se consideran positivas para la ciudad. Pero, a cinco meses de finalizar su mandato, propuestas tan importantes como los acuerdos de vivienda —de derecho a la vivienda— en una ciudad que está sufriendo, pues, un incremento de los precios desorbitado o las medidas en materia de energía, ya por no hablar de los equipamientos pendientes en los barrios, pues, siguen sin ejecutarse.*

**Ás dezasete horas e corenta e tres minutos sae do Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

***A las diecisiete horas y cuarenta y tres minutos sale del Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

Si que é certo que hai acordos xa cumpridos, entre eles, bueno, pois, de maneira moi recente a ampliación da gratuidade das escolas infantís das seis ás oito horas; o programa "Mover os baixos", para, bueno, mobilizar os baixos comerciais que son fonte de deterioro nos barrios; tamén está en licitación o Plan de saúde mental, unha iniciativa pioneira no Concello da Coruña. Os apoios ás persoas —fundamentalmente mulleres— coidadoras de persoas dependentes ou o Consello Municipal da Cultura están en execución ou xa executados, pero é algo bastante parecido a picar na mina, non?, picar na mina para que se materialicen pactos que nos incumben ás dúas partes. Ben é certo que a Marea Atlántica entende un pouco que ese é o seu rol de executar, de facer de motor, en vez de bloquear unha acción de goberno —como

*Sí que es cierto que hay acuerdos ya cumplidos, entre ellos, bueno, pues, de manera muy reciente la ampliación de la gratuidad de las escuelas infantiles de las seis a las ocho horas; el programa "Mover los bajos", para, bueno, movilizar los bajos comerciales que son fuente de deterioro en los barrios; también está en licitación el Plan de salud mental, una iniciativa pionera en el Ayuntamiento de A Coruña. Los apoyos a las personas —fundamentalmente mujeres— cuidadoras de personas dependientes o el Consejo Municipal de la Cultura están en ejecución o ya ejecutados, pero es algo bastante parecido a picar en la mina, ¿no?, picar en la mina para que se materialicen pactos que nos incumben a las dos partes. Bien es cierto que la Marea Atlántica entiende un poco que ese es su rol de ejecutar, de hacer de motor, en vez de bloquear una acción de*

sufrimos nós— pois, facer de motor, de Pepito Grillo, de propoñer iniciativas e pular porque se materialicen. O que pasa é que, como dicía antes, o tempo se acaba e quedan cuestións moi importantes pendentes de cumprimento. Insisto, unha vez máis, en todas as medidas: os nove millóns pendentes para políticas de dereito á vivenda, a cuestión da enerxía, os equipamentos pendentes para os barrios. Por poñer dous exemplos, biblioteca Novo Mesoiro, escola infantil e centro de día no barrio de Xuxán.

*gobierno —como sufrimos nosotros— pues, hacer de motor, de Pepito Grillo, de proponer iniciativas e insistir en que se materialicen. Lo que pasa es que, como decía antes, el tiempo se acaba y quedan cuestiones muy importantes pendientes de cumplimiento. Insisto, una vez más, en todas las medidas: los nueve millones pendientes para políticas de derecho a la vivienda, la cuestión de la energía, los equipamientos pendientes para los barrios. Por poner dos ejemplos, biblioteca Novo Mesoiro, escuela infantil y centro de día en el barrio de Xuxán.*

Estamos ás vésperas —polo que vostedes din, porque nós non temos máis indicios— de iniciar unha negociación orzamentaria, estamos a piques de pechar o ano. Esta demora é achacable exclusivamente ao Goberno local e o problema é que a falta de execución de acordos lle xera, bueno, pois, ao Goberno un problema de credibilidade á hora de materializar unha negociación. Nós queremos ser moi claros co rol que vai desempeñar a Marea Atlántica nesta cuestión. Cremos que A Coruña necesita orzamentos, a Marea Atlántica ten propostas e ten disposición de negociar, pero hai un problema grave de falta de execución de políticas importantes e de credibilidade á hora de chegar a pactos. Nada máis, creo que é importante comentalo e que o Goberno acelere as medidas que teña que acelerar. Nada máis.

*Estamos en vísperas —por lo que ustedes dicen, porque nosotros no tenemos más indicios— de iniciar una negociación presupuestaria, estamos a punto de cerrar el año. Esta demora es achacable exclusivamente al gobierno local y el problema es que la falta de ejecución de acuerdos le genera, bueno, pues, al gobierno un problema de credibilidad a la hora de materializar una negociación. Nosotros queremos ser muy claros con el rol que va a desempeñar la Marea Atlántica en esta cuestión. Creemos que A Coruña necesita presupuestos, la Marea Atlántica tiene propuestas y tiene disposición de negociar, pero hay un problema grave de falta de ejecución de políticas importantes y de credibilidad a la hora de llegar a pactos. Nada más, creo que es importante comentarlo y que el Gobierno acelere las medidas que tenga que acelerar. Nada más.*

**Señor Lage Tuñas**

***Señor Lage Tuñas***

Bueno, grazas, señora alcaldesa, grazas, señora García.

*Bueno, gracias, señora alcaldesa, gracias, señora García.*

É evidente que hai grupos políticos que xogan determinado rol, neste caso creo que a Marea ten sido construtiva e, polo tanto, o grupo da Marea ten contribuído a que se teña chegado a acordos. Eu non

*Es evidente que hay grupos políticos que juegan determinado rol, en este caso creo que la Marea ha sido constructiva y, por lo tanto, el grupo de la Marea ha contribuido a que se haya llegado a acuerdos. Yo no*

quero deixar de recoñecerllo, pero os acordos están ou materializándose ou en vías de execución; é dicir, a posta en marcha do programa "Mover os baixos" leva consigo unha execución de tres millóns de euros; impulsar o barrio de Xuxán —por suposto, con diferentes actuacións, comezando, sen ir máis lonxe, polas obras de urbanización— quero recordar que aí se está facendo un investimento superior aos nove millóns de euros; a aposta pola eficiencia enerxética, bueno, estase renovando o alumeado público de todos os barrios da cidade, cun proxecto financiado polo Goberno de España, que ascende a 12,6 millóns de euros; tamén está en execución, quero recordar, a restauración da Casa de Veeduría, con máis de tres millóns de euros —bueno, todo isto, permítame que me dirixa tamén ao Partido Popular, que esta mañá dicía que non se estaba executando nada, como vostedes poden ver hai un nivel de execución importante; tamén está en execución a dotación de mobiliario ás naves do Metrosidero e a mellora dese espazo para poder abrilo á cidadanía; tamén se contemplou e hoxe é unha realidade a dotación de equipamento para o centro xuvenil de Catro Camiños, o Remanso; abordouse a humanización da avenida de Arteixo no cruzamento coa Rolda de Nelle —creo que hoxe tampouco hai ningunha dúbida de que estamos a falar dunha realidade—; a execución da ampliación de capital de EMVSA para poder complementar e mellorar o servizo de BiciCoruña; a propia apertura do complexo deportivo do Castrillón, que tamén é unha decisión de goberno, pero coa que entendemos que están todos os grupos de acordo aínda que, bueno, ás veces, pois, nos entran dúbidas por determinadas brincadeiras que vemos nas sociedades que dependen do Concello; o incremento dos fondos para a mellora do servizo de axuda no

*quiero dejar de reconocérselo, pero los acuerdos están o materializándose o en vías de ejecución; es decir, la puesta en marcha del programa "Mover los bajos" lleva consigo una ejecución de tres millones de euros; impulsar el barrio de Xuxán —por supuesto, con diferentes actuaciones, comenzando, sin ir más lejos, por las obras de urbanización— quiero recordar que ahí se está haciendo una inversión superior a los nueve millones de euros; la apuesta por la eficiencia energética, bueno, se está renovando el alumbrado público de todos los barrios de la ciudad, con un proyecto financiado por el Gobierno de España, que asciende a 12,6 millones de euros; también está en ejecución, quiero recordar, la restauración de la Casa de Veeduría, con más de tres millones de euros —bueno, todo esto, permítame que me dirija también al Partido Popular, que esta mañana decía que no se estaba ejecutando nada, como ustedes pueden ver hay un nivel de ejecución importante—; también está en ejecución la dotación de mobiliario a las naves del Metrosidero y la mejora de ese espacio para poder abrirlo a la ciudadanía; también se contempló y hoy es una realidad la dotación de equipamiento para el centro juvenil de Cuatro Caminos, el Remanso; se abordó la humanización de la avenida de Arteixo en el cruce con la Ronda de Nelle —creo que hoy tampoco hay ninguna duda de que estamos hablando de una realidad—; la ejecución de la ampliación de capital de EMVSA para poder complementar y mejorar el servicio de BiciCoruña; la propia apertura del complejo deportivo del Castrillón, que también es una decisión de gobierno, pero con la que entendemos que están todos los grupos de acuerdo aunque, bueno, a veces, pues, nos entran dudas por determinadas bromas que vemos en las sociedades que dependen del Ayuntamiento; el incremento de los fondos para la mejora del servicio de ayuda en el hogar —también estaremos*

fogar— tamén estaremos de acordo niso, é dicir, un salto moi importante— ou o propio incremento das bolsas comedor destinadas ás familias con menos recursos, que con este goberno subiron máis un 20 %.

**Ás dezasete horas e corenta e cinco minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

Bueno, quedan moitas cousas por facer? Si. Tamén en materia de vivenda á que vostede aludía? Por suposto. Haberá máis xuntanzas para seguir impulsando eses acordos? Sen dúbida. Este goberno ten a man tendida.

**Ás dezasete horas e corenta e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Faraldo Calvo.**

Por este goberno non vaia quedar o feito de que poida haber orzamentos do ano 2023. Iso é así, señora García. Pero tamén somos conscientes de que estamos nun período xa moi cercano ás eleccións e o que intentaremos é constatar se hai vontade real por parte dos grupos e, nomeadamente, por parte do seu, para sacar adiante un orzamento que, desde logo, ten que ser un orzamento ambicioso —e o será— e que dea resposta a moitos dos problemas que seguen existindo hoxe socialmente. Co cal, aí nos veremos e previamente aínda temos que impulsar algunhas decisións, tamén no ámbito enerxético ao que vostede fixo referencia. Bueno, eu agardo, non quero entrar hoxe en detalles, pero agardo que algúns pasiños poidamos dar nas vindeiras semanas e espero que no mes de xaneiro teñamos xa tamén algunha novidade. Ao Partido Popular dálle a risa, pero bueno, os das risas son os mesmos que negaron o cambio climático, recorden ao primo de Rajoy. Entón, bueno, moito mellor dando pasos que nada. A uns pareceralles

*de acuerdo en eso, es decir, un salto muy importante— o el propio incremento de las becas comedor destinadas a las familias con menos recursos, que con este gobierno subieron más un 20 %.*

***A las diecisiete horas y cuarenta y cinco minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

*Bueno, ¿Quedan muchas cosas por hacer? Sí. ¿También en materia de vivienda a la que usted aludía? Por supuesto. ¿Habrá más reuniones para seguir impulsando esos acuerdos? Sin duda. Este gobierno tiene la mano tendida.*

***A las diecisiete horas y cuarenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Faraldo Calvo.***

*Por este gobierno no vaya a quedar el hecho de que pueda haber presupuestos del año 2023. Eso es así, señora García. Pero también somos conscientes de que estamos en un período ya muy cercano a las elecciones y lo que intentaremos es constatar si hay voluntad real por parte de los grupos y, especialmente, por parte del suyo, para sacar adelante un presupuesto que, desde luego, tiene que ser un presupuesto ambicioso —y lo será— y que dé respuesta a muchos de los problemas que siguen existiendo hoy socialmente. Con lo cual, ahí nos veremos y previamente aún tenemos que impulsar algunas decisiones, también en el ámbito energético al que usted hizo referencia. Bueno, yo espero, no quiero entrar hoy en detalles, pero espero que algunos pasitos podamos dar en las próximas semanas y espero que en el mes de enero tengamos ya también alguna novedad. Al Partido Popular le da la risa, pero bueno, los de las risas son los mismos que negaron el cambio climático, recuerden al primo de Rajoy. Entonces, bueno, mucho mejor*

pouco, a outros pareceralles suficiente. O goberno municipal non se conforma nunca. Eu o que quero é convidalos a que fagamos do diálogo unha ferramenta que non estea contaminada polo **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** polo proceso preelectoral e, polo tanto, que vexamos se hai marxe ao entendemento. Pola nosa parte non vai faltar vontade e imos vendo, non?, imos vendo que é o que se pode facer.

*dando pasos que nada. A unos les parecerá poco, a otros les parecerá suficiente. El gobierno municipal no se conforma nunca. Yo lo que quiero es invitarles a que hagamos del diálogo una herramienta que no esté contaminada por el* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *por el proceso preelectoral y, por tanto, que veamos si hay margen al entendimiento. Por nuestra parte no va a faltar voluntad y vamos viendo, ¿no?, vamos viendo qué es lo que se puede hacer.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Segunda pregunta da Marea Atlántica sobre bibliotecas, señor Martínez.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Segunda pregunta de la Marea Atlántica sobre bibliotecas, señor Martínez.*

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre bibliotecas**

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre bibliotecas***

**<u>Señor Martínez Durán</u>**

Grazas, señora Rey.

Cando pensa a alcaldesa cumprir os acordos plenarios e dar unha solución definitiva ao problema das bibliotecas municipais?

***<u>Señor Martínez Durán</u>***

*Gracias, señora Rey.*

*¿Cuándo piensa la alcaldesa cumplir los acuerdos plenarios y dar una solución definitiva al problema de las bibliotecas municipales?*

**Ás dezasete horas e cincuenta minutos entra no Salón de Sesións o señor Lema Suárez e sae o señor Díaz Gallego.**

***A las diecisiete horas y cincuenta minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lema Suárez y sale el señor Díaz Gallego.***

**<u>Señor Lage Tuñas</u>**

Bueno, diría, señor Martínez, en primeiro lugar, permítame dicir que definitivo nesta vida hai pouco, ademais é difícil ser tan contundente. Creo que o asunto merece de moito rigor, como vostede ten apuntado nalgunha ocasión é un asunto complexo. Eu creo que non se trata de brochazos gordos. Aquí comprometémonos a resolver a incerteza

***<u>Señor Lage Tuñas</u>***

*Bueno, diría, señor Martínez, en primer lugar, permítame decir que definitivo en esta vida hay poco, además es difícil ser tan contundente. Creo que el asunto merece mucho rigor, como usted ha apuntado en alguna ocasión es un asunto complejo. Yo creo que no se trata de brochazos gordos. Aquí nos comprometimos a resolver la*

mensual.

**Ás dezasete horas e cincuenta e un minutos entran no Salón de Sesións a señora Veira González e o señor Díaz Gallego.**

Creo que está a día de hoxe razoablemente resolto o que era unha inquietude permanente coa cesión de contrato. É un compromiso ao que se chegou coas traballadoras das bibliotecas. Tamén quero deixar clara unha cuestión: cando o servizo está en mans dunha concesionaria o Goberno fai todo o posible e máis. Neste caso creo que se adoptou unha solución que eu considero que é unha solución transitoria. Se dixera que era unha solución definitiva creo que non estaríamos falando a mesma linguaxe. O goberno tiña como prioridade resolver este primeiro paso. O segundo vai ser convocalos a todos a un traballo conxunto. Imos con algo de retraso, somos conscientes. Deberíamos de telo feito xa, pero é certo que puxemos todos os nosos esforzos, concentramos todos os nosos esforzos en resolver a situación que estaba creada, que non era doada. E permítame que non entre aquí en moito detalle. Creo que o fundamental era iso. Polo tanto, bueno, creo que estamos diante dun primeiro paso. O seguinte vamos a dalo de inmediato e vamos a ver cal é a mellor solución. O que está claro é que temos que ser capaces de resolver, e da mellor forma posible, a situación das bibliotecas municipais para darlle unha solución de longo prazo.

__**Señor Martínez Durán**__

Grazas, señora Rey.

Non quero deixar pasar a oportunidade de felicitar o señor Jorquera polo seu nomeamento, en diferido. Seralle de interese este asunto que, entendo que

*incertidumbre mensual.*

***A las diecisiete horas y cincuenta y un minutos entran en el Salón de Sesiones la señora Veira González y el señor Díaz Gallego.***

*Creo que está a día de hoy razonablemente resuelto lo que era una inquietud permanente con la cesión de contrato. Es un compromiso al que se llegó con las trabajadoras de las bibliotecas. También quiero dejar clara una cuestión: cuando el servicio está en manos de una concesionaria el Gobierno hace todo lo posible y más. En este caso creo que se adoptó una solución que yo considero que es una solución transitoria. Si dijese que era una solución definitiva creo que no estaríamos hablando el mismo lenguaje. El gobierno tenía como prioridad resolver este primer paso. El segundo va a ser convocarlos a todos a un trabajo conjunto. Vamos con algo de retraso, somos conscientes. Deberíamos haberlo hecho ya, pero es cierto que pusimos todos nuestros esfuerzos, concentramos todos nuestros esfuerzos en resolver la situación que estaba creada, que no era fácil. Y permítame que no entre aquí en mucho detalle. Creo que lo fundamental era eso. Por tanto, bueno, creo que estamos ante un primer paso. El siguiente vamos a darlo de inmediato y vamos a ver cuál es la mejor solución. Lo que está claro es que tenemos que ser capaces de resolver, y de la mejor forma posible, la situación de las bibliotecas municipales para darle una solución a largo plazo.*

__***Señor Martínez Durán***__

*Gracias, señora Rey.*

*No quiero dejar pasar la oportunidad de felicitar al señor Jorquera por su nombramiento, en diferido. Le será de interés este asunto que, entiendo que*

formara parte das súas competencias. Agora en serio, en nome da Marea Atlántica quero felicitar ás traballadoras das bibliotecas municipais de xestión privada e aos seus representantes do comité de empresa, porque o que conseguiron gañárono a pulso. A mobilización funciona, a mobilización serve, mobilizáronse. Estaban a pasar un auténtico calvario sometidas a unha situación inxusta, máis inxusta, talvez, á que se poida someter a unha traballadora por conta allea, que é non saber nin sequera se vas cobrar o teu salario á final de mes. E esa mobilización obrigou ao Goberno a tomar decisións a curto prazo, que non chegan, non resolven o fondo desta cuestión, pero que, cando menos de momento resolveron ese problema inmediato. Esa solución non lla regalou ninguén ás traballadoras das bibliotecas municipais de xestión privada. O seu mérito, dende aquí o noso recoñecemento e os nosos parabéns.

*formase parte de sus competencias. Ahora en serio, en nombre de la Marea Atlántica quiero felicitar a las trabajadoras de las bibliotecas municipales de gestión privada y a sus representantes del comité de empresa, porque lo que consiguieron lo ganaron a pulso. La movilización funciona, la movilización sirve, se movilizaron. Estaban pasando un auténtico calvario sometidas a una situación injusta, más injusta, tal vez, a la que se pueda someter a una trabajadora por cuenta ajena, que es no saber ni siquiera si vas a cobrar tu salario a final de mes. Y esa movilización obligó al gobierno a tomar decisiones a corto plazo, que no llegan, no resuelven el fondo de esta cuestión, pero que, cuando menos de momento resolvieron ese problema inmediato. Esa solución no se la regaló nadie a las trabajadoras de las bibliotecas municipales de gestión privada. Su mérito, desde aquí nuestro reconocimiento y felicitaciones.*

**Ás dezasete horas e cincuenta e cinco minutos entra no Salón de Sesións a señora Gallego Neira.**

***A las diecisiete horas y cincuenta y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gallego Neira.***

Cando se anunciou esa cesión de contrato, dende a Marea Atlántica fixemos unha valoración positiva, dixemos, como sempre defendemos nos últimos meses que o máis urxente era sandar esa ferida, resolver ese problema, que as traballadoras deixasen de estar sometidas á incerteza para poder abordar a discusión de fondo. Tamén dixemos outra cousa ese día. Dixemos que agardabamos que esa mudanza, ese cambio de mans, ese traspaso entre dúas empresas á que resultara adxudicataria dese contrato e á que se fai cargo dun contrato que a anterior adxudicataria non era quen de executar convenientemente, tiña que facerse da mellor maneira posible e que confiabamos en que así fose, que non houbese problemas. Por

*Cuando se anunció esa cesión de contrato, desde la Marea Atlántica hicimos una valoración positiva, dijimos, como siempre defendimos en los últimos meses que lo más urgente era sanar esa herida, resolver ese problema, que las trabajadoras dejaran de estar sometidas a la incertidumbre para poder abordar la discusión de fondo. También dijimos otra cosa ese día. Dijimos que esperábamos que ese cambio, ese cambio de manos, ese traspaso entre dos empresas a la que resultase adjudicataria de ese contrato y la que se hace cargo de un contrato que la anterior adjudicataria no era capaz de ejecutar convenientemente, tenía que hacerse de la mejor manera posible y que confiábamos en que así fuera, que no hubiera problemas. Por desgracia,*

desgraza, estamos vendo que si hai algúns problemas e tamén aproveito para pedirlle ao Goberno que nos aclare se efectivamente, como denuncia o comité de empresa, a empresa saínte deixou vacacións do persoal sen aboar e se iso está a supoñer un problema á posta en marcha, digamos, da nova etapa do mesmo contrato con outra empresa. Gustaríanos que nos desen hoxe unha explicación.

*estamos viendo que sí hay algunos problemas y también aprovecho para pedirle al gobierno que nos aclare si efectivamente, como denuncia el comité de empresa, la empresa saliente dejó vacaciones del personal sin abonar y si eso está suponiendo un problema a la puesta en marcha, digamos, de la nueva etapa del mismo contrato con otra empresa. Nos gustaría que nos dieran hoy una explicación.*

Ese cambio, esa cesión dun contrato dunha empresa a outra resolve en realidade un problema que se xerou neste mandato coa licitación e adxudicación do contrato aínda en vigor, que é responsabilidade exclusiva deste goberno municipal e nada máis. Aquí había un problema inmediato que había que resolver, pero hai un problema de fondo, que é o colapso dun modelo de xestión das bibliotecas municipais da Coruña, modelo de xestión segregada, dual, público-privada, que non só está a ter consecuencias nefastas para os dereitos laborais das traballadoras, senón que tamén está a deteriorar a prestación do servizo e a —dalgunha maneira— coutar as posibilidades de futuro que un servizo tan importante como o das bibliotecas municipais ten na nosa cidade. Resolto ese descosido —digamos— deste mandato, que era a penosa execución do contrato que segue en vigor, quédanos o problema de fondo que este goberno se comprometeu a resolver ao inicio de mandato. Penso que mesmo formou parte de acordos, se non de investidura, case de investidura, tanto co Bloque Nacionalista Galego como coa Marea Atlántica, que era unificar a rede dunha vez por todas. Para iso, no mes de outubro trouxemos por enésima vez esta cuestión ao Pleno cunha proposta de acordo que saíu aprobada, na que todos nos comprometiamos a constituír de inmediato —con representación dos

*Ese cambio, esa cesión de un contrato de una empresa a otra resuelve en realidad un problema que se generó en este mandato con la licitación y adjudicación del contrato aún en vigor, que es responsabilidad exclusiva de este gobierno municipal y nada más. Aquí había un problema inmediato que había que resolver, pero hay un problema de fondo, que es el colapso de un modelo de gestión de las bibliotecas municipales de A Coruña, modelo de gestión segregada, dual, público-privada, que no solo está teniendo consecuencias nefastas para los derechos laborales de las trabajadoras, sino que también está deteriorando la prestación del servicio y a —de alguna manera— detener las posibilidades de futuro que un servicio tan importante como el de las bibliotecas municipales tiene en nuestra ciudad. Resuelto ese descosido —digamos— de este mandato, que era la penosa ejecución del contrato que sigue en vigor, nos queda el problema de fondo que este gobierno se comprometió a resolver al inicio de mandato. Pienso que incluso formó parte de acuerdos, si no de investidura, casi de investidura, tanto con el Bloque Nacionalista Galego como con la Marea Atlántica, que era unificar la red de una vez por todas. Para eso, en el mes de octubre trajimos por enésima vez esta cuestión al Pleno con una propuesta de acuerdo que salió aprobada, en la que todos nos comprometíamos a constituir de inmediato —con representación de los*

grupos municipais e tamén do comité de empresa— unha comisión que estudase as distintas alternativas para a unificación definitiva do servizo de bibliotecas da Coruña, entre elas a da súa internalización, remunicipalización ou como cadaquén queira chamarlle. Ese acordo está incumprido, ese grupo xa designou a súa representación nesa comisión, xa lle solicitamos por escrito á alcaldesa que constituíse esa comisión e que se convocase a primeira xuntanza coa participación do comité de empresa. Seguimos agardando. Claro, cando escoito do portavoz que se refire ao incumprimento dos acordos asinados hai un ano falando, dicindo, digamos, que a Marea Atlántica quere o cumprimento inmediato, home!, se inmediato é un ano non quero pensar o tempo que nos vai levar constituír esta comisión, estudar a cuestión e facer unha proposta de solución definitiva. O inmediato ten que ser inmediato, é para xa.

*grupos municipales y también del comité de empresa— una comisión que estudiara las distintas alternativas para la unificación definitiva del servicio de bibliotecas de A Coruña, entre ellas la de su internalización, remunicipalización o como cada cuál quiera llamarle. Ese acuerdo está incumplido, ese grupo ya designó su representación en esa comisión, ya le solicitamos por escrito a la alcaldesa que constituyera esa comisión y que se convocara la primera reunión con la participación del comité de empresa. Seguimos esperando. Claro, cuando escucho del portavoz que se refiere al incumplimiento de los acuerdos firmados hace un año hablando, diciendo, digamos, que a Marea Atlántica quiere el cumplimiento inmediato, ¡hombre!, si inmediato es un año no quiero pensar el tiempo que nos va a llevar constituir esta comisión, estudiar la cuestión y hacer una propuesta de solución definitiva. Lo inmediato tiene que ser inmediato, es para ya.*

Con respecto aos acordos pendentes, señor Lage, non precisamos xuntanzas. O que precisamos son feitos. Póñolle un exemplo: felizmente desbloqueamos un programa importantísimo, pioneiro, “Mover os baixos”, tres millóns de euros para atallar ou polo menos intentar atallar un problema gravísimo que ten esta cidade de baixos en desuso. Unha parte dese orzamento se vai destinar a un concurso público de adquisición de locais. Segundo o seu propio acordo de Xunta de Goberno Local antes do día 20 de decembro teñen que estar listos os pregos para convocar ese concurso. Queda unha semana. Aproveiten ese mesmo traballo para convocar, antes de que remate o ano, o concurso de adquisición de edificios, soares e vivendas individuais que temos pactado dentro dos nove millóns de euros de acordos en materia de vivenda. Nada

*Con respecto a los acuerdos pendientes, señor Lage, no necesitamos reuniones. Lo que necesitamos son hechos. Le pongo un ejemplo: felizmente desbloqueamos un programa importantísimo, pionero, “Mover los bajos”, tres millones de euros para atajar o por lo menos intentar atajar un problema gravísimo que tiene esta ciudad de bajos en desuso. Una parte de ese presupuesto se va a destinar a un concurso público de adquisición de locales. Según su propio acuerdo de Junta de Gobierno Local antes del día 20 de diciembre tienen que estar listos los pliegos para convocar ese concurso. Queda una semana. Aprovechen ese mismo trabajo para convocar, antes de que finalice el año, el concurso de adquisición de edificios, solares y viviendas individuales que hemos pactado dentro de los nueve millones de euros de acuerdos en materia de vivienda. Nada más, muchas*

máis, moitas grazas.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas, señora alcaldesa.

**Ás dezasete horas e cincuenta e oito minutos sae do Salón de Sesións a señora alcaldesa, dona Inés Rey García, e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez.**

Sempre escoito con moita atención as súas reflexións, señor Martínez. O dixen na miña intervención e quero que quede ben claro, o esforzo está sobre a mesa —se está facendo un esforzo importante— pero é certo que nalgunhas cousas non sempre se cumpren escrupulosamente os prazos. Eu creo que o importante é que sexamos capaces de buscar solucións duradeiras que teñan longo percorrido, non? Neste caso, quero aproveitar unha vez máis: primeiro, para recordar o esforzo feito polas traballadoras das bibliotecas municipais. Digamos que o exemplar da súa forma de mobilizarse, reivindicar, achegar as súas preocupacións. Eu creo que nun diálogo razoable demos un primeiro paso. Nos consta algunha dificultade derivada da cesión do contrato? Si, nos consta e vamos a ver de que maneira podemos operar para axudar a resolver a problemática que poida xurdir. Evidentemente, todo aquilo no que o Concello poida intervir intervirá. Todo aquilo que forme parte do marco de relacións laborais entre traballadoras e empresa e non teña marxe o Concello, pois terá que dirimirse doutro xeito. Onde teña marxe o Concello actuará. O dixen a primeira vez: ao Goberno municipal non lle tremblou a man á hora de tomar ningunha decisión, pero foi capaz de combinar a contundencia nas súas decisións coa capacidade de diálogo para que se puxera sobre a mesa unha

*gracias.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias, señora alcaldesa.*

***A las diecisiete horas y cincuenta y ocho minutos sale del Salón de Sesiones la señora alcaldesa, doña Inés Rey García, y pasa a presidir la sesión el señor Borrego Vázquez.***

*Siempre escucho con mucha atención sus reflexiones, señor Martínez. Lo dije en mi intervención y quiero que quede bien claro, el esfuerzo está sobre la mesa —se está haciendo un esfuerzo importante— pero es cierto que en algunas cosas no siempre se cumplen escrupulosamente los plazos. Yo creo que lo importante es que seamos capaces de buscar soluciones duraderas que tengan largo recorrido, ¿no? En este caso, quiero aprovechar una vez más: primero, para recordar el esfuerzo hecho por las trabajadoras de las bibliotecas municipales. Digamos que lo ejemplar de su forma de movilizarse, reivindicar, aportar sus preocupaciones. Yo creo que en un diálogo razonable dimos un primer paso. ¿Nos consta alguna dificultad derivada de la cesión del contrato? Sí, nos consta y vamos a ver de qué manera podemos operar para ayudar a resolver la problemática que pueda surgir. Evidentemente, todo aquello en lo que el Ayuntamiento pueda intervenir intervendrá. Todo aquello que forme parte del marco de relaciones laborales entre trabajadoras y empresa y no tenga margen el Ayuntamiento, pues tendrá que dirimirse de otro modo. Donde tenga margen el Ayuntamiento actuará. Lo dije la primera vez: al gobierno municipal no le tembló la mano a la hora de tomar ninguna decisión, pero fue capaz de combinar la contundencia en sus decisiones con la capacidad de diálogo para que se pusiese sobre la mesa una posibilidad de cesión de*

posibilidade de cesión de contrato e viabilizar unha solución, que fundamentalmente o que perseguía era algo que creo que é o razoable e o que todos entendemos, que quen traballa ten que cobrar e hai que facelo de forma regular e sen que estea pendente de situacións como pasou nos últimos meses. Non pasa nada por recoñecer que a situación non foi a que nos gustaría a ningún. Creo que o importante é que se deu un paso adiante para resolver esa incertidume. Eu creo que hai unha decisión de futuro e na decisión de futuro temos que estar todos e ver cal é a mellor decisión para fortalecer a rede de bibliotecas municipais e o seu persoal, nomeadamente as traballadoras.

Noutra orde de cousas, se fixo aquí alusión a unha serie de acordos, creo que se traballa para que os prazos se poidan cumprir e para que se sigan executando os orzamentos do 2022. Creo que iso é o relevante. Nalgúns casos se vai máis rápidos, noutros algo menos rápido do que nos gustaría. En calquera caso, seguimos con paso firme executando un orzamento que ata a data o Concello nunca tivera un orzamento como o que temos actualmente. Polo tanto, estamos en disposición de seguir mellorando servizos, executando obras. Recordaba esta mesma mañá máis de 60 obras en execución na cidade, 67 para ser exactos e, en calquera caso, señor Martínez, non sei se o señor Jorquera quere sumarse ou non, pero a nós parécenos razoable que todas as críticas construtivas que se fagan estean permitindo que o Goberno tamén opere e sexa capaz de dar respostas que moitas veces, pois, tamén é froito do diálogo democrático. Non pasa absolutamente nada. O goberno non acerta sempre en todo. Ás veces teremos os nosos erros e a colaboración que se produce, construtiva, por parte de todos os grupos, eu creo que tamén hai que vela

*contrato y viabilizar una solución, que fundamentalmente lo que perseguía era algo que creo que es lo razonable y lo que todos entendemos, que quien trabaja tiene que cobrar y hay que hacerlo de forma regular y sin que esté pendiente de situaciones como pasó en los últimos meses. No pasa nada por reconocer que la situación no fue la que nos gustaría a ninguno. Creo que lo importante es que se dio un paso adelante para resolver esa incertidumbre. Yo creo que hay una decisión de futuro y en la decisión de futuro tenemos que estar todos y ver cuál es la mejor decisión para fortalecer la red de bibliotecas municipales y su personal, especialmente las trabajadoras.*

*En otro orden de cosas, se hizo aquí alusión a una serie de acuerdos, creo que se trabaja para que los plazos se puedan cumplir y para que se sigan ejecutando los presupuestos del 2022. Creo que eso es lo relevante. En algunos casos se va más rápidos, en otros algo menos rápido de lo que nos gustaría. En cualquier caso, seguimos con paso firme ejecutando un presupuesto que hasta la fecha el Ayuntamiento nunca había tenido un presupuesto como el que tenemos actualmente. Por tanto, estamos en disposición de seguir mejorando servicios, ejecutando obras. Recordaba esta misma mañana más de 60 obras en ejecución en la ciudad, 67 para ser exactos y, en cualquier caso, señor Martínez, no sé si el señor Jorquera quiere sumarse o no, pero a nosotros nos parece razonable que todas las críticas constructivas que se hagan estén permitiendo que el Gobierno también opere y sea capaz de dar respuestas que muchas veces, pues, también es fruto del diálogo democrático. No pasa absolutamente nada. El gobierno no acierta siempre en todo. A veces tendremos nuestros errores y la colaboración que se produce, constructiva, por parte de todos*

como iso, como formando parte do xogo democrático. Creo que entre todos facemos cidade e polo tanto tamén darlle esas grazas polas súas aportacións. Non pasa nada por ser xenerosos e recoñecer o que outros concelleiros e concelleiras están a aportar. Creo que facemos máis cidade e o facemos mellor se somos capaces de recoñecer que os demais grupos —non só o de goberno— tamén fan as súas aportacións, nomeadamente señora García, señor Martínez, o conxunto do grupo da Marea ten posibilitado unha serie de acordos e o Goberno é sensible a esa disposición e aos acordos aos que se ten chegado.

*los grupos, yo creo que también hay que verla como eso, como formando parte del juego democrático. Creo que entre todos hacemos ciudad y por tanto también darle esas gracias por sus aportaciones. No pasa nada por ser generosos y reconocer lo que otros concejales y concejalas están aportando. Creo que hacemos más ciudad y lo hacemos mejor si somos capaces de reconocer que los demás grupos —no solo el de gobierno— también hacen sus aportaciones, especialmente señora García, señor Martínez, el conjunto del grupo de la Marea ha posibilitado una serie de acuerdos y el Gobierno es sensible a esa disposición y a los acuerdos a los que se ha llegado.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Lage.

Última pregunta, señora García.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Última pregunta, señora García.*

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre colonias felinas**

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre colonias felinas***

**<u>Señora García Gómez</u>**

Grazas.

Que balance fai Inés Rey da xestión das colonias felinas neste mandato?

***<u>Señora García Gómez</u>***

*Gracias.*

*¿Qué balance hace Inés Rey de la gestión de las colonias felinas en este mandato?*

**Ás dezaoito horas e catro minutos sae do Salón de Sesións o señor Varela Vázquez.**

***A las dieciocho horas y cuatro minutos sale del Salón de Sesiones el señor Varela Vázquez.***

**<u>Señora Fontán Prado</u>**

Grazas, señor tenente de alcaldesa.

Pois moi positivo, señora García, moi positivo.

***<u>Señora Fontán Prado</u>***

*Gracias, señor teniente de alcaldesa.*

*Pues muy positivo, señora García, muy positivo.*

**<u>Señora García Gómez</u>**

Na Coruña, coma noutras tantas cidades,

***<u>Señora García Gómez</u>***

*En A Coruña, como en otras tantas*

ten lugar un fenómeno crecente de alimentar animais rueiros de maneira descontrolada, fundamentalmente os gatos e as pombas. Isto xera toda unha serie de problemas. As protectoras —as asociacións protectoras— que levan as colonias felinas controladas están contribuíndo a solucionar este problema e lle prestan un servizo ao Concello; controlan a alimentación das poboacións de gatos ferais; limitan a reprodución destas poboacións; evitan zoonoses e a infección de enfermidades aos mesmos animais pero tamén ás persoas; manteñen a hixiene na contorna das colonias felinas; organizan ao voluntariado, a persoas que doutra maneira estarían atendendo aos felinos de xeito individual e disperso. Todas estas son tarefas que doutra maneira debería realizar o Concello con medios propios pero non o fai. Na Coruña temos identificadas máis de 70 puntos de alimentación de gatos ferais, algúns deles, 11-12, están sendo atendidos por asociacións protectoras pero o Concello podería actuar de motu proprio en lugares que son bastante conflitivos, como o barrio da Silva ou Pedralonga ou mesmo Eirís, onde se está producindo unha alimentación descontrolada de gatos e unha proliferación da poboación, pois, tamén, bastante abundante. Coas protectoras, bueno, a relación que me chega non está sendo fácil, pero sen as protectoras tampouco se está efectuando ese traballo. Entón, bueno, pois realmente vemos aí ámbito de mellora.

*ciudades, tiene lugar un fenómeno creciente de alimentar animales callejeros de manera descontrolada, fundamentalmente los gatos y las palomas. Esto genera toda una serie de problemas. Las protectoras —las asociaciones protectoras— que llevan las colonias felinas controladas están contribuyendo a solucionar este problema y le prestan un servicio al ayuntamiento; controlan la alimentación de las poblaciones de gatos ferales; limitan la reproducción de estas poblaciones; evitan zoonosis y la infección de enfermedades a los mismos animales pero también a las personas; mantienen la higiene en el entorno de las colonias felinas; organizan al voluntariado, a la personas que de otra manera estarían atendiendo a los felinos de manera individual y dispersa. Todas estas son tareas que de otra manera debería realizar el Ayuntamiento con medios propios pero no lo hace. En A Coruña tenemos identificadas más de 70 puntos de alimentación de gatos ferales, algunos de ellos, 11-12, están siendo atendidos por asociaciones protectoras pero el Ayuntamiento podría actuar de motu proprio en lugares que son bastante conflictivos, como el barrio de A Silva o Pedralonga o incluso Eirís, donde se está produciendo una alimentación descontrolada de gatos y una proliferación de la población, pues, también, bastante abundante. Con las protectoras, bueno, la relación que me llega no está siendo fácil, pero sin las protectoras tampoco se está efectuando ese trabajo. Entonces, bueno, pues realmente vemos ahí ámbito de mejora.*

Durante o Goberno da Marea Atlántica tentouse oficializar e darlle soporte legal a algo que xa ocorría e é que o voluntariado se organizaba para implantar o método CER: capturar os gatos, esterilizalos e retornalos ao seu lugar para mantelos sans en benestar e

*Durante el Gobierno de la Marea Atlántica se intentó oficializar y darle soporte legal a algo que ya ocurría y es que el voluntariado se organizaba para implantar el método CER: capturar los gatos, esterilizarlos y retornarlos a su lugar para mantenerlos sanos en bienestar*

tamén en condicións de salubridade no espazo público. O Concello financiaba as esterilizacións, as desparasitacións e as casetas e as asociacións protectores organizaban o voluntariado, a alimentación, a hixiene, a limpeza e, sobre todo, pois, as capturas dos gatos para levalos á clínica veterinaria. O sistema podía ser mellorable, seguro que se pode mellorar todo, o que non se entende é que a medida que se vai gañando experiencia e que o sistema xa vai rodando, pois, se retroceda e se desbarate o que xa viña funcionando. A nosa sensación é que o Goberno actual, socialista, nunca mirou con moi bos ollos estes convenios coas asociacións protectoras. Ao principio falou de substituílos polo traballo, polos servizos dalgunha empresa. Iso non se chegou a materializar ante a protesta que houbo no seu momento. Logo se substituíu o convenio —que antes non tiña transferencias económicas, despois si pasou a telas— e se pasou, se trasladou ás asociacións protectoras toda a carga administrativa de xestión das solicitudes —da xustificación— algo que antes non existía e que está dando bastantes problemas. O certo é que dá problemas e as protectoras se queixan de que todo son trabas burocráticas: os convenios se asinan tarde, dependen da aprobación dos orzamentos, dependen das xustificacións económicas, están tendo que devolver diñeiro que elas tiveron que adiantar ante a tardía dos pagos, pero, sobre todo, se queixan de falta de claridade: cales son os gastos que se poden subvencionar, cales son os que non, que diferencia unha esterilización dunha intervención cirúrxica, etc. Entón, trasladamos aquí dúas peticións: unha é que a concellería se xunte coas asociacións protectoras e entendan realmente —mutuamente— cales son as esixencias do seu traballo, que necesitan as protectoras e que necesita o Concello de cara á

*y también en condiciones de salubridad en el espacio público. El Ayuntamiento financiaba las esterilizaciones, las desparasitaciones y las casetas y las asociaciones protectoras organizaban el voluntariado, la alimentación, la higiene, la limpieza y, sobre todo, pues, las capturas de los gatos para llevarlos a la clínica veterinaria. El sistema podía ser mejorable, seguro que se puede mejorar todo, lo que no se entiende es que a medida que se va ganando experiencia y que el sistema ya va rodando, pues, se retroceda y se desbarate lo que ya venía funcionando. Nuestra sensación es que el Gobierno actual, socialista, nunca miró con muy buenos ojos estos convenios con las asociaciones protectoras. Al principio habló de sustituirlos por el trabajo, por los servicios de alguna empresa. Eso no se llegó a materializar ante la protesta que hubo en su momento. Después se sustituyó el convenio —que antes no tenía transferencias económicas, después sí pasó a tenerlas— y se pasó, se trasladó a las asociaciones protectoras toda la carga administrativa de gestión de las solicitudes —de la justificación— algo que antes no existía y que está dando bastantes problemas. Lo cierto es que da problemas y las protectoras se quejan de que todo son trabas burocráticas: los convenios se firman tarde, dependen de la aprobación de los presupuestos, dependen de las justificaciones económicas, están teniendo que devolver dinero que ellas tuvieron que adelantar ante la tardanza de los pagos, pero, sobre todo, se quejan de falta de claridad: cuáles son los gastos que se pueden subvencionar, cuáles son los que no, qué diferencia una esterilización de una intervención quirúrgica, etc. Entonces, trasladamos aquí dos peticiones: una es que la concejalía se junte con las asociaciones protectoras y entiendan realmente —mutuamente— cuáles son las exigencias de su trabajo, qué necesitan las protectoras y qué necesita el Ayuntamiento*

xustificación, e tamén nos piden que se leve a cabo unha campaña grande de esterilización coa concesionaria e os servizos que conta o Concello para evitar a proliferación de camadas na primavera en barrios que non teñen unha colonia felina controlada. Nada máis, moitas grazas.

*de cara a la justificación, y también nos piden que se lleve a cabo una campaña grande de esterilización con la concesionaria y los servicios que cuenta el Ayuntamiento para evitar la proliferación de camadas en primavera en barrios que no tienen una colonia felina controlada. Nada más, muchas gracias.*

**Señora Fontán Prado**

Señora García, penso que anda vostede un pouco mal informada.

**Ás dezaoito horas e oito minutos entra no Salón de Sesións o señor Varela Vázquez.**

Vamos poñernos en contexto, porque hai cousas como cargas burocráticas. Eu, máis que cargas burocráticas pensei que o que estamos realizando era facilitando unha seguridade xurídica a alguén a quen lle estamos entregando unha subvención económica para que faga un labor. Pero vamos a situarnos en contexto. No ano 2018 o Goberno municipal da Marea Atlántica asinou os primeiros convenios coas asociacións de protección animal para o mantemento de colonias felinas despois de dous anos traballando nese senso. Nestes convenios non se artellaba ningunha subvención, senón que se prevía unha cantidade máxima de 8.000 euros para sufragar os gastos anuais en esterilizacións, asumindo o Concello a maiores os gastos de alimentación. Ao tempo, todas as esterilizacións debían ser programadas con antelación polo Servizo de Medio Ambiente, limitándose a colaboración das asociacións ao mantemento das colonias, alimentación dos gatos e creación dun censo, así como tamén á obriga de levalos ao veterinario, sendo este quen facturaba ao Concello. Este modelo amosou non ser efectivo, como as mesmas asociacións nos dixeron a nós na concellería, posto que o nivel de

***Señora Fontán Prado***

*Señora García, creo que anda usted un poco mal informada.*

***A las dieciocho horas y ocho minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Varela Vázquez.***

*Vamos a ponernos en contexto, porque hay cosas como cargas burocráticas. Yo, más que cargas burocráticas pensé que lo que estamos realizando era facilitando una seguridad jurídica a alguien a quien le estamos entregando una subvención económica para que haga una labor. Pero vamos a situarnos en contexto. En el año 2018 el Gobierno municipal de la Marea Atlántica firmó los primeros convenios con las asociaciones de protección animal para el mantenimiento de colonias felinas después de dos años trabajando en ese sentido. En estos convenios no se articulaba ninguna subvención, sino que se preveía una cantidad máxima de 8.000 euros para sufragar los gastos anuales en esterilizaciones, asumiendo el Ayuntamiento a mayores los gastos de alimentación. Al tiempo, todas las esterilizaciones debían ser programadas con antelación por el Servicio de Medio Ambiente, limitándose la colaboración de las asociaciones al mantenimiento de las colonias, alimentación de los gatos y creación de un censo, así como también a la obligación de llevarlos al veterinario, siendo este quien facturaba al ayuntamiento. Este modelo mostró no ser efectivo, como las mismas asociaciones*


3. ¿Va a tener una entrada independiente desde el exterior o por el contrario se va a acceder desde el interior del edificio?

*4. Se se accede polo exterior, van modificar as fachadas aprobadas no actual proxecto antes de a finalización das obras?*

4. Si se accede por el exterior, ¿se van a modificar las fachadas aprobadas en el actual proyecto antes de la finalización de las obras?

**Décimo sexta. Pregunta de resposta escrita sobre local denunciado no barrio das Roseiras.**

***Décimo sexta. Pregunta de respuesta escrita sobre local denunciado en el barrio de Los Rosales.***

*1. Que di o informe de xaneiro de 2022, ao que se refire na súa resposta, sobre a actividade do local? Se é posible, solicítase copia do devandito informe.*

1. ¿Qué dice el informe de enero de 2022, al que se refiere en su respuesta, sobre la actividad del local? Si es posible, se solicita copia de dicho informe.

*2. Que di o informe do 18/12/2020 do enxeñeiro municipal, ao que se refire na súa resposta, sobre a instalación da cheminea no local? Se é posible, solicítase copia do devandito informe.*

**5º. Rogos.**

**Rogos orais.**

**Presidencia**

Pasamos xa ós rogos orais. O primeiro deles da señora Soneira.

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA.**

**Único. Rogo oral relativo ós novos bancos de pedra da rúa Compostela.**

**Señora Soneira Lema**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Bueno, eu había... este rogo creo que... non sei cal é o procedemento, pero vin que xa está resolto este problema, porque a verdad me parecía que os bancos tal como estaban... como se estaban a facer, pois que eran bastante peligrosos, non? sobre todo para os nenos e nenas, que ademais hai moita afluencia, non? deles aí na rúa Compostela. Por tanto, retiro, retiro este rogo.

**Ás dezaoito horas e corenta e un minutos sae do Salón de Sesións a señora Martínez Acón.**

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Soneira.

Turno para a señora Faraldo.

2. ¿Qué dice el informe del 18/12/2020 del ingeniero municipal, al que se refiere en su respuesta, sobre la instalación de la chimenea en el local? Si es posible, se solicita copia de dicho informe.

***5º. Ruegos.***

***Ruegos orales.***

***Presidencia***

*Pasamos ya a los ruegos orales. El primero de ellos de la señora Soneira.*

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA D.ª SUSANA SONEIRA LEMA.***

***Único. Ruego oral relativo a los nuevos bancos de piedra de la calle Compostela.***

***Señora Soneira Lema***

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Bueno, yo había... este ruego creo que... no sé cauál es el procedimiento, pero vi que ya está resuelto este problema, porque la verdad me parecía que los bancos tal como estaban... como se estaban haciendo, pues que eran bastante peligrosos, ¿no? sobre todo para los niños y niñas, que además hay mucha afluencia, ¿no? de ellos ahí en la calle Compostela. Por tanto, retiro, retiro este ruego.*

***A las dieciocho horas y cuarenta y un minutos sale del Salón de Sesiones la señora Martínez Acón.***

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Soneira.*

*Turno para la señora Faraldo.*

**<u>ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª ISABEL FARALDO CALVO</u>**

**Primeiro. Rogo oral sobre impulsar o cambio de denominación do Teatro Colón a Teatro María Casares.**

**<u>Señora Faraldo Calvo</u>**

Bueno, vamos alá. Eu vou a seguir ca teima por se dera os seus frutos.

Impulsar o cambio de denominación do Teatro Colón a Teatro María Casares. Si, si, señora alcaldesa, si, si.

No mes de maio defendín unha moción presentada en nome de 17 asociacións culturais da cidade solicitando o cambio de nomeamento do Teatro Colón a Teatro María Casares. Tanto o PP como o PSOE votaron en contra, pero o 21 de novembro, previo o pase da película documental de Xabier Villaverde "María Casares, a muller que viviu mil vidas" houbo unha concentración ante o Teatro Colón que volvía a solicitar o cambio de nomeamento. Non só esto, senón que antes de comezar o paso, o propio director, Villaverde, insistiu sobre a oportunidade de darlle o nome ó Teatro da insigne actriz, insistindo que non se entendía que esta enorme figura da interpretación nada na nosa cidade non tivese un teatro que a homenaxeara levando o seu nome, e ese teatro non pode ser outro que o Teatro Colón, cuxo nome actual non ten arraigo algún coa cidade.

O motivo deste rogo é que a propia alcaldesa en presencia de todo o auditorio falou da conveniencia dese cambio e dese recoñecemento, pudendo entender esto como un cambio de postura do Goberno do Concello.

***<u>RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR LA CONCEJALA NO ADSCRITA D.ª ISABEL FARALDO CALVO</u>***

***Primero. Ruego oral sobre impulsar el cambio de denominación del Teatro Colón a Teatro María Casares.***

***<u>Señora Faraldo Calvo</u>***

*Bueno, vamos allá. Yo voy a seguir con el empeño por si diera sus frutos.*

*Impulsar el cambio de denominación del Teatro Colón a Teatro María Casares. Sí, sí, señora alcaldesa, sí, sí.*

*En el mes de mayo defendí una moción presentada en nombre de 17 asociaciones culturales de la ciudad solicitando el cambio de nombramiento del Teatro Colón a Teatro María Casares. Tanto el PP como el PSOE votaron en contra, pero el 21 de noviembre, previo el pase de la película documental de Xabier Villaverde "María Casares, la mujer que vivió mil vidas" hubo una concentración ante el Teatro Colón que volvía a solicitar el cambio de nombramiento. No solo esto, sino que antes de comenzar el paso, el propio director, Villaverde, insistió sobre la oportunidad de darle el nombre al Teatro de la insigne actriz, insistiendo que no se entendía que esta enorme figura de la interpretación nacida en nuestra ciudad no tuviera un teatro que la homenajeara llevando su nombre, y ese teatro no puede ser otro que el Teatro Colón, cuyo nombre actual no tiene arraigo alguno con la ciudad..*

*El motivo de este ruego es que la propia alcaldesa en presencia de todo el auditorio habló de la conveniencia de ese cambio y de ese reconocimiento, pudiendo entender esto como un cambio de postura del Gobierno del Ayuntamiento.*

Rogo, tras escoitar as palabras da alcaldesa, que desde o Goberno local se impulse a petición á Presidencia da Deputación a fin de propoñer, propiciar e apoiar que o Teatro Colón pase a chamarse Teatro María Casares.

*Ruego, tras escuchar las palabras de la alcaldesa, que desde el Gobierno local se impulse la petición a la Presidencia de la Diputación a fin de proponer, propiciar y apoyar que el Teatro Colón pase a llamarse Teatro María Casar.*

**Segundo. Rogo oral sobre reparación das humidades nos locais baixo a pista deportiva da Sagrada Familia.**

***Segundo. Ruego oral sobre reparación de las humedades en los locales bajo la pista deportiva de la Sagrada Familia.***

Reparación das humidades nos locais baixo a piscina deportiva da Sagrada Familia.

*Reparación de las humedades en los locales bajo a piscina deportiva de la Sagrada Familia.*

No mes de maio presentabamos tamén outra moción para a reparación das filtracións de humidade no local cedido á Cociña Económica a carón da pista deportiva da Sagrada Familia, moción que ademais foi aprobada por unanimidade do Pleno. Sete meses despois, a día de hoxe, non só sigue na mesma situación, senón que ademais comprobamos que tamén no local contiguo que utiliza o persoal de Cespa, o servizo de limpeza sufre o mesmo problema, que ademais de inundar as paredes ennegrecidas de moho, botou a perder parte do material que os traballadores utilizan para as súas tarefas. A pintura utilizada para as bancadas exteriores da pista de tenis presenta xa desperfectos, sobre todo nas xuntas. As filtracións seguen xerando desperfectos ós locais. Estos non foron reparados, nin limpados, nin pintados.

*En el mes de mayo presentábamos también otra moción para la reparación de las filtraciones de humedad en el local cedido a la Cocina Económica al lado de la pista deportiva de la Sagrada Familia, moción que además fue aprobada por unanimidad del Pleno. Siete meses después, a día de hoy, no solo sigue en la misma situación, sino que además comprobamos que también en el local contiguo que utiliza el personal de Cespa, el servicio de limpieza sufre el mismo problema, que además de inundar las paredes ennegrecidas de moho, echó a perder parte del material que los trabajadores utilizan para sus tareas. La pintura utilizada para las bancadas exteriores de la pista de tenis presenta ya desperfectos, sobre todo en las juntas. Las filtraciones siguen generando desperfectos a los locales. Estos no fueron reparados, ni limpiados, ni pintados.*

Rogamos se cumpla co acordado na moción e se fagan as reparacións precisas, pois comeza a ser un risco na saúde de persoas que utilizan esos locais e xa hai avisos de denuncias.

*Rogamos se cumpla con lo acordado en la moción y se hagan las reparaciones precisas, pues comienza a ser un riesgo en la salud de personas que utilizan esos locales y ya hay avisos de denuncias.*

**Terceiro. Rogo oral sobre mellora do espazo canino no parque de Santa Margarita.**

***Tercero. Ruego oral sobre mejora del espacio canino en el parque de Santa Margarita.***

Mellora do espazo canino no parque de Santa Margarida.

*Mejora del espacio canino en el parque de Santa Margarita.*

Tras varios días pechados para cuestións de reparacións neste espacio, e tras a súa apertura, usuarios puideron comprobar que só se arranxaron as fontes de auga do espazo, desaproveitando a oportunidade para outras melloras precisas, como o punto de aseo dos animais que está en absoluto deterioro, tal e como amosan as fotos que se adxuntan. Faltan puntos de luz, non se limpou a marquesina onde se guarecen usuarios e usuarias, e o terreo que precisaría de adecuacións nalgunhas zonas quedou como estaba.

*Tras varios días cerrados para cuestiones de reparaciones en este espacio, y tras su apertura, usuarios pudieron comprobar que solo se arreglaron las fuentes de agua del espacio, desaprovechando la oportunidad para otras mejoras necesarias, como el punto de aseo de los animales que está en absoluto deterioro, tal y como muestran las fotos que se adjuntan. Faltan puntos de luz, no se limpió la marquesina donde se guarecen usuarios y usuarias, y el terreno que precisaría de adecuaciones en algunas zonas se quedó como estaba.*

Rogamos se tomen en serio o adecentamento dos espacios caninos e se acometan as debidas reparacións pendentes no parque de Santa Margarita.

*Rogamos se tomen en serio el adecentamiento de los espacios caninos y se acometan las debidas reparaciones pendientes en el parque de Santa Margarita.*

**Cuarto. Rogo oral sobre ampliar os contedores en zonas do centro ou mellorar o servizo de recollida.**

***Cuarto. Ruego oral sobre ampliar los contenedores en zonas del centro o mejorar el servicio de recogida.***

Ampliar os contenedores en zonas do centro ou mellorar o servizo de recollida.

*Ampliar los contenedores en zonas del centro o mejorar el servicio de recogida.*

Quéixase a veciñanza da zona, paseantes e comerciantes, da deplorable situación que se dá nos contedores dalgunhas rúas do centro, onde a escasez destos en proporción á necesidade de uso e o desborde dos mesmos fai que o lixo ocupe as beirarrúas, enchendo estas de bolsas, caixas e outros desperdicios. San Andrés, calle Galera, Olmos, rúa Sol son algúns dos puntos.

*Se queja el vecindario de la zona, paseantes y comerciantes, de la deplorable situación que se da en los contenedores de algunas calles del centro, donde la escasez de estos en proporción a la necesidad de uso y el desborde de los mismos hace que la basura ocupe las aceras, llenando estas de bolsas, cajas y otros desperdicios. San Andrés, calle Galera, Olmos, calle Sol son algunos de los puntos.*

Rogamos se tomen as medidas oportunas para evitar escenas como as que se reproducen nas fotos que se adxuntan, atopando todo o lixo desbordado no entorno dos contenedores, sendo ademais

*Rogamos se tomen las medidas oportunas para evitar escenas como las que se reproducen en las fotos que se adjuntan, encontrando toda la basura desbordada en el entorno de los contenedores, siendo*

dunha porquería insalubre, un problema de mala imaxen para a cidade.

*además de una porquería insalubre, un problema de mala imagen para la ciudad.*

**Quinto. Rogo oral sobre a estación BiciCoruña no barrio da 2ª Fase de Elviña, Birloque, San Cristovo.**

***Quinto. Ruego oral sobre la estación BiciCoruña en el barrio de la 2.ª Fase de Elviña, Birloque, San Cristovo .***

Estación bicicoruña no barrio da 2ª Fase de Elviña, Birloque, San Cristóbal.

*Estación BiciCoruña en el barrio de la 2.ª Fase de Elviña , Birloque, San Cristóbal.*

Non existindo en toda a zona que delimitan estos barrios unha estación de BiciCoruña, solicitan se lles teña en conta nas seguintes implantacións de ubicación das mesmas e darlle preferencia á zona, por ser barrios que non teñen acceso a este medio de transporte.

*No existiendo en toda la zona que delimitan estos barrios una estación de BiciCoruña, solicitan se les tenga en cuenta en las siguientes implantaciones de ubicación de las mismas y darle preferencia a la zona, por ser barrios que no tienen acceso la este medio de transporte.*

Permítaseme rematar felicitándolle a todos e a todas as festas e agora si, como guinda final, parabenizar pola elección da Coruña como sede da Axencia de Intelixencia Artificial para orgullo de coruñeses, coruñesas, galegos e galegas.

*Permítaseme finalizar felicitando a todos y a todas las fiestas y ahora sí, como guinda final, felicitar por la elección de A Coruña como sede de la Agencia de Inteligencia artificial para orgullo de coruñeses, coruñesas, gallegos y gallegas.*

Felices festas.

*Felices fiestas.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señora Faraldo.

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

Turno para o BNG, señor Jorquera.

*Turno para el BNG, señor Jorquera.*

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Primeiro. Rogo oral sobre a reforma e ampliación do parque infantil da Sardiñeira.**

***Primero. Ruego oral sobre la reforma y ampliación del parque infantil de la Sardiñeira.***

**Señor Jorquera Caselas**

***Señor Jorquera Caselas***

Grazas.

*Gracias.*

Rogo sobre a reforma e ampliación do

*Ruego sobre la reforma y ampliación del*

parque infantil da Sardiñeira.

Como puido constatar o Grupo Municipal do BNG nunha recente visita a este lugar, o parque infantil da Sardiñeira, sito na parte traseira do centro cívico dos Mallos, presenta un importante estado de deterioración. Entre outras deficiencias, o pavimento amortiguador presenta numerosos buratos e rachaduras, co conseguinte perigo de tropezóns e caídas. As fontes carecen de auga e hai instalacións de xogos que non foron debidamente reparadas. Algúns dos xogos mesmo presentan elementos cortantes que poden mancar as crianzas. Ademais, a herba que separa as dúas pequenas zonas de xogo e que se estende por toda a contorna do parque infantil ten numerosas fochancas e cando chove convértese nunha lameira. Por iso pais e nais reclaman que se asegure o correcto mantemento do manto vexetal e que o pavimento amortiguador comunique as dúas áreas de xogo.

As veciñas e veciños alertan tamén de que este espazo fica cheo de sucidade nos días nos que se celebra feirón nas proximidades do parque. Pese a ser un problema recurrente, é habitual que pasen días até que se proceda á limpeza.

A veciñanza tamén solicita que as zonas de xogo se amplíen e que se instalen novos xogos para rapaces e rapazas de maior idade, pois os xogos existentes están pensados só para as crianzas máis cativas.

Pese a que as veciñas e veciños conseguiron que a proposta que contempla estas actuacións fose seleccionada nos orzamentos participativos, non teñen información de cando se levará a cabo, pese a ser unha intervención simple e pouco custosa.

*parque infantil de la Sardiñeira.*

*Como pudo constatar el Grupo Municipal del BNG en una reciente visita a este lugar, el parque infantil de la Sardiñeira, sito en la parte trasera del centro cívico de Os Mallos, presenta un importante estado de deterioro. Entre otras deficiencias, el pavimento amortiguador presenta numerosos agujeros y roturas, con el consiguiente peligro de traspiés y caídas. Las fuentes carecen de agua y hay instalaciones de juegos que no fueron debidamente reparadas. Algunos de los juegos incluso presentan elementos cortantes que pueden dañar a los niños. Además, la hierba que separa las dos pequeñas zonas de juego y que se extiende por todo el entorno del parque infantil tiene numerosos baches y cuando llueve se convierte en un lodazal. Por eso padres y madres reclaman que se asegure el correcto mantenimiento del manto vegetal y que el pavimento amortiguador comunique las dos áreas de juego.*

*Las vecinas y vecinos alertan también de que este espacio queda lleno de suciedad en los días en los que se celebra feria en las proximidades del parque. Pese a ser un problema recurrente, es habitual que pasen días hasta que se proceda a la limpieza.*

*El vecindario también solicita que las zonas de juego se amplíen y que se instalen nuevos juegos para niños y niñas de mayor edad, pues los juegos existentes están pensados solo para los niños más pequeños.*

*Pese a que las vecinas y vecinos consiguieron que la propuesta que contempla estas actuaciones fuera seleccionada en los presupuestos participativos, no tienen información de cuándo se llevará a cabo, pese a ser una intervención simple y poco costosa.*

Polas razóns devanditas, o Grupo Municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal leve a cabo as accións necesarias para asegurar a limpeza e o correcto mantemento do parque infantil da Sardiñeira e para que se acometa coa máxima celeridade posíbel a súa reforma e ampliación conforme ós criterios mencionados na exposición de motivos deste rogo.

*Por las razones dichas, el Grupo Municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal lleve a cabo las acciones necesarias para asegurar la limpieza y el correcto mantenimiento del parque infantil de la Sardiñeira y para que se acometa con la máxima celeridad posible su reforma y ampliación conforme a los criterios mencionados en la exposición de motivos de este ruego.*

**Segundo. Rogo oral sobre a restauración e posta en valor do castelo de Eirís.**

***Segundo. Ruego oral sobre la restauración y puesta en valor del castillo de Eirís.***

Rogo sobre a restauración e posta en valor do castelo de Eirís.

*Ruego sobre la restauración y puesta en valor del castillo de Eirís.*

A veciñanza de Eirís alerta da deterioración e falla de protección do actualmente coñecido como castelo de Eirís. Esta edificación atópase integrada no parque de Eirís e está catalogada como Ben de Interese Cultural. O castelo é unha casa forte actualmente en ruínas que se construíu entre 1636 e 1655 e que pola súa posición privilexiada estivo relacionada con feitos relevantes da historia da Coruña. As veciñas e veciños advirten do mal uso desta edificación histórica. Entre outras incidencias hai xente que adoita sentarse nos seus muros, ou rapaces que a usan como espazo de xogo gabeando polas súas paredes. A todo isto contribúe unha sinalización pouco visíbel e a escasa vixianza.

*El vecindario de Eirís alerta del deterioro y falta de protección del actualmente conocido como castillo de Eirís. Esta edificación se encuentra integrada en el parque de Eirís y está catalogada como Bien de Interés Cultural. El castillo es una casa fuerte actualmente en ruinas que se construyó entre 1636 y 1655 y que por su posición privilegiada estuvo relacionada con hechos relevantes de la historia de A Coruña. Las vecinas y vecinos advierten del mal uso de esta edificación histórica. Entre otras incidencias hay gente que suele sentarse en sus muros, o chicos que la usan como espacio de juego ascendiendo por sus paredes. A todo esto contribuye una señalización poco visible y la escasa vigilancia.*

A veciñanza alerta de que esta situación acentúa a deterioración dos restos do castelo e reclama medidas de protección e a súa restauración e posta en valor.

*El vecindario alerta de que esta situación acentúa el deterioro de los restos del castillo y reclama medidas de protección y su restauración y puesta en valor.*

Polas razóns devanditas, o Grupo Municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal leve a cabo as accións necesarias para asegurar

*Por las razones dichas, el Grupo Municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal leve a cabo las acciones necesarias para*

a protección do castelo de Eirís mellorando, entre outras actuacións, a vixiancia e a sinalización, e que o Goberno municipal leve a cabo as accións necesarias para asegurar a restauración e posta en valor deste castelo.

*asegurar la protección del castillo de Eirís mejorando, entre otras actuaciones, la vigilancia y la señalización, y que el Gobierno municipal lleve a cabo las acciones necesarias para asegurar la restauración y puesta en valor de este castillo.*

**Terceiro. Rogo oral sobre o proxecto de economías social "Mulleres colleiteiras".**

***Tercero. Ruego oral sobre el proyecto de economías social "Mujeres cosecheras".***

Rogo oral relativo ó proxecto de economía social "Mulleres colleiteiras".

*Ruego oral relativo al proyecto de economía social "Mujeres cosecheras".*

"Mulleres colleiteiras" é un proxecto de economía social que procura a inserción social e laboral de mulleres en risco de exclusión social a través da recollida, tratamento e valorización de aceites usados. Na actualidade son nove as persoas empregadas na cooperativa, porén hai varios problemas que eivan o desenvolvemento deste proxecto exemplar. Dunha banda, o Concello da Coruña está incumprindo os seus compromisos no que atinxe á instalación de colectores de aceite. O Concello comprometérase a instalar 20 novos contedores anuais, a sumar ós 76 xa existentes, para acadar en 2023 a cifra total de 125.

*"Mujeres cosecheras" es un proyecto de economía social que procura la inserción social y laboral de mujeres en riesgo de exclusión social a través de la recogida, tratamiento y valorización de aceites usados. En la actualidad son nueve las personas empleadas en la cooperativa, sin embargo hay varios problemas que lastran el desarrollo de este proyecto ejemplar. Por una parte, el Ayuntamiento de A Coruña está incumpliendo sus compromisos en lo relativo a la instalación de colectores de aceite. El Ayuntamiento se había comprometido a instalar 20 nuevos contenedores anuales, a sumar a los 76 ya existentes, para alcanzar en 2023 la cifra total de 125.*

Así, desde o pasado verán tiñan que estar instalados 29 novos colectores, os 20 anuais máis outros nove que non se instalaron en anos anteriores e os 20 restantes en 2023. O obxectivo que se persegue, que calquera veciña ou veciño teña un contedor a menos de 150 metros da súa vivenda. Porén, no que levamos de ano non se instalou ningún.

*Así, desde el pasado verano tenían que estar instalados 29 nuevos colectores, los 20 anuales más otros nueve que no se instalaron en años anteriores y los 20 restantes en 2023. El objetivo que se persigue, que cualquier vecina o vecino tenga un contenedor a menos de 150 metros de su vivienda. Sin embargo, en lo que llevamos de año no se instaló ninguno.*

Doutra banda, o roubo de aceite para a súa comercialización por canles ilegais está facendo que tras anos de suba do 30 % na recollida e tratamento, no último ano se reducisen os litros de aceite

*Por otro lado, el robo de aceite para su comercialización por canales ilegales está haciendo que tras años de subida del 30% en la recogida y tratamiento, en el último año se redujeran los litros de aceite*

recollidos. O roubo sistemático de aceite non só causa un importante prexuízo a "Mulleres colleiteiras", senón que pode ocasionar un grave problema de saúde pública, dado que o aceite roubado se comercializa sen control e as debidas garantías sanitarias.

*recogidos. El robo sistemático de aceite no solo causa un importante perjuicio a "Mujeres cosecheras", sino que puede ocasionar un grave problema de salud pública, dado que el aceite robado se comercializa sin control y las debidas garantías sanitarias.*

Polas razóns devanditas, o Grupo Municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal cumpra os compromisos adquiridos e dea as instrucións oportunas para que se proceda á maior brevidade á instalación dos novos colectores de aceite a sumar ós xa existentes de xeito que en 2023 se cumpra o obxectivo de que haxa un total de 125 colectores no termo municipal da Coruña; que o Goberno municipal leve a cabo as accións necesarias, coordenándose coa Subdelegación do Goberno e dando as instrucións oportunas á Policía Local, para intentar evitar o roubo sistemático de aceite usado depositado nos colectores e emprender todas as accións legais que sexan necesarias contra os responsábeis destes actos delictivos.

*Por las razones dichas, el Grupo Municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal cumpla los compromisos adquiridos y dé las instrucciones oportunas para que se proceda a la mayor brevedad a la instalación de los nuevos colectores de aceite a sumar a los ya existentes de manera que en 2023 se cumpla el objetivo de que haya un total de 125 colectores en el término municipal de A Coruña; que el Gobierno municipal leve a cabo las acciones necesarias, coordinándose con la Subdelegación del Gobierno y dando las instrucciones oportunas a la Policía Local, para intentar evitar el robo sistemático de aceite usado depositado en los colectores y emprender todas las acciones legales que sean necesarias contra los responsables de estos actos delictivos.*

**Cuarto. Rogo oral sobre a protección dos murais de Urbano Lugrís situados no edificio do número 25 da rúa Olmos.**

***Cuarto. Ruego oral sobre la protección de los murales de Urbano Lugrís situados en el edificio del número 25 de la calle Olmos.***

Rogo sobre a protección dos murais de Urbano Lugrís situados no edificio do número 25 da rúa dos Olmos.

*Ruego sobre la protección de los murales de Urbano Lugrís situados en el edificio del número 25 de la calle de los Olmos.*

Urbano Lugrís foi un dos principais artistas plásticos coruñeses do século XX. Entre as súas múltiples facetas artísticas, destaca a de muralista, con numerosas obras presentes na nosa cidade. Un edificio que acolle varios murais de Urbano Lugrís é o situado no número 25 da rúa Olmos. Porén este edificio, pese a estar situado nun barrio emblemático da nosa cidade, como é a Pescaría, e estar

*Urbano Lugrís fue uno de los principales artistas plásticos coruñeses del siglo XX. Entre sus múltiples facetas artísticas, destaca la de muralista, con numerosas obras presentes en nuestra ciudad. Un edificio que acoge varios murales de Urbano Lugrís es el ubicado en el número 25 de la calle Olmos. Sin embargo este edificio, pese a estar situado en un barrio emblemático de nuestra ciudad, como es la*

dentro da delimitación do ámbito do PEPRI, presenta un lamentábel estado de abandono e deterioración que entre outras incidencias provoca filtracións de auga ó seu interior e a caída de cascotes. Esta última incidencia provocou unha intervención recente dos bombeiros para inspeccionar e sanear a fachada. A situación descrita representa ademais unha ameaza para a conservación dos murais de Urbano Lugrís.

*Pescaría, y estar dentro de la delimitación del ámbito del PEPRI, presenta un lamentable estado de abandono y deterioro que entre otras incidencias provoca filtraciones de agua a su interior y la caída de cascotes. Esta última incidencia provocó una intervención reciente de los bomberos para inspeccionar y sanear la fachada. La situación descrita representa además una amenaza para la conservación de los murales de Urbano Lugrís.*

Polas razóns devanditas o Grupo Municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal leve a cabo as accións necesarias para asegurar a protección do tesouro artístico que representan os murais de Urbano Lugrís existentes no inmoble situado na rúa dos Olmos número 25 e non permita a degradación do estado de conservación do edificio que os alberga.

*Por las razones dichas el Grupo Municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal lleve a cabo las acciones necesarias para asegurar la protección del tesoro artístico que representan los murales de Urbano Lugrís existentes en el inmueble situado en la calle de los Olmos número 25 y no permita la degradación del estado de conservación del edificio que los alberga.*

**Quinto. Rogo oral sobre o CEIP Raquel Camacho.**

***Quinto. Ruego oral sobre el CEIP Raquel Camacho.***

E por último, rogo relativo ó CEIP Raquel Camacho.

*Y por último, ruego relativo al CEIP Raquel Camacho.*

Rogamos que o Goberno local acometa as obras necesarias para facer que o CEIP Raquel Camacho cumpra cos criterios básicos de accesibilidade, seguridade, salubridade e eficiencia enerxética, desenvolvendo as seguintes medidas: finalización da obra de reforma das fachadas e substitución das carpintarías do CEIP Raquel Camacho coa execución da Fase 3, que implica a parte do edificio onde están as aulas 4º e 5º de educación infantil e 1º, 2º e 3º de educación primaria; substitución das placas do tellado do patio cuberto e o remate das paredes para que o alumnado poida practicar realmente a cuberto a educación física, actividades extraescolares, organizar actuacións ou actividades de varias aulas xuntas ou de todo o centro

*Rogamos que el Gobierno local acometa las obras necesarias para hacer que el CEIP Raquel Camacho cumpla con los criterios básicos de accesibilidad, seguridad, salubridad y eficiencia energética, desarrollando las siguientes medidas: finalización de la obra de reforma de las fachadas y sustitución de las carpinterías del CEIP Raquel Camacho con la ejecución de la Fase 3, que implica la parte del edificio donde están las aulas 4º y 5º de educación infantil y 1º, 2º y 3º de educación primaria; sustitución de las placas del tejado del patio cubierto y el final de las paredes para que el alumnado pueda practicar realmente a cubierto la educación física, actividades extraescolares, organizar actuaciones o actividades de varias aulas juntas o de*

ante a ausencia dun pavillón ou dun salón de actos no centro; modernización dos baños do centro para cumprir, entre outras cuestións, co principio de accesibilidade; e, por último, rematar coa praga de couza que está a afectar visibelmente as portas deste centro de ensino infantil e primario.

*todo el centro ante la ausencia de un pabellón o de un salón de actos en el centro; modernización de los baños del centro para cumplir, entre otras cuestiones, con el principio de accesibilidad; y, por último, finalizar con la plaga de carcoma que está afectando visiblemente a las puertas de este centro de enseñanza infantil y primaria.*

Grazas.

*Gracias.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Jorquera.

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

Turno para o Partido Popular.

*Turno para el Partido Popular.*

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

**Primeiro. Rogo oral relativo ao barrio de Xuxán.**

***Primero. Ruego oral relativo al barrio de Xuxán.***

***Señor García Fernández***

**Señor García Fernández**

*Grazas, señora alcaldesa.*

Gracias, señora alcaldesa.

*Dentro das competencias que marca a Lei de Bases de Réxime Local está a de prestar un mellor servizo aos cidadáns en canto a limpeza viaria, pavimentación das vías urbanas e mellora da mobilidade. En virtude das súas competencias locais, e tendo en conta a situación na que se atopan os veciños do barrio de Xuxán, por todo iso rogo a este goberno local que realice as seguintes accións solicitadas reiteradamente polo colectivo veciñal: primeiro, mellorar a limpeza viaria do barrio xa que só dispoñen dunha soa persoa para realizala; segundo, realizar as xestións oportunas para dotar de liñas de autobús ao barrio, tendo en consideración que son xa máis de 300 familias as que residen nese barrio; instalar... terceiro,*

Dentro de las competencias que marca la Ley de Bases de Régimen Local está la de prestar un mejor servicio a los ciudadanos en cuanto a limpieza viaria, pavimentación de las vías urbanas y mejora de la movilidad. En virtud de sus competencias locales, y teniendo en cuenta la situación en que se encuentran los vecinos del barrio de Xuxán, por todo ello ruego a este gobierno local que realice las siguientes acciones solicitadas reiteradamente por el colectivo vecinal: primero, mejorar la limpieza viaria del barrio ya que solo disponen de una sola persona para realizarla; segundo, realizar las gestiones oportunas para dotar de líneas de autobús al barrio, teniendo en cuenta que son ya más de 300 familias las que residen en ese barrio; instalar... tercero, instalar una estación de BiciCoruña y una

*instalar unha estación de BiciCoruña e unha estación para limpar as bicicletas, como existen noutros barrios; e cuarto e último, cumprir coa limpeza das parcelas que están cheas de maleza, xa que as de titularidade municipal seguen estando nunha situación de lamentable abandono.*

estación para limpiar las bicicletas, como existen en otros barrios; y cuarto y último, cumplir con la limpieza de las parcelas que están llenas de maleza, ya que las de titularidad municipal siguen estando en una situación de lamentable abandono.

**Segundo. Rogo oral relativo á instalación de servizos públicos no paseo de Oza-Puntal.**

***Segundo. Ruego oral relativo a la instalación de servicios públicos en el paseo de Oza-Puntal.***

*O seguinte rogo fai referencia á instalación duns servizos públicos no paseo de Oza-Ou Puntal.*

El siguiente ruego hace referencia a la instalación de unos servicios públicos en el paseo de Oza-O Puntal.

*Os concellos teñen dentro das súas competencias e obrigacións a conservación, o mantemento e a limpeza das rúas, prazas, zonas de esparexemento e lugares de interese da cidade. É por todo iso que rogo ao Goberno de Inés Rey realice as xestións oportunas para a instalación de servizos públicos todo o ano no paseo de Oza-Puntal, tal e como solicitaron os usuarios e as entidades deportivas instaladas na zona, do mesmo xeito que existen estes servizos noutros lugares de similares características.*

Los ayuntamientos tienen dentro de sus competencias y obligaciones la conservación, el mantenimiento y la limpieza de las calles, plazas, zonas de esparcimiento y lugares de interés de la ciudad. Es por todo ello que ruego al Gobierno de Inés Rey realice las gestiones oportunas para la instalación de servicios públicos todo el año en el paseo de Oza-Puntal, tal y como han solicitado los usuarios y las entidades deportivas instaladas en la zona, al igual que existen estos servicios en otros lugares de similares características.

**Terceiro. Rogo oral relativo á actividade "O Atlántico parte de ti".**

***Tercero. Ruego oral relativo a la actividad "El Atlántico parte de ti".***

*O terceiro rogo fai referencia á actividade "O Atlántico parte de ti".*

El tercer ruego hace referencia a la actividad "El Atlántico parte de ti".

*Tendo en conta que dentro das competencias dos concellos que marca a Lei do deporte galego está a de fomentar, promover e difundir o deporte, así como a de colaborar coas entidades deportivas no deseño de actividades ou programas deportivos. Por todo iso rogo ao Goberno de Inés Rey cumpra con eses compromisos adquiridos coas entidades náuticas desta cidade, como o Real Club*

Teniendo en cuenta que dentro de las competencias de los ayuntamientos que marca la Ley del deporte gallego está la de fomentar, promover y difundir el deporte, así como la de colaborar con las entidades deportivas en el diseño de actividades o programas deportivos. Por todo ello ruego al Gobierno de Inés Rey cumpla con esos compromisos adquiridos con las entidades náuticas de esta ciudad, como el Real Club

*Náutico da Coruña, como o Mariña Coruña, como o Club Marítimo Oza, como o Club Praia de Oza e o Club do Mar de San Amaro, e realice as xestións oportunas para abonarlles os servizos desenvolvidos no programa "O Atlántico parte de ti" realizado no primeiro semestre do ano, repito, do 2022, e que a data de novembro aínda non se lles satisfixo as cantidades comprometidas.*

**Cuarto. Rogo oral relativo a instalacións deportivas.**

*O último rogo é relativo a instalacións deportivas.*

*Dentro das competencias que marca a Lei do deporte galego os concellos deben construír, xestionar e manter as instalacións de titularidade municipal, xestionando e velando pola plena utilización das mesmas e reservando nos plans de ordenación urbanística espazos e zonas para a práctica do deporte.*

*Debido á nefasta xestión do Goberno de Inés Rey en materia deportiva, ao carecer dunha política deportiva e sen a creación de infraestruturas, tivéronse que anular varios encontros de fútbol por non dispoñer de instalacións, o que provocou que as entidades deportivas tiveran que xogar fóra do termo municipal. É por todo iso que rogo ao Goberno de Inés Rey realice as xestións oportunas para cumprir coas súas competencias en materia deportiva, dada a situación de abandono na que se atopan as entidades deportivas coruñesas pola falta de instalacións para poder celebrar os adestramentos e os partidos na cidade e non teñan que facelo fose do termo municipal como tristemente está a ser xa habitual.*

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

Náutico de La Coruña, como el Marina Coruña, como el Club Marítimo Oza, como el Club Playa de Oza y el Club del Mar de San Amaro, y realice las gestiones oportunas para abonarles los servicios desarrollados en el programa "El Atlántico parte de ti" realizado en el primer semestre del año, repito, del 2022, y que a fecha de noviembre todavía no se les ha satisfecho las cantidades comprometidas.

***Cuarto. Ruego oral relativo a instalaciones deportivas.***

El último ruego es relativo a instalaciones deportivas.

Dentro de las competencias que marca la Ley del deporte gallego los ayuntamientos deben construir, gestionar y mantener las instalaciones de titularidad municipal, gestionando y velando por la plena utilización de las mismas y reservando en los planes de ordenación urbanística espacios y zonas para la práctica del deporte.

Debido a la nefasta gestión del Gobierno de Inés Rey en materia deportiva, al carecer de una política deportiva y sin la creación de infraestructuras, se han tenido que anular varios encuentros de fútbol por no disponer de instalaciones, lo que ha provocado que las entidades deportivas hayan tenido que jugar fuera del término municipal. Es por todo ello que ruego al Gobierno de Inés Rey realice las gestiones oportunas para cumplir con sus competencias en materia deportiva, dada la situación de abandono en la que se encuentran las entidades deportivas coruñesas por la falta de instalaciones para poder celebrar los entrenamientos y los partidos en la ciudad y no tengan que hacerlo fuera del término municipal como tristemente está siendo ya habitual.

Muchas gracias, señora alcaldesa.

**Quinto. Rogo oral relativo á sinalización na entrada e saída do CEIP Sae Lence.**

***Señora Cendán Gayoso***

*Rogo oral relativo á sinalización na entrada e saída do CEIP Sae Lence.*

*O pasado 17 de novembro reunímonos con tres nais do AMPA Os Castros do CEIP Sae Lence. Comentáronnos a súa preocupación pola velocidade coa que pasan os vehículos pola avenida de Oza durante o horario de entrada e saída do centro. Son 118 escolares de 3 a 12 anos, a maioría deles acompañados dalgún familiar. O Partido Popular por medio dunha pregunta oral no Pleno do 13 de xaneiro deste ano solicitou ao Goberno local a realización dunha auditoría viaria en cada contorna escolar para detectar as posibles deficiencias que puxesen en risco a seguridade de escolares e as súas familias á entrada e saída da xornada.*

*Por todo iso, rogo que para previr algún atropelo ou accidente o Goberno municipal realice as xestións oportunas e urxentes para sinalizar a avenida de Oza na contorna dos números 224 e 226, coincidentes coa entrada do colexio, cos suficientes sinais de tránsito por zona escolar colocadas en lugares ben visibles, acompañadas por dispositivos de acougado de tráfico, así como varios pasos de peóns que a DXT recomenda dotalo de materiais ou dispositivos reflectores.*

***Quinto. Ruego oral relativo a la señalización en la entrada y salida del CEIP Sal Lence.***

**Señora Cendán Gayoso**

Ruego oral relativo a la señalización en la entrada y salida del CEIP Sal Lence.

El pasado 17 de noviembre nos reunimos con tres madres del AMPA Os Castros del CEIP Sal Lence. Nos comentaron su preocupación por la velocidad con la que pasan los vehículos por la avenida de Oza durante el horario de entrada y salida del centro. Son 118 escolares de 3 a 12 años, la mayoría de ellos acompañados de algún familiar. El Partido Popular por medio de una pregunta oral en el Pleno del 13 de enero de este año solicitó al Gobierno local la realización de una auditoría vial en cada entorno escolar para detectar las posibles deficiencias que pusieran en riesgo la seguridad de escolares y sus familias a la entrada y salida de la jornada.

Por todo ello, ruego que para prevenir algún atropello o accidente el Gobierno municipal realice las gestiones oportunas y urgentes para señalizar la avenida de Oza en el entorno de los números 224 y 226, coincidentes con la entrada del colegio, con las suficientes señales de tránsito por zona escolar colocadas en lugares bien visibles, acompañadas por dispositivos de calmado de tráfico, así como varios pasos de peatones que la DGT recomienda dotarlo de materiales o dispositivos reflectantes.

**Sexto. Rogo oral relativo ao comedor do CEIP Sae Lence.**

*Rogo oral relativo ao comedor do CEIP Sae Lence.*

***Sexto. Ruego oral relativo al comedor del CEIP Sal Lence.***

Ruego oral relativo al comedor del CEIP Sal Lence.

*No comedor deste colexio comen a diario 118 nenos de entre 3 e 12 anos pertencentes ás etapas de Infantil e Primaria. A maioría son escolares dos primeiros cursos. O comedor é un espazo reducido para o número de comensais, pegado a unha caldeira e sen saída de emerxencia.*

En el comedor de este colegio comen a diario 118 niños de entre 3 y 12 años pertenecientes a las etapas de Infantil y Primaria. La mayoría son escolares de los primeros cursos. El comedor es un espacio reducido para el número de comensales, pegado a una caldera y sin salida de emergencia.

*Por todo iso rogo que este goberno realice as xestións oportunas e urxentes para facer un novo comedor que cumpra a normativa vixente e que mentres tanto habilite unha saída de emerxencia no comedor actual co fin de garantir a seguridade plena destes nenos á hora para comer.*

Por todo ello ruego que este gobierno realice las gestiones oportunas y urgentes para hacer un nuevo comedor que cumpla la normativa vigente y que mientras tanto habilite una salida de emergencia en el comedor actual con el fin de garantizar la seguridad plena de estos niños a la hora de comer.

*Grazas.*

Gracias.

**Sétimo. Rogo oral relativo ao polígono de Pocomaco.**

***Séptimo. Ruego oral relativo al polígono de Pocomaco.***

***<u>Señor Deus Álvarez</u>***

**<u>Señor Deus Álvarez</u>**

*O polígono de Pocomaco constitúe xunto a Agrela os dous enclaves principais da actividade industrial no noso municipio. É coñecida a dificultade que están a ter algunhas empresas para obter licenzas urbanísticas para acondicionar naves existentes neste polígono de Pocomaco.*

El polígono de Pocomaco constituye junto a Agrela los dos enclaves principales de la actividad industrial en nuestro municipio. Es conocida la dificultad que están teniendo algunas empresas para obtener licencias urbanísticas para acondicionar naves existentes en este polígono de Pocomaco.

*Por todo iso, solicitamos ao Goberno municipal que sendo conscientes de que o atraso na contestación das solicitudes de licenza e a demora na obtención das mesmas provoca grandes prexuízos económicos non só á empresa, senón tamén ao emprego da nosa cidade, se estableza así un diálogo fluído con estas empresas desde a Concellería de Urbanismo; que se unifiquen os criterios técnicos e xurídicos; e que se axilice a tramitación destas solicitudes, posto que estas demoras están a lastrar a expansión da actividade de moitas empresas e a*

Por todo ello, solicitamos al Gobierno municipal que siendo conscientes de que el retraso en la contestación de las solicitudes de licencia y la demora en la obtención de las mismas provoca grandes perjuicios económicos no solo a la empresa, sino también al empleo de nuestra ciudad, se establezca así un diálogo fluido con estas empresas desde la Concejalía de Urbanismo; que se unifiquen los criterios técnicos y jurídicos; y que se agilice la tramitación de estas solicitudes, puesto que estas demoras están lastrando la expansión de la actividad de muchas empresas y la

*creación de emprego.*

creación de empleo.

*Moitas grazas.*

Muchas gracias.

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, pois ata aquí este pleno, e aínda que estou segura que nos imos ver, aproveito tamén para desexarlles boas festas. Xa saben que hai dúas maneiras de pasar o Nadal: ben ou en familia. Así que se lles toca esta segunda opción, pois agardo que teñan paciencia.

*Bien, pues hasta aquí este pleno, y aunque estoy segura de que nos vamos a ver, aprovecho también para desearles buenas fiestas. Ya saben que hay dos maneras de pasar la Navidad: bien o en familia. Así que si les toca esta segunda opción, pues espero que tengan paciencia.*

Quedan 19 días deste 2022, Ano Internacional María Casares. O ano que vén celebraremos o centenario do falecemento de Manuel Murguía, pero xa aproveito para dicirlle, señor Jorquera, que ten un cole e unha rúa.

*Quedan 19 días de este 2022, Año Internacional María Casares. El año que viene celebraremos el centenario del fallecimiento de Manuel Murguía, pero ya aprovecho para decirle, señor Jorquera, que tiene un cole y una calle.*

Así que imos tomar o ano tamén con calma e vémonos pronto. Moitas grazas a todos.

*Así que vamos a tomar el año también con calma y nos vemos pronto. Muchas gracias a todos.*

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás dezasete horas e un minuto, a Presidencia remata a sesión, e redáctase a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

*No habiendo más asuntos que tratar, y a las diecisiete horas y un minuto, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*